

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20

SESION ORDINARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día trinta de outubro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago

Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretaria Xeral Accidental do Pleno D^a Susana Gallardo Fariña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores/as iniciamos sesión do Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada por orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(181).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 31.07.19).

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 31 de xullo de 2019.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(182).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO. EXPTE. 64/142 (REXISTRO PLENO 2188/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 2.10.2019, que di o que segue,

“De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, abriuse a plataforma do Ministerio de Facenda para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2020.

ANTECEDENTES

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Con data 22 de xullo iniciouse o procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2020.

En cumprimento da Resolución de esta Alcaldía de 23 de xullo de 2020, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2020, que figuran no documento anexado ao expediente con data de sinatura de 05/08/2019 .

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitiuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC - 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2020.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión das mesmas antes das 24 horas do día 13 de setembro de 2019.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.10.19, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2020 que este Concello, este goberno remitiu en tempo e forma ao Ministerio de Facenda do goberno de España, hai que dicir que estabilidade política da que goza a cidade, despois das últimas elección de maio deste ano, permite a este goberno traballar na formación do Orzamento para o ano 2020 e programar todas aquelas actividades que permiten facer desta cidade, unha cidade atractiva, dinámica, social, emprendedora e a cidade que ocupa o posto líder nas cidades da comunidade autónoma de Galicia, neste senso por decreto do Alcalde do 23 xullo, encomendouse á redacción das Liñas fundamentais do orzamento que como digo foron remitidas ao Ministerio de Facenda o 13 de setembro deste mesmo ano. Se trata dun feito que hai que destacar porque tan só en Galicia só dúas cidades no ano 2019 contaron con Orzamento polo tanto, Vigo é unha das cidades que contou con orzamento no ano 2019 e contará tamén cun orzamento en tempo e forma para o ano 2020, polo tanto, adicando tódolos recursos necesarios á cidadanía, adicando tódolos recursos a mellorar as condicións de vida dos vigueses/as e adicando tódolos recursos ás persoas da cidade que o necesitan.

Estas Liñas Fundamentais se elaboran nun contexto como saben de débeda cero que como saben non debemos nada a ningún banco nin tampouco a provedores, na que gozamos dun alto nivel de autonomía fiscal contando con aliados estratéxicos noutras administracións, singularmente no goberno do estado español, no goberno do Sr. Sánchez que achega tamén recursos cuantiosos para contar cun orzamento no ano 2020, quero destacar as achegas que se realizarán para a avenida de Madrid ou para a estación do tren de alta velocidade ou ben outras cuestións que estando en tramitación tamén son relevantes para a cidade, como estudo da auga ou a rehabilitación da muralla do Castro ou ben a cesión dun espazo para a biblioteca de Teis ou a construción do propia Biblioteca do Estado nos terreos que están nos antigos edificios dos Xulgados. Tamén hai que destacar a alianza estratéxica coa Deputación que tamén permite facer que esta cidade avance máis rápido, avance mellor e mellore as condicións de vida para tódolos cidadáns desta cidade.

Así as cousas, contaremos para o ano 2020 cun orzamento record, cun orzamento que permitirá adicar máis recursos a política social, para garantir os servizos públicos básicos e un orzamento claramente inversor que pretende mellorar as condicións de vida da cidade. Quero destacar xa dende este momento o peso que terá a política social, a política de benestar, política social no orzamento do ano 2020, sinaladamente nas políticas públicas de gasto que se contabilizan nos orzamentos públicos como de benestar comunitario, de servizos sociais, tamén de educación, tamén na cultura e tamén no deporte e tamén como garantía dos servizos públicos básicos fundamentais que terá adecuada cobertura no Orzamento para o ano 2020.

Se facemos un repaso por capítulos quero adicar que o capítulo I é o que cubre os gastos de persoal, asumirá a subida do salario para os funcionarios que ten comprometido o goberno do Estado e tamén unha partida de 1,1 millóns de euros adicada a mellorar as condicións de vida dos policía e dos bombeiros porque a retribución sube de acordo cos decretos aprobados polo goberno e tamén se destopa as cotas máximas de cotización á Seguridade Social.

No capítulo II se dota cobertura necesaria para facer ordenada cobertura dos servizos públicos, singularmente quero destacar o Servizo de Axuda no Fogar, o de Teleasistencia, o das escolas infantís, e como dicía tamén capítulo inversor notable, con máis de 40 millóns de euros que contará este Orzamento e tamén garantirá as transferencias a tódalas entidades para facer fronte ás subvencións que se adican á cidadanía, polo tanto, orzamento social, inversor, orzamento que debateremos proximamente neste Pleno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que as Liñas Fundamentais do Orzamento veñen a reflectir pois un compromiso que se resume basicamente no continuísmo, dende logo non hai un afá por colocar unhas contas récord con máis recursos dos que nunca tivo o Concello de Vigo para orientar eses recursos precisamente á atención das necesidades reais das viguesas/es, do conxunto da veciñanza. Unhas Liñas Fundamentais que van ter obviamente o seu correlato no propio expediente de Orzamentos que debateremos no vindeiro Pleno, nos vindeiros Plenos que tamén se elaboran doutra vez con cero participación, sen contar con absolutamente ninguén e dende o Bloque Nacionalista Galego si que queríamos facer un par de observacións, un par de comentarios, a respecto dese continuísmo, en primeiro lugar vemos como se segue a insistir en concentrar o investimento apenas en gasto inaugurabel, un investimento que se volve a concentrar

dunha vez máis fundamentalmente en cemento, dende logo hai una falla evidente de compromiso para mellorar, para alargar os servizos públicos municipais e tamén para atender o importante déficit dotacional que levan padecido durante anos os nosos barrios e as nosas parroquias, un exemplo clamoroso e vivimos, non hai moitos plenos, aquí unha moción do grupo municipal socialista falando de escolas infantís e efectivamente a ausencia dun compromiso para aumentar a rede municipal de escolas infantís, por outra banda si que nos parece tamén moi evidente e moi exemplificador non, o feito de que a proposta do goberno municipal do Partido Socialista sexa que segamos a gastar máis en luces de Nadal e agora tamén en máquinas de neve que o que se vai investir durante todo o ano no Plan Municipal de Emprego, nunha cidade con 24.000 persoas paradas e nunha cidade onde hoxe os últimos datos da EPA reflicten 7.100 persoas menos ocupados que en 2009, se me permite presidente.

SR. PÉREZ CORREA: Unha noticia cando menos surrealista que os canons de neve sexan gratis, creo que aportan moito ao futuro desta cidade e debería ser gratis o consumo mínimo de auga como teñen as grandes cidades e non esas cuestións xa aprendemos todo o que é gratis como o dinoseto que logo se paga na factura de Aqualia, é moi probable incluso que vaíamos a negativo, a deber concelleiros á administración local. Como imos falar do Orzamento nós queríamos primeiro poñer en valor algunhas cuestións, as liñas fundamentais dos orzamentos municipais por desgracia están constreñidas a unha lexislación que debería de ser modificada, e entre outras cousas esa lei de estabilidade do ano 2017 que nos gustaría que fora emendada polo Partido Socialista ou que esperemos que despois do 10 de novembro podamos evitar estas cuestións que están enriba da mesa como por exemplo que a capacidade de necesidade de financiamento, os grandes castigados sexamos os concellos, que na débeda e no déficit os grandes castigados sexamos os concellos e que o crecemento medio do PIB e as proxeccións que poidas facer os concellos, os grandes castigados sexamos os concellos, é dicir, que seguimos coa mesma arquitectura que o Sr. Montoro deixou para os concellos e que polo tanto cando facemos as liñas fundamentais, estamos constreñidos a unha lei estatal que debería de ser modificada urxentemente, e con respecto ao que se propón e sabendo ademais que un documento vivo, que moitas veces non acaba sendo documento final que expresa os orzamentos e non acaba sendo na maioría dos casos nin sequera unha pequena sombra cando se executan finalmente os orzamentos pero si hai algunhas cuestións que nós queríamos poñer enriba da mesa,

sobre todo pola intervención que di agora o concelleiro de Facenda sobre o compromiso doutras administracións, aquí mesmo nas liñas fundamentais se recoñece que ese compromiso doutras administracións baixa un 7% con respecto ao exercicio anterior e concretamente dio claramente o documento dicindo que hai unha baixada do 7% aínda que afectaría ao 50% desa participación doutras administracións, nós gustaría tamén saber se ese compromiso tanto da Xunta de Galicia, da Deputación de Pontevedra ou do goberno central ao final nas Liñas Fundamentais se traduce nunha baixada do 7%, pero que ademais cando se nos di que non hai subida impositiva na Liñas Fundamentais para o ano que ven se di que no capítulo I, a suma, o total do capítulo I vai a ser un incremento do 3,98%, case do 4%, iso moi por enriba do IPC e moi por enriba da negociación colectiva da media dos incrementos salariais que marca na negociación colectiva para os convenios no ano 2020, pois é unha subida impositiva evidente, sendo practicamente iguais aos padróns tanto do IBI, do IAE, sendo practicamente iguais, imos a unha subida impositiva do 3,98% e ademais os incrementos que están dentro dese IPC que se marca, que nós sempre puxemos en dúbida os criterios que marcaba o Ministerio de Facenda para o cálculo do que ten que sumarse como IPC, claro pois moi ben é o 2,8% para o ano 2020 e é certo que a subida proposta para os impostos e taxas municipais é 2,5% pero é que ese criterio vostedes tamén o utilizaron dunha maneira torticeira porque no ano 2019, como tocaba proceso electoral, non aplicaron esa suba, non creo que sexa este ano precisamente un ano cun repunte ou cunha posibilidade de que no 2020 a crise económica volva e volva ademais nunha das expresións máis terribles porque volve despois doutra crise e cos servizos sociais e a acción pública moi desmantelada, pois non cremos que sexa o ano desa suba. Os investimentos propostos entre 28 e 30 millóns, vostedes póñeno aquí, é certo que despois lle suman EDUSI, o superávit, outras cuestións, investimentos no desenvolvemento inicial do Orzamento de 28-30 millóns son inferiores aos investimentos propostos no exercicio anterior, polo tanto, cando menos as liñas fundamentais non coinciden co que expresa o concelleiro de Facenda, non coinciden co que se expresa publicamente nas roldas de prensa e cos datos, co papel, como se di sempre que cos papeis na man calas as barbas, pois aquí non hai o que vostede di, e polo tanto as Liñas Fundamentais cando menos nos gustaría que se nos clarexara se corresponden ao exercicio orzamentario real que se vai a presentar e sobre o que imos a traballar de aquí ao mes que ven. Nós entendemos que se nos debería cando menos clarexar cal é ese compromiso das administracións cunha baixada do 7%.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Comentaba o concelleiro de Facenda que as Liñas Fundamentais do Orzamento, que é un Orzamento récord, que ten un incremento en política social e que fai investimentos na cidade. Para el son esas as Liñas Fundamentais para nós as seguintes, Orzamento récord, impuestazo récord, subida do 2,5%, a subida dos orzamentos de 257 millóns a 267 millóns se sustenta esencialmente nunha subida de impostos aos cidadáns; Política Social, autobombo, hai partidas en política social das que logo falaremos que baixan; investimentos na cidade, inexecución orzamentaria, esas son as Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2020, impuestazo, autobombo, inexecución. Impuestazo, como digo subida para tódolos vigueses/as, cidadáns e para as empresas, nós non temos, non somos conselleiros nin tesoureiros de sociedades en paraísos fiscais, as empresas de Vigo pagan en Vigo e os cidadáns en Vigo pagan en Vigo e o Orzamento se incrementa en 10 millóns de euros, para que van a servir eses 10 millóns de euros? Para que? Ese incremento de Orzamento vai a servir para facer máis humanizacións, para grandes obras, para máis política social? Deses 10 millóns 8,5 millóns, o 85% vai para gasto corrente, vai para pagar o capítulo I e o capítulo II, ese é o incremento do Orzamento, gasto corrente, é dicir, que practicamente deses 10 millóns non se inviste nada, non hai ningún investimento a maiores na cidade, os gastos de persoal e os gastos correntes cómense o 85% do incremento orzamentario.

Capítulo II, sube case 5 millóns de euros, si pero non lle boten a culpa ou non busquen xustificación no Servizo de Axuda no Fogar que está ben que suba, pero deses 5 millóns canto se leva o Servizo de Axuda no Fogar? 495.000 euros, van a xustificar unha subida no capítulo II de 5 millóns de euros dicindo boamente que si que sube o Servizo de Axuda no Fogar, pero sube 495.000 o resto son para outros contratos e para outros gastos correntes do orzamento.

Capítulo IV, subvencións a entidades, familias e empresas, o que lles chega aos cidadáns, as empresas e as entidades, canto sube? Practicamente nada, se queda como está, un 1%, iso é o que o Concello vai a adicar ás empresas, ás familias e ás entidades sen ánimo de lucro na cidade no orzamento récord, o mesmo que había o ano pasado, ese é o récord? Sube o 1%, si, os cartos quedan na casa o que non van é para afora, Alcalde, non chegan aos cidadáns, claro, quedan na casa, quedan para os traballadores/as municipais que están moi ben, pero tamén quedan para ás concesionarias, pero por que non sube tamén as subvencións ás empresas e ás familias? As entidades esas non soben, non soben, ademais sábeno perfectamente como está a rectificar aquí.

Capítulo VI, investimentos reais, récord de inexecución, o 27% Sr. Alcalde, de execución o capítulo VI, mire para vostede Sr. Aneiros, dígalle se é verdade ou non é verdade que o capítulo VI ten unha execución de menos do 30%, iso que é, que facemos os orzamentos dicimos que imos adoptar moitos cartos, na prensa no vai a atopar o que eu lle estou a dicir, non o vai a atopar Sr. Alcalde, pero vaino atopar se lle pregunta ao conselleiro de Facenda se é esa a execución do Orzamento, o 27%, non pode estar moi orgulloso da execución orzamentaria do capítulo VI, que son os investimentos que se fan na cidade.

Política social, pois miren, din que crece un 9% no será nas subvencións para alimentos e electricidade que baixa de un 1.640.000 a 1.550.000 euros, si Sra. Aguiar, baixa 90.000 euros. O Fondo de Emerxencia e Desafuizamentos, gran incremento en política social, 78.000 euros.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que hai que ter paciencia para escoitar o que están a dicir as tres persoas que interviron, porque uns seguen vivindo nun mundo irreal, outros seguen a pedir aclaracións do que está claro e outros fan unha mostra incrible do máis exquisito filibusterismo político, é dicir, dicir unha cousa e facer outra.

Miren, falan vostedes de impuestazo, impuestazo só por referirme a unha partida, é o que subiu o canón de SOGAMA da Xunta de Galicia, máis dun 20% no período 2013-2018, iso si que é un impuestazo da Xunta de Galicia, impuestazo no canón de SOGAMA e impuestazo tamén noutros impostos de competencia autonómica, pero impuestazo tamén é o copago que estableceu a Xunta de Galicia na sanidade, iso tamén é copago, o mesmo que tamén é impuestazo facer que a xente que máis precisa teña que pagar os seus servizos públicos e recortar servizos públicos por parte da Xunta de Galicia, sanidade, educación, os servizos sociais, iso si que é un impuestazo Sr. Marnotes. Mire, este é un orzamento consolidado xusto, porque sabe canto é o importe dos beneficios fiscais? Eu cando me fala do impuestazo penso nas 3.900 familias bonificadas na taxa do lixo ou nos máis de 6.000 vehículos de discapacitados bonificados ou nos máis de 23.000 vehículos bonificados tamén ou nas persoas que tamén teñen bonificacións no IBI, que suman 4 millóns de euros, penso tamén nesas persoas. Pero mire, de autobombo nada porque o que se fai co Orzamento do ano 2020 será atender as necesidades reais das persoas. Podemos dicir, é un orgullo dicilo, que somos o goberno municipal con maior e mellores políticas sociais de todo contexto de España, os números así o reflicten e as persoas así o reflicten, no número de solicitudes de prestación do Servizo de Axuda no

Fogar, na Teleasistencia, nas bolsas de libros, de comedor, na axuda para a pobreza enerxética, na axuda para alimentos, para as persoas que así o necesitan, somos o Concello líder en toda España en política social, polo tanto, de autobombo nada, e as obras Sr. Marnotes quizais as vería se sae vostede da súa casa, se sae vostede a rúa e vexa as rúas humanizadas, o centos e centos de rúas humanizadas que levamos nesta cidade, pero mire, trátase dun orzamento, o do 2020, o mellor da historia da cidade porque contamos con recursos propios que nos permiten facer fronte a esas políticas de gasto, inversión, política social, educación, deporte, cultura, tódalas políticas que estamos a desenvolver dende o goberno municipal e hai que dicirlle ao non adscrito que non defenda á Xunta de Galicia, a competencia en educación, en escolas infantís é da Xunta de Galicia, como veremos nunha moción que se vai a defender con posterioridade, nós o que facemos é defender o tecido de escolas infantís que xa creamos no exercicio das nosas competencias e polo tanto, defenderemos a dotación desas escolas, e por certo, reitero, os canóns de neve non lle custa nada aos vigueses nin a este Orzamento municipal.

PRESIDENCIA: Antes de pasar ao punto 3, recibíronse un número de emendas do concelleiro non adscrito, esta vez as admitiremos, pero lle teño que lembrar que o prazo é o mesmo día da convocatoria ou ao día seguinte, por tanto, quedan admitidas pero a vez seguinte, por favor, respectemos os prazos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Se me permite unha cuestión de orde Sr. Alcalde, eu fixen exactamente o mesmo procedemento que o grupo municipal Socialista adopta en todas e cada unha das sesións.

PRESIDENCIA: Pois lle diremos ao grupo Socialista que a partires de agora cumpra os prazos, exactamente igual que vostede.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

**3(183).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 92/19.
EXPTE. 369/441 (REXISTRO PLENO 2192/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 27 de setembro de 2019, o director superior contable e orzamentario e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“Antecedentes

Memoria xustificativa de complementar e dotar determinadas aplicacións orzamentarias para a liquidación de determinados proxectos e dotar crédito para a adquisición de terreos dotacionais

Resolución do Sr. Alcalde Presidente da Corporación incoando o expediente de modificación orzamentaria.

Solicitud da Concellería de Fomento de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para a finalidade prevista.

Normativa Aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP)

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de data 18 e 26 de xuño de 2019.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 26/09/2019 instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 92/19 que está conformado da seguinte documentación:

Xustificación da tramitación da Modificación

A xustificación ten orixe nos saldos estimados das liquidacións dos proxectos que se relacionan, así comona adquisición de terreos dotacionais para o desenvolvemento de instalacións acordos coa súa tipoloxía.

Estabilidade e regra de gasto

A modificación de crédito que se tramita, non incrementa a contía do orzamento, polo que non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto previstos para o ano 2019, non alterando as proxeccións contidas no Plan Económico Financeiro en vigor, non requirindo por elo, informe sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais

Órgano competente

O artigo 177 do TRLRFL, regula o réxime dos Suplementos e dos Créditos extraordinarios transferencias de crédito, no seu apartado 1), establece que cando haia de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento ou éste sexa insuficiente, o presidente da corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

No apartado 2), establece que a aprobación, previamente informado pola Intervención, se someterá á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos.

A Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente regula o réxime destas modificación orzamentarias.

Nos expedientes de Suplementos de créditos e Créditos Extraordinarios, seguirase a tramitación prevista nos artigos 169 e 171 do TRLRFL, aprobado polo RDL. 2/2004, de 5 de marzo.

Á vista a documentación incorporada, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 92/19 por unha contía de 1.568.572,60 euros, para facer fronte ás inversións que figuran no presente expediente.

A modificación orzamentaria nº 92/19 incorporada ao expediente 369/441 confórmase por suplemento de Crédito por unha contía total de 1.101.102,52 euros e Crédito extraordinario por un importe de 467.470,08 euros, facendo, por tanto, un total de 1.568.571,60 euros a presente modificación.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 26 de setembro de 2019.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo a diminución doutras aplicacións orzamentarias, que resultan reducibles, facéndose constar na memoria asinada a posibilidade da redución.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

RECURSOS

Aplicación			Proxecto	Importe
9330	622.00.05	COMPRA LOCAL ANEXO COL.PINTOR LAXEIRO	19933005	317.500,00
1532	609.00.90	2ª ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE	18153290	718.346,07
1532	619.00.01	HUMANIZACIÓN TERRENOS ADIF S.AVENDAÑO-CANADELO BAI	18153201	30.000,00
1532	619.00.15	HUMANZ. ENTORNO R. CASTRO ENTRE S.AVENDAÑO-H.BOTAN	18153215	30.906,12
1532	619.00.16	HUMANZ. RÚA ESCUELAS PÚBLICAS	18153216	50.743,17
1532	619.00.62	2ª FASE HUMANIZACIÓN RUA COLOMBIA	17153262	26.077,24
1532	210.00.00	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL		135.000,00
3420	632.00.02	INVESTIMENTO CAMPO FÚTBOL CARBALLAL	16342030	260.000,00
				1.568.572,60

EMPREGOS

Aplicación			Proxecto	Modif.	Importe
1539	619.00.08	DUSI CONEXIÓN PLAZA I. A CATÓLICA CON S. SALVADOR	17153908	Suplemento	28.849,73
1539	619.00.10	DUSI, ASCENSOR J.R.JIMENEZ, VALTERRA TORRECEDEIRA	17153910	Suplemento	237.104,08
1539	619.00.12	DUSI MARQUES DE VALTERRA OT4/OT6	17153912	C Extraordinario	63.943,11
3420	622.00.06	2ª ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVO PAVILLÓN QUIROS	18342006	Suplemento	307.917,36
3420	622.00.07	CONV.DEPUT. 2ª ANUALIDADE CONSTRUC. ROMIL 77.	18342007	Suplemento	184.790,85
3420	632.00.09	2ª ANUALIDADE PISTAS BAIXO G.DE RIO	18342009	Suplemento	139.100,00
3420	600.00.00	ADQUISICIÓN TERREO PAVILLÓN MATAMA	19342000	C Extraordinario	403.526,97
1532	609.00.02	2ª ANUALIDADE CARRIL BICI, SAMIL-TEIS	18153202	Suplemento	203.340,50
					1.568.572,60

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Contra a aprobación definitiva da concesión de Suplemento de crédito e do Crédito Extraordinario, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario e suplemento de crédito.

Con data 27 de setembro de 2019, o Interventor Municipal emite informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 3.10.2019, aproba dita proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 9.10.2019, acordou o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais.

En data 15 de outubro de 2019, o grupo Mixto presenta emenda á Modificación Orzamentaria nº 67/2019.

En data 15 de outubro de 2019, o membro non adscrito presenta emenda á Modificación Orzamentaria nº 67/2019.

Con data 17.10.19, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emite informe sobre as emendas.

En data 17.10.2019, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2019, aprobou a Modificación Orzamentaria, nº 92/19, correspondente ao expediente 369/441.

En sesión da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda de data 09/10/2019, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas á modificación orzamentaria nº 92/2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de outubro de 2019. O prazo fixado pola Comisión comezou o día 03/10/2019 e rematou as 14,00 horas do día 15/10/2019.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Comisión Informativa do que queda constancia no expediente físico e electrónico.

Emendas

Con data 15/10/2019, rexistrada na mesma data, o Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2202/1101, presentou emenda que en síntese ten co seguinte contido:

Non se considera adecuadamente xustificadas as necesidades nas que se fundamenta.

A preocupación pola minoración de diferentes partidas: compra do local anexo ao Pintor Laxeiro (que se trata dun proxecto de acreditada necesidade), investimento no campo de fútbol do Carballal (necesaria para completar as adecuación do campo) e minoración da 2ª anualidade acceso á estación do AVE (por ser uns accesos imprescindibles).

Coa mesma data, con número de rexistro da Secretaría do Pleno 2203/1101, preséntase emenda solicitando a devolución da mesma polo membro do grupo mixto D. Rubén Pérez Correa, que se pode resumir nos seguintes motivos:

Considérase necesaria executar na súa totalidade a partida 1532.2100000 de Conservación de vías e espazos públicos.

Considérase necesario dar cumprimento á adquisición do local anexo ao Colexio Pintor Laxeiro.

Non se explica o motivo do non uso dos recursos do convenio da 2ª anualidade acceso á estación do AVE.

Análise das emendas polo servizo

Avaliadas as emendas, polo servizo xestor do expediente e coa xustificación técnica que figura no mesmo, que se fundamenta: na dispoñibilidade das baixas nos contratos para fins alternativos, o axuste do plan de financiamento nas anualidades do Convenio con Adif, na dispoñibilidade dos créditos no caso do investimento previsto no campo de fútbol do Carballal por no estar a esta data aprobado o proxecto, así como a

imposibilidade de materialización dos investimentos no local do Colexio Pintor Laxeiro, é o que xustifica a baixa nas dotacións.

Por outra banda, os empregos teñen causa nas obrigas derivadas das previsións do artigo 242.4.i da LCSP, é dicir, liquidacións dentro dos límites fixados polo devandito precepto, basadas en un aumento na cubicación das unidades de obra previstas no proxecto.

No caso das aplicacións 1539.6190010 e 1532.6090090, responde ás necesidades de dotar de crédito suficiente as mesmas, co obxecto de dar cumprimento ás previsións dos artigos 204 e 205 LCSP, así como nos Pregos de Cláusulas Administrativas que rexen os respectivos contratos.

En consecuencia, propónse á Comisión Informativa de orzamentos e Facenda a seguinte:

Proposta sobre as emendas

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro non adscrito D. Xabier Pérez Iglesias, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2002/1101, e a presentada polo membro do grupo mixto, D. Rubén Pérez Correa, co número e rexistro da Secretaría do Pleno 2003/1101, de acordo aos criterios que figuran no informe e por representar as mesmas unha opción de oportunidade política alternativa ao do Goberno.

SEGUNDO.- Manter a proposta a Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 27/09/2019 que se engade, non habendo alteración algunha en relación co Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de outubro de 2019.

TERCEIRO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

CUARTO.- Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 3 de outubro de 2019, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido aos Srs. Concelleiros para estudo e emendas na Comisión Informativa do 9 de outubro.

QUINTO.- Unha vez votada o rexeitamento da emenda, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a seguinte proposta:"

Deseguido o concelleiro informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de data 23.10.2019, rexeita ás emendas presentadas e ditamina favorablemente a proposta formulada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para aprobar esta modificación orzamentaria no exercicio da programación que estamos a facer dende o goberno municipal para rematar o último trimestre do ano e tamén para acelerar os investimentos para beneficio dos cidadáns desta cidade, en definitiva, Sr. Marnotes, xa llo digo para executar o orzamento do 2019, polo tanto, estamos executando correctamente o Orzamento do 2019 e tamén estamos a mellorar as condicións de vida dos cidadás desta cidade porque adicamos tódolos recursos á satisfacción das necesidades da cidade.

Singularmente esta modificación orzamentaria ten como obxectivo dotar de crédito para a compra dos terreos para facer un novo pavillón na cidade e un novo pavillón nunha das parroquias, dos barrios da cidade que é a parroquia de Matamá onde se construírá un excelente pavillón deportivo que dará servizo a tódolos habitantes da parroquia. Polo tanto, este é o obxectivo principal da modificación orzamentaria que estamos a tramitar para dotar de crédito suficiente para adquirir os terreos para a compra dese pavillón. Digo un novo pavillón na cidade porque tamén se adican recursos nesta modificación orzamentaria a acelerar as obras de investimento que se están a facer noutros pavillóns novos na cidade como pode ser o pavillón de Romil ou o pavillón de Quirós, tamén para dotar de maiores e infraestruturas deportivas á cidade posto que tamén outros destinos desta modificación orzamentaria é o que se está a facer debaixo da grada de Río, tamén se está mellorando as instalacións deportivas e polo tanto se está a dotar dun espazo para prácticas do deporte, para que tódalas persoas da cidade podan adicarse ao deporte e podan practicar deporte alá preto de onde viven sen ter que desprazamentos excesivos e contar co uso das instalacións municipais, pero hai que dicir tamén que esta modificación orzamentaria faise tamén sen custo para a cidade posto que se parte das baixas que tiveron os contratos de asfaltado en distintos contratos da cidade, no último período antes do verán asfaltamos distintos lugares da cidade, dende o centro como a rúa Urzaiz, Castelao, Areal, ou Beirar, pero tamén as parroquias como Beade, Bembrive, Cabral, Lavadores, Valadares, Teis, Sárdoma, Candeán, Matama, Coruxo, Alcabre, Coia en definitiva toda a cidade, as baixas que obtivemos nos contratos de asfaltado nos permiten dotar este crédito para adquirir o terreo, o chan para o pavillón de Matamá e

para incrementar as partidas correspondentes aos pavillóns tamén de Romil, Quirós e o pavillón que estaría baixo as gradas de Río e tamén para realizar as achegas necesarias para mellorar o entorno dos ascensores na rúa Valterra, Torrecedeira e tamén na rúa na Praza de Fernando o Católico, ascensores que melloran as condicións de mobilidade nesta cidade, que melloran as condicións de mobilidade especialmente das persoas que teñen unha idade máis avanzada e que usan asiduamente estes ascensores para moverse entre distintas rúas da cidade mellorando como digo as súas condicións de mobilidade, de independencia e polo tanto de autonomía, dentro da cidade, tamén permitindo un uso máis intensivo das beirarrúas, para trasladarse entre distintas zonas da cidade polo tanto, reducindo os transportes en automóbil ou en transporte contaminante, polo tanto, mellorando tamén o medio ambiente, as condicións de vida da cidade.

Digo que esta modificación orzamentaria faise sen menoscabo doutras execucións que se están a facer na cidade, tamén dispónse de créditos dun reaxuste de anualidades nos accesos a estación do AVE, hai que dicir que esa obra non se para, nin moito menos, posto que esta mesma semana veño de asinar a saída a concurso da contratación deses accesos e polo tanto, se prexuízo doutras obras e doutros investimentos que se están a facer na cidade, así pois, pido o voto favorable para esta modificación orzamentaria que permite achegar eses discursos dispoñibles a satisfacer as necesidades que temos actualmente e polo tanto, para acelerar os investimentos, para mellorar e trasladar máis rapidamente, máis axeitadamente á cidadanía a finalización dalgunha desas obras.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda de devolución a esta proposta orzamentaria que compre lembrar que é unha modificación duns orzamentos aprobados pola maioría absoluta do grupo de goberno e que están en vigor dende 1 de xaneiro, digo porque como presumen de facelo en tempo creo que tamén é bo poñelo en contexto, e pedíamos a devolución e nos ímos opor a esta modificación orzamentaria por estes dous motivos fundamentais, en primeiro lugar porque non se xustifica a insuficiencia das partidas que se queren incrementar, falamos fundamentalmente de segundas anualidades, de proxectos EDUSI e unha de dúas ou houbo falla de previsión por parte do goberno municipal ou se está incorrendo en sobrecustes que de todas maneiras no expediente nin se detallan nin se explican. E en segundo lugar, e o fundamental, nós non concordamos dende o Bloque Nacionalista Galego coas partidas que se queren minorar singularmente dúas delas, en primeiro lugar

a destinada a cumprir a promesa reiterada, entre outros polo propio Alcalde, de que se ía adquirir o local anexo para ampliar as dependencias do Colexio Público Pintor Laxeiro que como saben non conta con salón de actos, apenas ten espazo para unha biblioteca e que é polo tanto, máis unha promesa incumplida, e en segundo lugar porque se detraen os recursos que estaban destinados á mellora do campo de fútbol municipal do Carballal que lembremos levan máis dun ano sen auga quente nas duchas dos seus vestiarios.

Vostedes presumen en cada Pleno da súa abultada maioría absoluta, nos lembran en cada Pleno o resultado electoral do 26 de maio, pero o certo é que a comunidade escolar do Colexio Pintor Laxeiro e as familias do Club Gran Peña que compite no Carballal, quedoulles claro que a maioría deste goberno é unha maioría absolutamente inútil, incapaz mesmo de executar os seus propios orzamentos que, insisto, están en vigor dende o 1 de xaneiro, que impediu comprar o local para ampliar o Pintor Laxeiro? Supoño que o concelleiro agora de educación lle diría é que non está subscrito un convenio, o que ten que dicirlle tamén é que o 12 de xullo deste ano se presentou un escrito na consellería onde a Xunta de Galicia recoñecía esa necesidade de ampliación e había un compromiso para o seu acondicionamento, non o fixeron porque non saben facelo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós ademais e en concordancia co un escrito presentado no que solicitábamos a devolución desta modificación orzamentaria entre outras cousas e algunhas expresadas agora que para nós nos sorprenden, en primeiro lugar porque por fin descubrimos que o pavillón de Matamá se podía facer perfectamente dende o Concello sen necesidade de que a Xunta de Galicia fixera unha declaración de interese importante baixo a Lei de Vigo ou polo menos eu entendo que van a facer unha modificación do Plan Xeral para darlle encaixe, porque compramos uns terreos sen ten Plan Xeral, non, é así, é dicir que non podemos executalo en dous ano e medio, iso é unha aclaración en tanto en canto vostedes van a facer unha modificación para adquirir un terreo e entendo que polo tanto que hai encaixe dentro do urbanismo actual, ou imos esperar ao Plan Xeral de dous anos e medio, iso sería importante sabelo, porque entón a urxencia da modificación orzamentaria non se xustifica, pero ademais vostedes falan dalgunhas obras, para acelerar obras, claro é que o Pavillón de Quirós estivo parado durante moito tempo, tódolos días paso por alí e esa obra estivo parada e se acelera despois do proceso electoral municipal e ademais hai varias cuestións, a parte de que non nos explican por que esta modificación orzamentaria entendemos que así como o

pavillón de Quirós se puido adotar unha partida orzamentaria no exercicio que toca e imos aprobar un e vostedes tiñan que ir a unha modificación orzamentaria, non será por un problema de Tesourería? Non será, pregunto, porque xa estamos nos 50 millóns cando partíamos hai dous anos de 90 millóns? Non será un problema de liquidez porque tamén están a vender moito patrimonio municipal e porque hai moitas presas de obter recursos de cousas extraordinarias, iso logo falaremos de cales son os estados de Tesourería do Concello que de 100 millóns está rondando os 50 millóns porque ao mellor hai previsión de ter que pagar algunha denuncia e demanda de 17 millóns dos aparcadoiros, porque pagamos 30 millóns de euros para sacar adiante a ignominia do Auditorio Mar de Vigo, está ben que fagan unha modificación orzamentaria dun exercicio que fan pero os concellos que teñen suficiente capacidade de financiamento non necesitan esta modificación orzamentaria sobre algunhas cuestións ademais porque vostedes o que teñen que facer é poñelo no orzamento do ano que ven como puxeron o pavillón de Quirós, para o pavillón de Matamá, pois o pavillón de Quirós vostedes puxeron no capítulo de investimentos a adquisición e polo tanto, iso correspondería tamén a unha certa aclaración porque os datos da Tesourería os imos ver logo, claro que os imos ver logo, non os invento eu, están no expediente que vostedes presentan da liquidación de como vai baixando entendo eu, porque teremos que facer determinadas cuestións, porque claro que non hai excusas para algunhas cousas que desaparecen, tanto o campo do Carballal como o local anexo ademais eu creo que o que lle corresponde ao Concello de Vigo ten que facelo e presionar á Xunta de Galicia e dicindo, “nós a nosa parte está feita, e é a súa responsabilidade non facer a súa”. Nós gustaría saber cal é o motivo para que isto non vaia dentro do que son os investimentos normais que van vostede a presentar o ano que ven, porque isto a nós non se nos explica aquí, incluso no escrito que presentamos a resposta nin sequera é aclaratoria senón que se di que hai necesidade, unha rapidez, unha urxencia, estamos a falar que imos aprobar un orzamento dentro de dous ou tres meses que debería cando menos clarificarse esta modificación orzamentaria, que o único motivo de que esta modificación orzamentaria veña aquí é porque supera o 1 millón de euros e ten que vir aquí porque senón o farían pola vía dos feitos consumados como vostedes acostuman a facer, nós imos a opoñernos a esta modificación, seguimos a pensar que se as humanizacións estaban ben estruturadas dentro do seu exercicio orzamentario, que había recursos, que esta cidade tiña capacidade de crédito, orzamentaria e de repente temos que facer o que fan os concellos coas modificacións “in extremis”, que presentan algún problema para completar con

recursos o que se traslada aos orzamentos, e esa aclaración non existe nin neste expediente nin moito menos polo de agora no expresado polo concelleiro de Facenda.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Veñen aquí cunha modificación orzamentaria de 1,5 millóns de euros para gastos inaprazables este ano, despois de ter un orzamento de 295 millóns de euros e ter executado só 155 millóns de euros o máis que poden arranxar para pagar este ano é 1,5 millón de euros e para que queren executar isto de aquí a finais de ano? Non había máis gastos que poder executar, non había máis partidas que ampliar? Algunhas están esgotadas entre elas as que comentaba de gastos de alimentos e de emerxencia social, ahí xa non queda un can, que quere o goberno executar de aquí a finais de ano? Adquirir terreos para o pavillón de Matamá e onde está o pavillón de Matamá no anexo de investimentos dos orzamentos do ano 2020? onde está? Para que mercan eses terreos? Propaganda, autobombo, non hai no proxecto de Orzamento do ano 2020, agás que me diga vostede o contrario e me saque aquí o papel, unha partida para construír o pavillón de Matamá pero é inaprazable compralo este ano.

Continuemos coa modificación orzamentaria, ah! pavillón de Matamá curioso, ano 20 e que non só temos un problema co pavillón de Matamá que non está previsto no anexo de investimentos é que no ano 20 o orzamento en deportes se desploma, só ten 553.000 euros para gastos e reformas e investimentos en infraestruturas deportivas, agás os 6 millóns de Balaídos, pero o resto pasa de 5 millóns e pico a apenas medio millón, nin pavillón de Matamá nin na de na.

Segunda cuestión, segunda anualidade do carril bici de Teis, pero imos a ver, se no estado de execución vemos que no orzamento vixente a segunda anualidade carril de bici Samil a Teis ten 3 millóns de euros e só pagaron 1,5 millón de euros, está o outro 1,5 millón sen executar! E queren 200.000 euros máis, para que? Unha modificación de crédito para meterlle 200.000 máis, pero só teñen comprometidos 2,6 millóns e pagados 1,5 millóns, aínda lle quedan outros 400.000 que comprometer e pide 200.000 euros máis? Máis cartos para o Vigo Vertical pero para que? 10 millóns de orzamento, executado non chega a 1 millón, no Vigo Vertical entre as distintas partidas do Vigo Vertical hai consignados nos Orzamentos 10 millóns de euros e apenas gastaron 1 millón, e aínda lle quere meter máis cartos ao Vigo Vertical? O que teñen que facer é executar o Orzamento, certificar e pagar, e de onde saen ese 1,5 millóns de euros para estes investimentos que din que van a facer?

Renuncian a investir no pavillón do Carballal, no de Matamá xa vimos que non está non investimentos reais e co desplome dos orzamentos de deporte vai a ser que tampouco se vai a facer o ano que ven, comprar un local anexo ao colexio Pintor Laxeiro e agora non o van a facer, e por que non o compran? A non, porque non se fían da Xunta de Galicia, claro, pero Alcalde pero se é un local lóbrego o que hai é que compralo e arranxalo, ou non é capaz de comprar e arranxar un local cos seus propios cartos á vista das goteiras que hai aí na porta estou seguro que non, non hai nada que edificar no local Alcalde, o que hai que facer é mercalo, se non é capaz de poñer tabiques nun local porque unha cousa Sr. Alcalde, o colexio xa ten comedor no local anexo a que si, isto é outra cousa, claro e agora compra un local anexo, non vai a compralo, non o quere mercar porque di que a Xunta de Galicia non vai a edificar, edificar o que? Que quere que faga a Xunta de Galicia aí que lle meta ladrillo aos tabiques, o pladur, para edificar nun local, increíble, pero imos a ver, non falaron vostedes coa directora, coa ANPA do colexio, claro que si, pero é un local ou queredes facer un edificio alí, mire, o que teño é que falar coa conselleira-tesoureira das sociedades Panamá que ao mellor me explica mellor, Sr. Font. Vamos a mercar uns terreos para facer, mire se me equivoco que van a mercar vostedes uns terreos para non facer un pavillón e van a deixar de comprar un local que poderían reformar, iso é o que van a facer con esa modificación orzamentaria e nós por suposto lle imos votar en contra.

PRESIDENCIA: Diso estábamos seguros.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que segue sendo sorprendente escoitar aos membros que temos enfronte na bancada da oposición porque son os do non polo non, os da oposición, miren, non esperábase outra cousa pero cando menos é sorprendente e causa risa escoitar algúns argumentos, miren, o ano non rematou aínda, estamos a executar o orzamento por iso traemos a este Pleno unha modificación orzamentaria, non facemos como como a súa predecesora a Sra. Muñoz que cando estaba na Xunta de Galicia tiña un ano non de 12 meses, de 9 meses, nós temos un ano de 12 meses, executamos ata o último momento, ata o 31 de decembro o executamos Orzamento, polo tanto o que queremos traer a este Pleno é unha modificación orzamentaria para adicar aqueles recursos que veñen de baixas fundamentalmente como dixen antes a satisfacer as necesidades da cidade, pero está claro que tanto o Partido Popular de Vigo como Marea de Vigo como o non adscrito o que queren é poñerlle paus na rodas ao goberno

municipal que é o mesmo que poñerlle paus nas rodas á cidade de Vigo e polo tanto, aos cidadáns da cidade de Vigo, porque mire o que estamos a adicar é recursos á satisfacer as necesidades dos que nos piden os cidadáns de Vigo, é unha demanda da parroquia de Matamá contar cun pavillón neses terreos e polo tanto o que facemos é dotar de crédito suficiente para adquirir os terreos que permitan construír ese pavillón e que permitan tamén se a Lei Vigo o permite, construír eses pavillón, pero mire é que a oposición parece que non estuda e o dicía o meu compañeiro, o concelleiro de educación antes o voceiro do Partido Popular de Vigo non coñece un colexio de Vigo e parece máis interesado en defender outras instalacións deportivas quizais de Mos, máis que as de Vigo. Pero mire, o que estamo a facer é executar o Orzamento, estamos propoñendo unha modificación orzamentaria para modificar o orzamento e construír un pavillón deportivo máis na cidade, incrementar as dotacións deportivas da cidade, incrementar polo tanto, as condicións de práctica do deporte nesta cidade e polo tanto, corrixindo unha eiva histórica que tiña a cidade de non contar con instalacións deportivas, pero di tamén Marea e o non adscrito que non se xustifica, eu non sei se vostedes saben ler ou se se seguen os de Marea catro anos despois seguindo preguntándose coas cousas, na contestación que se lle da as súas emendas se lles explica claramente cal é o motivo e de onde veñen os cartos e a onde van, creo que calquera rapaz de tres anos en galego, castelán ou xa en inglés coas bolsas de inglés que estamos dando, sabe entender unha resposta que se lle da ás modificacións das emendas propostas, outra cousa é que non queiran entender ou outra cousa que é peor para a cidade é que queiran seguir poñéndolle trabas, poñéndolle paus nas rodas ao funcionamento da cidade e ao avance da cidade.

VOTACIÓN: Con dezoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo

municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 92/19 por unha contía de 1.568.572,60 euros, para facer fronte ás inversións que figuran no presente expediente.

A modificación orzamentaria nº 92/19 incorporada ao expediente 369/441 confórmase por suplemento de Crédito por unha contía total de 1.101.102,52 euros e Crédito extraordinario por un importe de 467.470,08 euros, facendo, por tanto, un total de 1.568.571,60 euros a presente modificación.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 26 de setembro de 2019.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo a diminución doutras aplicacións orzamentarias, que resultan reducibles, facéndose constar na memoria asinada a posibilidade da redución.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

RECURSOS

Aplicación			Proxecto	Importe
9330	622.00.05	COMPRA LOCAL ANEXO COL.PINTOR LAXEIRO	19933005	317.500,00
1532	609.00.90	2ª ANULIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE	18153290	718.346,07
1532	619.00.01	HUMANIZACIÓN TERRENOS ADIF S.AVENDAÑO-CANADELO BAI	18153201	30.000,00
1532	619.00.15	HUMANZ. ENTORNO R. CASTRO ENTRE S.AVENDAÑO-H.BOTAN	18153215	30.906,12
1532	619.00.16	HUMANZ. RÚA ESCUELAS PÚBLICAS	18153216	50.743,17
1532	619.00.62	2ª FASE HUMANIZACIÓN RUA COLOMBIA	17153262	26.077,24
1532	210.00.00	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL		135.000,00
3420	632.00.02	INVESTIMENTO CAMPO FÚTBOL CARBALLAL	16342030	260.000,00
				1.568.572,60

EMPREGOS

Aplicación			Proxecto	Modif.	Importe
1539	619.00.08	DUSI CONEXIÓN PLAZA I. A CATÓLICA CON S. SALVADOR	17153908	Suplemento	28.849,73
1539	619.00.10	DUSI, ASCENSOR J.R.JIMENEZ, VALTERRA TORRECEDEIRA	17153910	Suplemento	237.104,08

1539	619.00.12	DUSI MARQUES DE VALTERRA OT4/OT6	17153912	C Extraordinario	63.943,11
3420	622.00.06	2ª ANUALIDADE CONSTRUÇÃO NOVO PAVILLÓN QUIROS	18342006	Suplemento	307.917,36
3420	622.00.07	CONV.DEPUT. 2ª ANUALIDADE CONSTRUC. ROMIL 77.	18342007	Suplemento	184.790,85
3420	632.00.09	2ª ANUALIDADE PISTAS BAIXO G.DE RIO	18342009	Suplemento	139.100,00
3420	600.00.00	ADQUISICIÓN TERREO PAVILLÓN MATAMA	19342000	C Extraordinario	403.526,97
1532	609.00.02	2ª ANUALIDADE CARRIL BICI, SAMIL-TEIS	18153202	Suplemento	203.340,50
					1.568.572,60

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Contra a aprobación definitiva da concesión de Suplemento de crédito e do Crédito Extraordinario, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario e suplemento de crédito.

4(184).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2019, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 126/143 (REXISTRO PLENO 2207/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe de data 17 de outubro de 2019, da Dirección superior contable e orzamentación que di o que segue,

- “Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2019.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2019, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidentencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2019.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2019, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade e o consolidado.

Remítese igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de modificacións orzamentarias e o Estado de Tesourería.
As modificacións orzamentarias

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario consolidados a 30/09/2019.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.10.19, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da execución do terceiro trimestre do ano, é dicir, dos meses de xullo, agosto e setembro de 2019. Miren, pídlle que escoiten atentamente porque a 30 de setembro do 2019 as obrigas recoñecidas con cargo ao Orzamento deste Concello foron de 158,7 millóns de euros sobre uns créditos definitivos de 297, polo tanto estamos a executar, comprometido xa, pagado máis de 158 millóns de euros a 30 de setembro e nos quedan 3 meses aínda para executar o orzamento e polo tanto estamos nuns ratios de execución correctos, axeitados á época do ano na que estamos e axeitadas tamén as distintas fases de tramitación dos contratos e dos servizos que se están a prestar nesta cidade. Hai que dicir que no capítulo II están recoñecidas obrigas por un total de máis de 80 millóns de euros e nos investimentos tamén hai obrigas recoñecidas por máis de 16,7 millóns de euros e tamén nas transferencias que tamén están comprometidas máis de 15 millóns de euros, en total máis de 158 millóns de euros que a 30 de setembro xa están a disposición da cidade, xa están executadas e xa están polo tanto, en goce dos cidadáns/ás desta cidade. Se trata no Orzamento do 2019 dun Orzamento feito para á cidade, para ás persoas e un Orzamento feito para satisfacer

esas necesidades. Mire, quero destacar que isto é así, nas axudas do Plan de Emprego beneficiamos a máis de 300 persoas, só na cidade de Vigo beneficiamos a máis persoas que na Xunta de Galicia en moitas outras cidades, pobos da nosa contorna, beneficiamos contratos dos mozos, máis de 50, os mozos contratados con cargo aos fondos municipais, bonificamos e fomentamos a creación de empresas, máis de 30 empresas con cargo aos Orzamentos municipais, bonificamos a transformación de contratos temporais en indefinidos, medio cento de contratos bonificados e facilitados a que se convertan en indefinidos con cargo aos Orzamentos municipais e beneficiamos tamén a contratación de persoas da cidade especialmente en persoas con problemas de inserción con máis de 187 contratos na cidade, con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo, por certo, nunha competencia que é da Xunta de Galicia e que nós asumimos para axudar ás persoas da nosa cidade, aos nosos cidadáns nesa busca dun emprego digno e dun emprego que lle permita o sustento vital. Pero é que ademais tamén executamos as políticas de Benestar Social con máis de 900 persoas atendidas no Servizo de Axuda no Fogar ou coas axudas á familias, máis de 1.600 axudas que reciben as persoas e as familias de Vigo, nesas solicitudes que nos fan para ter dispoñible alimentos ou electricidade ou outro tipo de necesidades vitais, con máis de 600 persoas atendidas a través do servizo de Teleasistencia que facemos nós cos nosos recursos que non fai a Xunta de Galicia ou ben cos coidadores de barrio que atenden a 300 persoas en distintos barrios da cidade, tamén coa Casa das Mulleres para aquelas persoas que sofren violencia de xénero ou cos canguros para atender esas crianzas das persoas que sofren violencia de xénero pero tamén fomentando a participación activa no emprego das mulleres con ese Plan de axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que permite adicar recursos a que sexan contratadas e polo tanto teñan independencia e autonomía para subsistir e para independizarse ou tamén coa educación, neste verán estaban executadas esas bolsas de inglés que permiten que máis de 890 alumnos/as desta cidade estuden inglés no estranxeiro ademais dos 100 estudantes da Escola de Idiomas, levamos, hai que dicilo, 5.700 estudantes vigueses enviados nos 11 anos de desenvolvemento deste programa e tamén executamos os investimentos, e quero destacar tamén a cubrición de patios de colexios suplindo unha competencia que é da Xunta de Galicia e que facemos nós, o último o do colexio Canicouva, igual que o de García Barbón, igual que o de Castelao, o da Virxe do Rocío, e tamén cos parques infantís Jenaro de la Fuente, Maruja Mallo, Navia, que permiten conciliar a vida persoal e laboral que permiten que os rapaces gocen da cidade e que permiten dotar de máis e de mellores investimentos a esta cidade. Miren,

executamos orzamentos, executamos correctamente o Orzamento a 30 de setembro de 2019 máis de 158 millóns de euros executados e polo tanto nas mans dos cidadáns da cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Ben o certo é que a execución dos orzamentos só depende de vostedes, aquí non hai coartada, non excusas, inimigo exterior ao que responsabilizar de nada, depende unicamente da capacidade de xestión e da capacidade de execución do propio goberno e o que di este informe de execución é que na altura do mes de setembro, consumidos tres do catro trimestres vostedes executaron pouco máis da metade do orzamento en termos xerais e menos dun terzo dos orzamentos da partida de investimentos, esa é realidade pois máis que se queira camuflar dando a cifra neta, en porcentaxe é que este goberno apenas executou a metade do orzamentado, dependendo apenas de vostedes e por iso seguimos vendo e volveremos ver no proxecto do orzamentos do ano 2020, partidas que se reiteran dun orzamento para outro, porque colocan a partida nun orzamento, anuncian, fan propaganda con ese proxecto, non o executan e o volvemos ver na partida do ano seguinte, esa técnica futbolística de Clemente do patadón para adiante, vostedes están instalados na xestión do patadón para adiante para non executar, para non actuar e dende logo para disimular a falla evidente de capacidade de xestión dun goberno que conta con orzamentos dende o 1 de xaneiro, antes se facía valer que neste Concello os orzamentos se executan en 12 meses, sabemos que por razóns de caixa non é estritamente así, mais dispoñen dende o 1 de xaneiro e por iso vimos como dende o 1 de xaneiro do 2019 foron incapaces de comprar un local anexo para ampliar o colexio Pintor Laxeiro, incapaces, dende o 1 de xaneiro e agora buscan excusas para destinar esa partida a outra cuestión ou incapaces de acometer a reforma imprescindible e urxente no campo do Carballal e como se falaba de emprego imos ver, recoñecendo que o goberno municipal, que o Concello de Vigo está facendo un esforzo en materia de políticas de emprego o certo é que os datos da EPA din que nesta cidade hai 1.600 ocupados menos neste trimestre que en relación ao anterior, que en comparación co 2009 en Vigo hai 7.100 postos de traballo menos e é certo que non é unha responsabilidade do goberno municipal, non é unha competencia máis, debe ser un compromiso e unha responsabilidade política atender a principal preocupación da cidade, nunha cidade con 24.000 persoas no paro e iso pasa porque destinemos, non

menos recursos ao Plan Municipal de Emprego do que nos gastamos nas bolsas de inglés ou no que nos gastamos nas luces do Nadal.

SR. PÉREZ CORREA: Sobre a execución nós nos reiteramos no que expresamos sempre, se isto fora un exercicio illado e non existira unha memoria para atrás, que nós temos, non temos memoria de peixe, somos capaces, non sei se coa idade seremos capaces, pero cando menos recordar os catro anos para atrás, creo que por agora somos capaces, polo tanto, sobre a execución efectivamente non hai 12 meses, pero vostedes teñen un problema de execución nos investimentos porque gran parte das partidas acaban no superávit do ano seguinte e iso non é algo que diga eu, senón é algo que di a autoridade fiscal nun informe sobre o Concello de Vigo que expresa algunhas cuestións que nós temos posto enriba da mesa, cales son os problemas, pois as casuísticas serán de todo tipo, pero hai moita inversión que non se executa e acaba no superávit, podemos darlle 50.000 voltas pero é unha tónica xeral do exercicio, calquera cidadán poderao consultar na páxina web, no que son as execucións e de como se computan os investimentos e as sumas que se fan despois no exercicio e aquí hai bo exemplo disto, vostedes teñen 30 millóns de euros de investimento anunciados no ano 2019, o que lle suman 29 millóns de euros, de onde saen eses 29 millóns de euros se non é da non execución de partidas nos exercicios anteriores, e temos aprobado aquí, pois, utilizar parte dese superávit, non todo, porque segue primando as leis de estabilidade consagradas polo Partido Popular e vostede diso que son 59 millóns de euros a esta altura, a falla de dous meses para acabar o ano, só teñen executado 16 que é o 28%, se vostede dime que en 2 meses van a executar a diferenza de 59 a 16 millóns, eu lle vou a dicir que vai a pasar dous meses diabólicos e que algún funcionario municipal pode incluso colapsar. É difícil executar todo iso que se pon en dous meses que quedan, logo veremos a liquidación, vostede nos dirá que nós non temos fe, efectivamente nós non temos case nada de fe, pero que despois cando se presentan as liquidacións finais aparece ese problema de execución, en cambio faltando dous meses para acabar o ano, xa van ao 99% do ingreso no capítulo dos impostos directos e xa van ao 94% de execución no que son as taxas e prezos públicos, é dicir, na recadación, a metralladora funciona pero nos investimentos non, e nós seguimos a dicir que iso non é un problema de estabilidade, dicíao o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego por certo, un partido rexistrado no Ministerio de Interior pódennlle chamar perfectamente porque o de non adscrito non existe ningún partido rexistrado así no Ministerio do Interior e efectivamente teñen suficiente capacidade política para

executar o 100% disto se quixeran, logo imos a outras casuísticas que son como se poñen os investimentos enriba da mesa e gran parte dese orzamento expansivo ven porque hai máis recadación pero tamén ven porque os servizos públicos concesionados a empresas privadas cada vez para o mesmo servizo custan máis e algún momento teremos que comezar a auditar determinadas cuestións, ata 13 veces modifican vostedes os prezos dalgúns contratos, parques e xardíns, recollida viaria, sempre hai modificación que van incrementado o custe efectivo do servizo que por certo imposibilita moitas veces que a futuro se poida remunicipalizar porque os custes efectivos están inflados por non auditar suficientemente cales son eses incrementos, nós que dicimos? Que é bo que vostedes poñen as cousas nos orzamentos, pero é bo que executen, non falen vostedes aquí de cubrición de patios cando é unha modificación orzamentaria dos 400.000 aos que lles restan 280.000 e esa modificación aparece aquí, non falen vostedes nin se escandalicen nin se alporicen sobre a situación da Tesourería cando vostedes partían de 78 millóns, unha das cifras máis baixas dos últimos anos do estado de Tesourería, fixeron 169 millóns de euros en cobros, fixeron 196 de pagos e hai 51 millóns euros de Tesourería, pasamos de 90 a case 100 millóns de euros de Tesourería a 51 millóns de euros, non digo que 51 millóns de euros sexa un mal dato pero case desapareceu o 50% das reservas que tiñamos nas contas bancarias deste Concello nalgunhas cousas, Auditorio Mar de Vigo e o que poidan vostedes poñernos enriba da mesa. Polo tanto, o grado de execución é moi baixo, segue sendo moi baixo, é unha tónica xeral de tódolos concellos deste país si, pero a estas alturas poucos concellos do Estado español de máis de 300.000 habitantes teñen unha execución dos investimentos do 28%, moi poucos e poden vostedes ir a calquera concello e rétolles que vaian a calquera concello grande deste país que estea nunha execución do 28% nos investimentos á altura da data de finais de setembro como aparece aquí neste informe, do resto, como xa sabemos cal é a película e a película é que todo o que digamos aquí queda ao final reflectido nunha liquidación do exercicio que é a Conta Xeral e falaremos disto mesmo cando teñamos a Conta Xeral do 2019 e verá como outra vez este grupo municipal tiña a razón.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A verdade Sra. Espinosa é que eu lamento que estea presidindo o Pleno hoxe mentres non clarexe o que está pasando e coa que está a caer, é unha foto fea.

Estado de execución, nos 9 meses que levamos de ano, só foron quen de executar o 52% do Orzamento total, é só o 27% para investimentos, xa sabemos que non vai a haber aquí unha carreira para executar ao 100% porque o ano pasado non a houbo tampouco, tamén quedou se executar por iso quedou cartos na caixa e por iso as modificacións elevaron o orzamento definitivo dos 255 iniciais a case 300 millóns de euros, porque eses cartos non se executaron no ano anterior e neste ano quedarán se executar, a día de hoxe hai 140 millóns de euros sen terceiro recoñecido esperando por alguén, por algunha empresa, por algún cidadán, por algunha entidade. Imos por partes, subvencións á rehabilitación Casco Vello, Bouzas, Santa Clara, millóns de euros en orzamento definitivo, comprometido e pagado menos de 100.000 euros, as empresas e as persoas seguen esperando polas axudas á rehabilitación para o que neste Pleno se aprobou no seu día millóns de euros de orzamento, supresión de barreiras arquitectónicas, comprometido cero, pagado cero, conservación de vías e espazos públicos, 3,5 millóns de euros do orzamento, executados 2 millóns de euros; segunda anualidade do carril bici de Samil-Teis, 3 millóns de euros pagado, 1,5 millón de euros e ímolles dar 250.000 euros máis, para que? Para que queden aí tamén se executar, fanlle agora unha modificación de crédito para que? Vigo Vertical a obra do Escorial, Gran Vía e ascensores, 10 millóns de euros orzamentado, executado a penas 1 millón, o 10%; axudas para alimentos executado xa todo, previsión de modificación ou de incrementar a partida? Ningunha, e o ano que ven baixa; axudas a familias de fondos de emerxencia, de 0,8 millóns canto teñen pagado? 0,5 millóns, aínda lle quedan outros 300.000 euros que están esperando por eses cartos, miren, se o orzamento non se executa o Orzamento é papel mollado e todo o traballo que imos a pasar aquí, de aquí á aprobación definitiva do Orzamento vai a ser traballo tirado ao lixo, agás nunha cousa claro, nos ingresos porque os vigueses pagan pero os cartos quedan na caixa, exactamente 140 millóns de euros sen terceiro recoñecido aí, esperando a que algún concelleiro/a os mova, esperando a que algún departamento, algún concelleiro poña a traballar e execute o orzamento e lle asine un terceiro, unha baixa execución é un indicio de ineficacia, de incompetencia pero ademais é tamén unha falla de respecto á cidadanía porque a cidadanía paga e a cidadanía espera previsiblemente, razoadamente que os cartos que paga cos seus tributos sirvan para os fins co que o Pleno lles fixou.

Dos petos dos vigueses saen os cartos pero para que? Para que están vostedes aquí? Nin sequera veñen ao Pleno, auséntanse iso é o que fan, o goberno está a outra cousa, está aos caprichos e ás arroutadas, eu sei que o Alcalde me está escoitando porque o sinto

fora e o Alcalde o que ten que facer é poñer ao goberno a traballar, ten que poñer ao goberno a traballar, e hai que ordenar ao goberno, hai que executar o Orzamento e hai que ordenar o goberno, hai que esixir o cumprimento dese Decreto de delegación de competencias que é unha macedonia desquiciante, no que a política social vai coas Illas Cíes, a economía co réxime interior e o emprego coa cultura, pero como se vai a executar un orzamento no que hai programas presupostarios, no que hai dous ou tres concelleiros/as responsables, que é a organización municipal, que é a xestión municipal, que é a dinamización administrativa? Tres concellerías.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu estou orgulloso de que presida este Pleno unha muller e unha excelente compañeira ademais.

Mire, respóndolle tanto ao número 20 da lista do Partido Popular votada nas eleccións locais de maio como aos representantes de Marea e ao concelleiro non adscrito deste Pleno municipal, viven nunha constante contradición, fala o Sr. Marnotes do Vigo Vertical cando é o Partido Popular, a Xunta de Galicia quen se opón ao Vigo Vertical na Gran Vía por exemplo, ou fala tamén Marea de Vigo de obras que se repiten, mire, é que vostedes non saben de que temos unha cidade cunha extensión de máis de 110 quilómetros cadrados? Non o saben, saben a extensión que ten a cidade e polo tanto, saben a extensión que teñen algunhas rúas desta cidade, que teñen quilómetros de extensión, polo tanto, se se executan fases dunha rúa esa fase evidentemente non se volver a executar, execútase a seguinte, polo tanto, somos un goberno que leva máis de 900 rúas humanizadas e polo tanto, que inviste na cidade. É que o concelleiro non adscrito segue facendo apoloxía da defensa da Xunta de Galicia e do Partido Popular porque o que nós lle propoñemos á Xunta de Galicia que é a que ten a competencia en materia educativa e que asine un convenio para facer fronte conxuntamente a ese local, porque mire temos experiencias previas que nos din que da Xunta de Galicia, non da Xunta de Galicia como institución, senón do Sr. Feijóo e do seu goberno non nos podemos fiar, non nos podemos fiar cando nos di que expropiamos terreos para a Cidade de Xustiza que nos custan a tódolos vigueses 4 millóns de euros e quedan nun patatal e tampouco nos podemos fiar do Sr. Feijóo cando nos di que vai a Madrid a boicotear a Biblioteca do Estado para Vigo que se vai a construír neses terreos que expropiamos con orzamento municipal, pero tampouco nos fíamos do Partido Popular e da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, cando di que vai a construír un ambulatorio en Bouzas polo que levamos esperando 12 anos, e

tampouco nos fiamos da Xunta de Galicia e do Sr. Feijóo cando non fai os investimentos nos colexios e é o Orzamento municipal o que ten que asumir unha competencia da que deixa as súas funcións á Xunta de Galicia, o mesmo que no emprego, o mesmo que nas políticas activas de emprego a que adicamos máis de 5 millóns de euros do Orzamento 2019 para fomentar que as persoas con necesidades de colocación na cidade de Vigo se coloquen nas empresas, e por certo, tamén desconfiamos da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo cando non achega os recursos necesarios para o IFEVI como logo veremos tamén nalgunha moción. Pero mirenen, nós si que executamos o Orzamentos, rúa Segade, Cabala, Valde, Barreira, Babío, Pombal, Santa Cristina, Salesianos, Par de Vila, Camiño Vello, Cortellas, as rúas Camelias, a Praza de América, Avenida de Castelao, Urzaiz, Areal tantas e tantas rúas desta cidade humanizadas con cargo aos orzamentos municipais, co cargo ao orzamento de inversións desta cidade para a satisfacción de toda a cidade de tódolos que viven aquí e de tódolos que nos visitan doutras partes de Galicia e de España.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

5(185).- APROBACIÓN INICIAL DA ADECUACIÓN DO ARTIGO 4.5 DA ORDENANZA FISCAL Nº 30 DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL Á XURISPRUDENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO E SENTENZAS FIRMES DOS XULGADOS DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE VIGO. EXPTE. 2619/500 (REXISTRO PLENO 2206/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposto emitido pola Dirección Xeral de Ingresos, xefa da Inspección de Tributos e concelleiro de Orzamentos e Facenda, de data 19.09.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Directiva 2002/21/CE de 7 de marzo, relativa a un marco regulador común de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva Marco).

- Directiva 2002/20/CE, do 7 de marzo, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas(Directiva Autorización).
- Directiva 2002/19/CE do 7 de marzo, relativa ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados (Directiva Acceso)
- Directiva 2002/22/CE, do 7 de marzo, relativa ao servizo universal e os dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva Servizo Universal)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, modificada pola Lei 25/1998, de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público

2. INFORME PROPOSTA.

O artigo 19.2 do TRLRFL establece: *“Se por resolución xudicial firme resultaren anulados ou modificados os acordos locais ou o texto das ordenanzas fiscais, a entidade local virá obrigada a adecuar aos termos da sentenza todas as actuacións que leve a cabo con posterioridade á data en que aquela lle sexa notificada”*

A xurisprudencia sucesiva do Tribunal Supremo (STS do 15/10/2012 e do 08/06/2016, entre outras) foi incorporando os pronunciamentos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sentenza de 12/07/2012 e Auto do 30/01/2014) para a aplicación das directivas do denominado “paquete de telecomunicacións”. Seguindo a citada xurisprudencia, recaeu sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo do 01/02/2018 que motivou o acordo plenario de 5 de setembro de 2018 polo que se introducía a tributación de empresas do sector de telecomunicacións titulares de redes e outras infraestruturas conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4 da Ordenanza Fiscal nº 30, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, coa finalidade de gravar aqueles supostos nos que as operadoras tiñan transmitido as súas infraestruturas a empresas do grupo non prestadoras directas de servizos de telecomunicacións.

Cómpre lembrar que a citada xurisprudencia sentou dous criterios en relación con estas taxas:

- 1º Soamente tributan por estas taxas as empresas titulares de redes ou infraestruturas que, de forma efectiva, ocupan dominio público local e,
- 2º O método de cuantificación que determine a contía da taxa non pode ter en conta ingresos brutos obtidos por unha compañía nin volume de negocio.

Seguindo estas dúas máximas derivadas do dereito europeo e incorporadas á xurisprudencia do Tribunal Supremo posterior á STXUE do 12/07/2012, o Pleno en sesión de 5 de setembro de 2018 incorporou un epígrafe I.4 no artigo 4.4 da Ordenanza Fiscal nº 30 pero, de xeito incorrecto, permaneceu no texto da ordenanza vixente a frase *“ Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este*

réxime de cuantificación se son titulares de redes”, incluída no apartado 5 do artigo 4.5, referíndose ao método de cuantificación do 1,5% sobre ingresos brutos.

Como se indica anteriormente, o réxime de cuantificación do 1,5% sobre ingresos brutos non resulta de aplicación ás empresas do sector de telecomunicacións, por non reunir as características esixidas polas Directivas comunitarias do paquete de telecomunicacións: xustificación obxectiva, proporcionalidade, non discriminación e uso óptimo do recurso escaso dominio público local.

En virtude do disposto no transcrito artigo 19.2 do TRLRFL, procede a adecuación do texto da presente ordenanza fiscal á xurisprudencia citada e, en consecuencia, corrixir a contradición da Ordenanza vixente eliminando a frase *“Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares de redes”* e, para maior claridade, completar a frase do parágrafo 4 do apartado 5 do artigo 4 nos seguintes termos: *“As empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4”*.

Ao tratarse dunha adecuación da Ordenanza fiscal á xurisprudencia citada de obrigada aplicación, mesmo sen modificación do texto da Ordenanza, non procede realización de consulta previa. Non existe impacto de xénero nin tampouco impacto orzamentario derivado deste expediente.

Tramitación:

O expediente será tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL:

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Adecuar o texto da Ordenanza Fiscal nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local á xurisprudencia emanada do TXUE, TS e Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo e, en consecuencia:

a) Eliminar no parágrafo 5 do artigo 4.5 a seguinte frase *“ Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares de redes”*.

b) Completar o parágrafo 4 do artigo 4.5, que quedará redactado como segue: *“Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil. As empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4”*.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o acordo no BOP.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 23 de setembro de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

O Interventor Xeral, en data 25.09.19, emite informe favorable de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 3 de outubro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 9 de outubro o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación de dita Ordenanza.

Con data 11.10.19 ábrese o prazo de 6 días para a presentación de emendas polos grupos políticos.

O Secretario Xeral do Pleno, en data 23.10.19, certifica a non presentación de emendas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urgente do 23.10.2019, ditamina favorablemente a proposta transcrita na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para aprobar a modificación dunha ordenanza fiscal a ordenanza fiscal número 30 que é a que graba a ocupación da vía pública por parte daquelas empresas que obteñen un beneficio nas súas contas de resultados por aproveitar especialmente ese dominio público local, por aproveitar tanto as beirarrúas como o subsolo desas beirarrúas para as súas canalizacións e para as súas transmisións de enerxía, de auga, de datos, etc. Neste caso a modificación da ordenanza fiscal trae conta dos recursos que os servizos xurídicos da concellería de Facenda e polo tanto do goberno da Vigo, e polo tanto da cidade de Vigo, veñen gañando sistematicamente as empresas de telecomunicacións tanto no xulgado contencioso-administrativo de Vigo como no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén veñen avaladas por recentes sentencias do Tribunal de xustiza da Unión Europea. Polo tanto, esta adecuación ten carácter técnico pero obviamente ten transfondo económico e xurídico polo que se trata, por un lado de garantir a recadación destas taxas por ocupación da vía pública municipal que pagan as empresas de telecomunicacións e supoñen un importante volume de recursos para as arcas do Concello de Vigo e trátase tamén de dar seguridade xurídica na regulación destas taxas de ocupación que teñen que pagar as empresas de telecomunicacións e que polo tanto, garante a recadación e garante tamén os recursos necesarios para despois facer esas políticas públicas de benestar, de educación, de investimentos que facemos na cidade, para transformar a cidadee para mellorar as condicións de vida das cidades, trátase como digo dunha cuestión técnica posto que neste eido das empresas que ocupan a vía pública conviven tres sistemas de tributación distintos, agora que é o tratamos de clarificar por unha banda a antiga compañía telefónica nacional de España que ten un réxime fiscal especial nesta taxa que achega máis de 450.000 euros pola ocupación de vía pública, en segundo lugar estaría outro réxime fiscal que aplican as empresas prestadoras de servizos de interese xeral que tributan en función do 1,5% da súa facturación no municipio e agora adecuamos esta ordenanza fiscal ás empresas de telecomunicación, singularmente ás empresas de telefonía, que como titulares de redes que circulan baixo o dominio público municipal teñen tamén que contribuír con esta taxa digamos ás arcas municipais e o que se fai clarificar a redacción desta ordenanza fiscal, singularmente o artigo 4 da ordenanza fiscal número 30 para dotar de seguridade xurídica, eliminar calquera posible contradición que

existía na redacción e polo tanto, mellorar tamén as condicións para a recadación desta taxa para o Concello de Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O goberno proponnos a aprobación inicial dunha modificación da ordenanza fiscal 30, con base efectivamente na xurisprudencia e o Bloque Nacionalista Galego non imos a opoñernos a esa aprobación, non en tanto si que quixéramos demandar que o goberno inicie un proceso de revisión e de actualización do conxunto, non só das ordenanzas fiscais senón tamén das ordenanzas municipais que non teñen haber coa fiscalidade para as adecuar ás necesidades presentes da cidade, unha reclamación que xa se ten feito noutras sesión plenarias e que é un proceso que para nós é necesario que se faga ademais contando con tódalas forzas políticas desta Corporación e tamén co tecido asociativo, non esperemos a que se haxa que corrixir as ordenanzas unicamente por imperativo de xurisprudencia, non. Tamén queremos apuntar que no concreto si que entendemos que sería urxente procurarmos tamén fórmulas legais que permitan que o aproveitamento privado do espazo público por parte singularmente de grandes empresas, de grandes compañías se traduza tamén en maiores ingresos para o Concello, xa llo formulamos nese sentido nalgunhas propostas nas alegacións ás ordenanzas fiscais.

E por último, en relación a, antes se facía una alusión ao filibusterismo, eu creo que é dun cinismo atroz acusar ao Bloque Nacionalista Galego de defender á Xunta de Galicia, pregúntelle ao Sr. Losada o moito que defende o Bloque Nacionalista Galego a Xunta do Sr. Feijóo no Parlamento de Galicia ou agarde ao desenvolvemento desta sesión plenaria para ver o moito que imos defender á Xunta de Galicia. Nós o que lle pedimos é que non colaboren por inacción e por non executar o orzamento coa política de abandono que practica o Partido Popular, non lle dean coartada para que o Pintor Laxeiro non teña unha ampliación e da mesma maneira que van a adquirir un solar sen ter a posibilidade neste momento legal de obrar para facer un pavillón, adquieran ese local anexo imprescindible para o Pintor Laxeiro e desa maneira todos e o Bloque Nacionalista Galego o primeiro, premeremos á Xunta de Galicia para que faga o que ten que facer que si é adecuar e obrar para poñer ese local a disposición do colexio.

SR. PÉREZ CORREA: Afondando nesta cuestión e ademais expresado nas emendas que presentamos durante os últimos anos, cando se veñen e se actualizan aquí as

ordenanzas fiscais e os prezos públicos, e dicíamos no escrito que presentábamnos da alegación ás ordenanzas fiscais do ano 2017, 2018, 2019 e tamén ás actuais, dicíamos que hai que aproveitar o período no que se actualizan os prezos e taxas e prezos públicos precisamente para revisar todas e cada unha das ordenanzas que teñen que ser revisadas, este grupo municipal leva toda a lexislatura anterior reclamando actualizar e facer cumprir a lei da ordenanza que regula as terrazas e que tamén é unha ocupación da vía pública de uso privado, sistematicamente se nos di que se está en elaboración unha ordenanza e que ademais por certo no ano 2010 unha orde ministerial do Ministerio de Vivenda que obrigaba no prazo de 9 anos aos concellos a adaptar o que é precisamente a súas ordenanzas a unha realidade da ocupación da vía pública, no que ten que ver cos anchos que se permiten terrazas que é 1,80 metros non 1,20 metro como teñen vostedes coa ordenanza, que ten que ver incluso con que non pode haber terrazas ocupando pegadas ás fachadas dos edificios, o tema da accesibilidade mobilidade que saiban vostedes que o prazo rematou en xaneiro deste ano sen que este adaptada á ordenanza municipal e que ademais hai sentenzas xudiciais, algunhas xa dos xulgados Vigo, que veñen a dicir que vostedes teñen que adaptar esa ordenanza. Polo tanto, a mesma celeridade que é para satisfacer as necesidades de Telefónica, Vodafone e das grandes operadoras e das súas subcontratas, home sería bo que se aplique tamén ao conxunto da ocupación de vía pública que efectivamente é unha ordenanza diferente que ten que ver cos grandes operadores pero que está vendo unha ocupación da vía pública e de mobiliarios públicos de maneira desaforada sen ningún tipo de control, xa falaremos das empresas privadas, dos patinetes, de como se colocan carteleira nos báculos dos farois tendo unha ordenanza que prohíbe tanto unha cousas como outra. Nós estamos obviamente de acordo porque non cumprir iso significar que iríamos directamente a un contencioso coas operadoras e ademais aquí a xurisprudencia di que gañan, pero está ben que unha vez ao ano revisemos tódalas ordenanzas, revisemos onde teñen que ser modificadas por modificacións lexislativas e que non sexa a golpe de xulgado a que nos obrigue a traer aquí este debate, ademais nunha modificación dunha ordenanza que outros concellos están a facer dunha maneira moi intelixente tamén para probar a recadar máis, por exemplo coa cuestión dos caixeiros na vía pública, este grupo municipal pediu que as entidades bancarias se lles aplicara un recargo maior na ocupación de vía pública con caixeiros en determinadas actuacións que teñen que ver e que regulan esta e outras ordenanzas que teñen que ver efectivamente co espazo público que ao fin e ao cabo nos custa manter e que ao fin e ao cabo pertence a

tódalas/os vigueses pero nos gustaría algún tipo de procedemento para que tódolos anos revisemos de maneira normal e natural o conxunto das ordenanzas non só aquelas onde queremos aplicar as subas impositivas como é practica habitual e ademais é que aquí está enriba da mesa unha cuestión que non é menor, que é a sucesión de contratas que teñen as grandes operadoras de telefonía que moitas veces ao final son incluso empresas do propio grupo, pero que moitas veces o que están é configurando cando menos na nosa cidade e que moitas veces hai claros incumprimentos que teñen que ver coa materia da saúde laboral, ou que ten que ver como é un procedemento de obra pública e isto o que ven a demostrar é que esta batalla xudicialmente sempre a gañan con tema das contratas e subcontratas e teremos que adaptar a nosa normativa que ao final entre o contrato que subscribe Telefónica e a persoa que fai a obra na vía pública pode haber ata 3 ou 4 empresas diferentes o cal tampouco non é bo, pero xa digo a capacidade de acción do Concello nisto pois realmente é mínima e debería ser inspección de traballo a que actuara.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós pensamos que este tema é un tema que non da para máis, é dicir, estamos ante un cumprimento obrigatorio de sentencias xudiciais e nós imos apoiar a modificación da ordenanza, se cadra incidir que efectivamente habería que lamentar que hai aquí operadoras que por unha interpretación xurídica dos tribunais pois efectivamente van a deixar de pagar os seus impostos ao que viñan obrigadas ata que estivo en vigor a ordenanza pero nós pedimos tamén bonificacións, para as empresas que crean emprego e se instalan en Vigo, nas ordenanzas fiscais e se nos dixo que non, quizais sería unha boa ocasión agora que se temos que rectificar esta ordenanza porque como todas as de España que non é un problema do Concello de Vigo tamén lle recoñezo que este non é un problema que se causara no Concello, isto é xeralizado, hai que facelo pero si sería unha mágoa non ter aproveitado isto para introducir bonificacións ás empresas que si pagan impostos e que si traballan, estas empresas se prevalen dunha situación de utilización de dominio público a través doutra que é a titular e van a deixar de facelo, nada que dicir aí, votaremos a favor.

SR. ANEIROS ANEIROS: Contesto tamén brevemente, en principio porque tanto o Partido Popular como Marea de Vigo mesturan cuestións, miren, isto non é unha cuestión de que modifiquemos a ordenanza obrigados por unha sentenza, non, é que nós gañamos ás

empresas de telefonía, ás máis importantes empresas de telefonía do país con bos e precisos bufetes xurídicos defendendo esas compañías, nós os servizos municipais lle gañan e polo tanto, as sentencias nos dan a razón e como nos dan a razón clarificamos para que non haxa ningún xénero de dúbida na ordenanza municipal e polo tanto que non haxa ningunha vía aberta a poder seguir recorrendo, polo tanto, o que queremos é seguir garantindo a seguridade xurídica e que os nosos servizos xurídicos municipais se adiquen a outras necesidades máis que a ter que defenderse de recursos continuos de compañías que o que pretender é non pagar sistematicamente. Este goberno municipal está pola igualdade, pola xeneralidade no pagamento dos tributos, todos teñen que contribuír ao sostemento dos gastos públicos, iso é o que di a Constitución, iso que é o que nós estamos a facer. Pero mire, é que tamén se equivoca a Marea de Vigo, quero destacalo non é que actuemos celeremente para atender ás necesidades das compañías, non, é que precisamente porque lle estamos gañando, para suxeitalas atribución porque todos temos que contribuír por iso modificamos a ordenanza porque nos dan a razón os tribunais, porque nos permite clarificar mellor aínda os que dinos tribunais á nosa ordenanza fiscal e á nosa postura, postura que achega recursos ao Concello de Vigo, aos Orzamentos municipais e que polo tanto permite adicar eses recursos a satisfacer as necesidades da xente, polo tanto, léanse ben os papeis cando van as comisións, léanse tamén os papeis cando veñen ao Pleno porque non se trata de facilitarlle a vida ás compañías de telefonía e de telecomunicacións, trátase de facer que tributen que é precisamente o que non queren facer e non queren facer tamén nun concello que é significativo porque o preside o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, e o que non queren é que este criterio que lle gaña Vigo se aplique noutros municipios, ese é o problema que hai de fondo coas compañías de telecomunicacións, pero mire, gústame tamén que fale tamén doutras cousas, dos carteis nos farois, na pasada campaña municipal vivimos que os señores Pérez e Pérez están en farois, o que é peor en cristais de baixos privados, polo tanto, en mobiliario público e privado, polo tanto, os primeiros que teñen que cumprir coa ordenanza que prohíbe colocar carteis en mobiliario público e non só iso, en cristais de baixos privados son vostedes, polo tanto, un pouco de por favor como diría o outro, un pouco de coherencia, e miren, os caixeiros na vía pública xa están gravados, é que xa están na ordenanza municipal, cando un caixeiro permite o acceso dende a vía pública xa paga unha taxa municipal, así que por favor, infórmese un pouco máis.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Adecuar o texto da Ordenanza Fiscal nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local á xurisprudencia emanada do TXUE, TS e Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo e, en consecuencia:

a) Eliminar no parágrafo 5 do artigo 4.5 a seguinte frase “ *Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares de redes*”.

b) Completar o parágrafo 4 do artigo 4.5, que quedará redactado como segue: “*Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil. As empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4*”.

SEGUNDO.- Acordar a aprobación provisional da modificación da Ordenanza segundo consta no apartado primeiro.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO.- Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

c) Publicar o acordo no BOP.

d) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

6(186).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 22495/541 (REXISTRO PLENO 2209/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe, de data 17 de outubro de 2019, do tesoureiro municipal que di o que segue,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regulamenta o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asimismo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesorería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción

de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento

establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendiente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 1040/2017 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre. Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2019.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2019 que se achega xunto co presente

escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade	X. M.	F. MARCO	C.	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.729	76	68	10	12
Importe dos pagos	38.268.659,70	316.130,62	112.263,65	10.946,90	145,20
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	25	1	41	1	0
Importe	105.567,69	128,30	125.286,97	4.777,50	,00
PMP (período medio de pago do	18,57 días	27,53 días	36,39 días	126,72	9,25 días
Intereses de demora pagados no					
Nº de pagos	,00	,00	,00		,00
Importe	,00	,00	,00		,00
Pagos pendentes ao remate do					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	366	15	14	1	0
Importe dos pagos	5.809.642,74	28.702,23	23.936,43	1.225,07	,00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	17	0	2	3	6
Importe	403.295,07	,00	1.093,91	966,00	23.854,18
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre	17,06 días	7,46 días	25,66 días	73,10 días	2.225,38 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimest.	Entidade	Entidade	Entidade	Entidade	Entidade
	Concello	XMU	F. MARCO	F. C.BUREAU	F. FAIMEVI
	Días	Días	Días	Días	Días

	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,28	12,59	25,46	12,70	50,64	33,13	133,57	17,66	4,90	2.034,36
Segundo	14,08	13,63	17,85	5,27	40,63	39,01	76,89	39,13	9,17	2.065,86
Terceiro	18,57	17,06	27,53	7,46	36,39	25,66	126,72	73,10	9,25	2.225,38
Cuarto										

En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.140.443,36	3.496.035,30	198.647,18	48.731,11	177.934,05	70.207,59	9.153,72	17.282,94	269,83	23.854,18
Nº pagos	1.728	247	59	23	115	32	10	18	13	6
Segundo	38.665.659,81	5.489.560,79	351.563,92	19.653,46	161.047,64	35.794,32	19.236,27	5.099,50	145,20	23.854,18
Nº pagos	1.742	408	100	15	110	32	32	2	12	6
Terceiro	38.374.227,39	6.212.937,81	316.258,92	28.702,23	237.550,62	25.030,34	15.724,40	2.191,07	145,20	23.854,18
Nº pagos	1.754,00	383,00	77,00	15,00	109,00	16,00	11,00	4,00	12,00	6,00
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dase cumprimento ao prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 1040/2017

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación, FAIMEVI e Fundación CONVENTION BUREAU

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2019												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,65	10,02	11,61	9,54	8,78	11,89	12,38	13,98	14,89			
FAIMEVI	78,9	108,26	139,0	168,7	199,5	230,6	261,	292,21	321,97			

			2	9	6	9	02					
MARCO	42,34	29,51	49,76	42,28	39,63	27,59	28,50	47,72	36,52			
XMU	7,85	7,95	13,28	5,77	8,93	13,01	9,67	19,04	21,68			
V. C.BUR.	935,92	50,96	17,66	44,07	10,29	38,28	65,41	63,62	23,90			
PMPGlob.	17,29	10,27	12,17	9,77	9,02	12,03	12,54	14,34	15,18			

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2019

Mes	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago
Xaneiro	11.145.646,79	1.905.354,49		46.480,61	38.381,96	63.240,91	9.153,72	11.482,31	173,03	6.154,18
Febreiro	8.775.392,52	2.859.587,01	46.835,96	37.784,08	33.398,07	89.000,56		2.505,23		
Marzo	11.150.022,25	2.980.942,06	151.811,22	48.731,11	110.295,17	70.207,59		17.282,94	48,40	6.154,18
Abril	12.382.545,37	3.709.418,92	95.893,74	54.365,67	52.655,49	30.070,29	18.434,35	351,51	48,40	6.154,18
Maio	13.067.124,72	5.932.467,44	139.318,89	53.736,21	79.365,99	34.173,42	480,39	5.099,50	48,40	6.154,18
Xuño	13.193.515,36	5.394.508,61	116.351,79	19.653,46	29.026,16	35.794,32	324,53	5.099,50	48,40	6.154,18
Xullo	13.483.035,83	5.723.551,53	80.885,24	122.558,17	69.213,76	46.316,69	5.163,22	322,00	48,40	6.154,58
Agosto	12.248.484,44	5.717.911,74	127.104,97	98.051,03	76.635,76	34.673,83	356,03	322,00	48,40	6.154,18
Setemb.	12.615.740,32	6.149.591,52	108.268,71	28.702,23	91.701,10	25.030,34	10.201,15	1.547,07	48,40	6.154,18
Outubro										
Novemb.										
Decemb.										
TOTAL	108.061.507,60		866.470,52		580.673,46		44.113,39		511,83	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.10.19, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Vamos neste caso a dar conta do pago a provedores que é unha mostra máis de que se executa o Orzamento e boa mostra de que se executa o Orzamento e que neste trimestre tan só a entidade local, sen ter en conta a Xerencia Municipal de Urbanismo e os outros organismos dependente, se fixeron 1.729 operacións de pagamento, por importe de 38,2 millóns de euros neste trimestre, polo tanto, 1.729 operacións de pago de facturas, de servizos, de contratos, de investimentos, que se fixeron con cargo aos orzamentos municipais de 2019 que se están a executar e que supoñen un total de 38,2 millóns de euros.

O que facemos é non só cumprir loxicamente coa obriga legal de pagar aos nosos provedores, ás nosas obras, os nosos servizos, os nosos investimentos senón tamén de facelo no xeito ou na forma máis breve posible para facilitar a tesourería das empresas e polo tanto facilitar que as empresas que actúan na nosa contorna, que contratan cos nosos servizos municipais, dispoñan dos recursos económicos que lles facilitan a Tesourería e polo tanto, que garanten o emprego, o movemento das súas actividades económicas normais. Hai que dicir que se ampliamos o perímetro de consolidación, o Concello de Vigo no perímetro de consolidación tendo en conta polo tanto, a Xerencia de Urbanismo e tamén outros entes dependentes, abonou 1.895 facturas por 38,7 millóns de euros no terceiro trimestre do ano, polo tanto, executando o orzamento e executando nun tempo breve que permite que as empresas á volta de dúas semanas cobren as súas facturas, polo tanto, nun tempo extraordinariamente breve, nun tempo extraordinariamente rápido se verifica a corrección dos servizos, a corrección do contratado, e se é correcto só se autoriza ese pago que chega pronto ás empresas e que facilita que esas empresas dispoñan dos recursos necesarios para as súas necesidades e

polo tanto, alivia tensións de Tesourería nas empresas, alivia tamén tensións no pagamento de nóminas e facilita polo tanto, o movemento económico.

Hai que dicir que no contexto do estado español o período medio de pago é de 78 días nas corporacións locais, en Vigo tan só é apenas dúas semanas polo tanto, un tempo de pago moito máis breve que no contexto do Estado, por certo se aplicásemos este período normal de pago fora de Galicia, fora de Vigo, de 78 días, en Vigo estaríamos no ano 2006, cando gobernaban outros/as e os períodos de pago superaban con creces o 67 días de pago a provedores, este goberno local á volta de dúas semanas fai que o seus provedores cobren e polo tanto estamos á cabeza das cidades de España en pago a provedores e polo tanto liderando tamén esa recuperación económica, ese impulso á economía, hai que dicir que Vigo se coloca polo tanto por diante de cidades de máis poboación, de máis orzamento, de máis recursos como son Madrid, como o de Barcelona, Zaragoza, como Sevilla, Málaga, cidades en definitiva de maior poboación e polo tanto, de maior orzamento municipal e que teñen uns pagos de pago a provedores moito menores, basta con ver Sevilla con 51 días, Zaragoza 46 días, Palma 37 días, Las Palmas de Gran Canarias 172 días, Tenerife 15 días, Murcia 25 días, Valencia 36 días, Xixón 24 días, Oviedo 22 días e Vigo en tan só 12 días paga aos seus provedores.

No contexto de Galicia a situación tamén é moi semellante posto en A Coruña paga en 60 días, Vigo en 12 días, Santiago de Compostela paga en 101 días, Vigo en 12 días, Ourense paga en 80 días, Vigo en 12 días, Pontevedra paga en 30 días, Vigo en 12 días, polo tanto, Vigo paga en dúas semanas cando A Coruña paga en máis de 8 semanas, Ourense en máis de 11 semanas, Santiago de Compostela máis de 12 semanas e Pontevedra en 4 semanas, polo tanto, uns tempos de pago axeitados á dimensión dos servizos municipais, á política municipal, de verificar rapidamente o cumprimento dos servizos e de facilitar polo tanto que as empresas que cumpren cobren rapidamente para evitar tensións de Tesourería nas súas contas e nas súas actividades ordinarias. Hai que dicir que outros municipios da contorna tampouco se destacan por este cumprimento rápido a provedores, por certo, Mos están en 70 días de pago a provedores, polo tanto, nós en Vigo si que nos preocupamos pola economía, pola xente que cumpre, por xerar capacidade tractora da economía na nosa cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que os datos que reflicten o informe a respecto do cumprimento dos prazos de pago efectivamente visan unha situación moi positiva a

respecto da axilidade no pago e dende o Bloque Nacionalista Galego queremos felicitar tamén ao persoal dos servizos municipais que o fai posible na súa tramitación, tamén é certo que hai que encadrar esta axilidade nun marco como xa vimos de abordar nun punto anterior dunha escasa execución orzamentaria máis en todo caso o dato é moi positivo e así o recolleemos. En todo caso dende o Bloque Nacionalista Galego si que queremos volver a reclamar como unha suxestión en positivo que coa mesma axilidade, celeridade que se están afrontado os pagos a provedores pois tamén se aplique a celeridade, estabilidade, previsibilidade na concesión das achegas, das subvencións, dos convenios ao tecido asociativo dende o absoluto respecto á legalidade e ao trámite legal que corresponde para a liquidación e a xustificación desas subvencións si que temos vivido nos últimos meses situacións algo preocupantes, que as axudas aos clubs deportivos da tempada 2018-19 se resolveron aínda poucas semanas provocando que houbera algún club deportivo que tivo que acudir a póliza de crédito para ter liquidez, que vexamos como hai convenios e subvencións das que dependen cuestións importantes como son os gastos de alugueiro de locais sociais, de sedes de entidades sociais e veciñais que aínda están e vostedes sábeno mellor que min porque son obxecto reiterado de acordo da Xunta de Goberno Local, pois que se están aínda a efectivizar agora ou como vimos tamén a situación no que se ven de producir en relación ao programa de coidadoras/es de barrio e nese sentido o Bloque Nacionalista Galego fomos unha forza decisiva en impulsar ese programa e dende logo tamén queremos saudar que haxa agora por fin o compromiso de darlles estabilidade durante todo o ano, pero en todo caso, resumindo, esa celeridade pois tamén que sexa non só para o tecido privado senón tamén para axudas ás entidades sen ánimo de lucro.

SR. PÉREZ CORREA: Os datos son sempre comparativos, está ben compararse con outras cidades pero tamén está ben ver a evolución desas cidades con respecto a nós e con respecto ao último informe que se nos presenta e o informe do período medio de pago e o período medio pendente de pago aumenta, en abril estábamos no 16,28 días agora estamos 18,57 e o período medio pendente de pago, daqueles pagos que é certo que é un importe menor, son 17 pagos, estábamos en 12,59 agora estamos en 17,6 e ademais comparativamente co ano anterior, sendo mais ou menos os mesmos volumes de pago, é dicir, aumentamos os tempos de pago aínda sendo un dato bo, mentres outros concellos van reducindo incluso nalgúns casos no 50% os seus períodos de pagos, é dicir, hai un esforzo por así dicilo, para que lle resulte amable a vostedes, pois o resto dos concellos

van tendentes a parecerse a Vigo e Vigo vai tendente a non parecerse así mesmo ou polo menos eses son os datos que vostedes poñen aquí enriba da mesa con respecto a un trimestre, argumentos para xustificar isto e algún deles serían sólidos, é dicir, houbo un proceso electoral polo medio que puido efectivamente atrasar pagos ou incluso que nos movamos neses números. En todo caso, iso o que está claro que os pagos efectivamente, os montantes dos pagos neste Concello aos grandes provedores, ás grandes empresas se cobren con todas as dificultades seguramente a outro tipo de actividades pero como isto fai referencia aos pagos que están en base a emisión de facturas pois non non imos a poñer enriba da mesa sobre os pagos que están en tanto en canto avalados por unha factura, se que nos gustaría un pouco saber cal segue sendo o problema dos pagos ao Marco, porque eses números segue sendo ano tras ano tan evidentes, supoño que ao mellor a casuística é diferente, pero si que nos gustaría dentro dese anuncio por parte de vostedes de que o Marco vive unha nova etapa, entendemos que vai haber maior dotación orzamentaria, cando menos vai haber máis capacidade financeira para abordar os retos do Museo pois os pagos que estean pois en 36 días e incluso en números maiores, en todo caso o dato é bo, pero xa digo, mentres tódolos concellos e ademais tódolos concellos en base a esa constrición que fai o Ministerio de Facenda con respecto aos concellos que lles está todo o rato tensionando para que se reduzan os tempos dos pagos mentres a outras administracións como as autonómicas, incluso o Estado non se lle pide ese esforzo que se lle pide aos concellos, pero en todo caso o dato é bo pero si que é certo que hai aumento con respecto ao trimestre anterior que nos gustaría saber se se simplemente é por isto porque houbo un proceso electoral polo medio ou se isto pode ser unha tendencia que explicaría outras cuestións como digo que tamén teñen que ver coa Tesourería ou polo menos que nos datos que temos enriba da mesa si que así o amosan.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Isto é o que mellor fai o goberno, executar o Orzamento de ingresos, isto é o que mellor fai, recadar, iso é o que fai ben executar o orzamento de ingresos porque o goberno recada e non gasta e como non executa os orzamentos os cartos quedan na caixa, só fallaba que o pouco que executen non o paguen, so fallaba que non cumpriran cos prazos legais de pago a terceiros, se teñen vostedes unha execución de menos do 27% de ingresos reais, se tiveran unha execución do 70% a ver como sería o pago, porque como lle dicía recoñeceron obrigas de 158 millóns sobre un

orçamento total de 300 millóns de euros e pagan só 155 cando teñen que chegar case a 300, sabe onde tiña que estar na execución? Canto tiñan que ter pagado no mes setembro? 200 millóns de euros, 220 millóns, iso sería se a execución do Orzamento se adecuase ao exercicio orzamentario, as tres cuartas partes, canto teñen executado, a metade pois só fallaba que se demorasen nos pagos porque con tantos cartos na caixa como para non pagar, claro que son rápidos pagando, porque ingresan moito e pagan pouco así de claro, por iso son rápidos pagando, está ben, executan ben os orzamentos de ingresos, fantástico, se paga ben a terceiros, fenomenal pero habería que executar máis, habería que traballar máis, habería que adxudicar máis, habería que conceder máis para pagar máis e a tódolos que se pagan por suposto que hai que cumprir os prazos legais. Para nós o esencial non é o rápido que se paga ou non se paga, o problema é que hai outro tanto que habería que pagar e non se fai, hai 140 millóns de euros no Orzamento esperando a ver que se fai con eles, esperando a facer un documento contable e asinarlo a un terceiro, non hai obrigas recoñecidas para 140 millóns de euros, iso que é? Como imos a cualificar isto? Como cualificarían vostedes un Orzamento no que efectivamente tiñan que estar executados 220 millóns de 295 millóns e quedan aínda 140 millóns por executar? Desidia, da igual, só dicilo é que da vertixe 140 millóns de euros que non se moven a disposición do goberno, das concelleiras/os, a disposición dos veciños/as, non se moven, e xa non digo que xa tiña que estar pagados, ao menos recoñecidos. Nós pensamos que están a outra cousa, dende logo non están a executar o orzamento, pagalo, pois si, claro, efectivamente, estase a pagar o que executa que máis ben é pouco e dicía que hai moitas partidas que están sen executar, pero isto é unha tónica, é que isto pasa cada trimestre o que pasa que se acentúa a medida que avanza o ano, no último informe trimestral de pagos de Tesourería efectivamente xa constatabamos o que pasaba, e levábase a metade do ano, e advertimos, é máis, lle dicimos señor concelleiro de Facenda que a súa obriga era poñer aos seus compañeiros a andar, pois xa vexo o que fixo, nada de nada, créame como lle dicía que un goberno que non executa os orzamentos, non é un goberno competente, e ademais é faltarlle ao respecto aos cidadáns porque os orzamentos si que se executan, pero non se paga, hai moitos cartos que están sen mover, por que? Non son quen, non teñen medios, porque son 20 eh!, pero os vigueses tamén decidiron cando pagan os seus impostos, esperan que eses impostos se executen totalmente e que todo o que entra se lle devolva ás empresas e aos cidadáns, quedan 140 millóns de euros, sabemos os precedentes porque

hai pouco vimos a Conta Xeral do 2018 non están executando ben, pagan ben pero pagan pouco.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que é cansino escoitar algunhas cousas, a verdade é que eu xa non sei como dicilo, recoñezo que sendo o número 20 dunha lista municipal hai que adoptar unha certa impostura para defender as súas posicións pero as veces parece difícil defender o indefendible, eu voulo a dicir cunha metáfora, diante da Alhambra de Granada hai unha poesía que di, “dálle esmola a muller, que non hai nada na vida como a pena de ser cego en Granada” e aquí pasa o mesmo, non hai nada peor que ser cego en Vigo, non hai nada peor que dicir que o Orzamento non se executa, non hai nada peor dicir que non pagamos aos provedores, non hai nada peor que mentirlles á cidadanía, mire, eu non me imaxino un goberno dirixido por vostedes é que non me o imaxino. Miren, a proba de que se executa o orzamento é que neste trimestre executamos, a mostra de que se executa o Orzamento Sr. Marnotes, é que neste trimestre pagamos 38 millóns de euros, nun tempo récord, non rematou o ano, a súa compañeira de partido, a Sra. Muñoz, insisto cando era conselleira de Facenda pechaba o exercicio económico, a verdade é que difícil continuar con seriedade escoitando o que hai que escoitar diante no grupo da oposición. Mire, nun tempo récord de 12 días facemos fronte ao pago á provedores, a Xunta de Galicia en vinte e tantos días fai fronte as súas partidas, por certo, moitas delas non executadas no Orzamento da Xunta de Galicia, polo tanto, executamos correctamente, miren, executamos correctamente o capítulo II e o capítulo VI que é do que rendemos conta aquí, e lle respondo tamén ao Sr. Pérez Iglesias porque as subvencións están xa abonadas nun 98%, o que queda é que as entidades xustifiquen que cumpriron co fin para que se subvenciona pero o orzamento de contratos de servizos de inversións está pagado nun prazo récord de 12 días, por certo, nun período e respondo tamén ao tema do Marco no que no mes de agosto que é período vacacional é normal que non haxa non só funcionarios, que si que os hai traballando senón persoal nunha fundación como é a Fundación Marco, e polo tanto, en 6 días, despois das vacacións, pagan as facturas pendentes, polo tanto, nun tempo razoable para o que é o mes de agosto. Insisto, Vigo lidera o pago a provedores no contexto do estado, está ao fronte das cidades españolas en volume de orzamentos, de pagos, de execución de orzamentos e polo tanto uns ratios de execución moi solventes e uns ratios de pago a provedores moi rápidos para evitar tensións de Tesourería para facilitar a actividade das empresas.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

7(187).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN MEMBROS DA COMISIÓN XESTORA DO PLAN DE PENSÍONS EN REPRESENTACIÓN DO GOBERNO MUNICIPAL. EXPTE. 34902-220 (REXISTRO PLENO 2211/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 22 de outubro de 2019, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, co conforme da concelleira delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“O Pleno da Corporación en sesión do 29/07/1996, adxudicou o concurso público para a implantación dun plan de pensións ao persoal municipal, aprobándose o correspondente regulamento rector en sesión do 07/10/1996.

O dito regulamento do plan de pensións contempla, no seu art. 34.- "Comisión de control del plan", unha composición de 13 membros, dos cales 8 corresponden aos partícipes e 5 corresponden ao promotor.

Na actualidade e con motivo das eleccións municipais que tiveron lugar o pasado maio do 2019, resta designar aos representantes da Corporación Municipal, en número de 5.

Polo exposto, pola Concellería-Delegada da Área Empresa, Economía, Seguridade e Organización municipal se propón a designación de 5 membros da Corporación para formar parte da Comisión de Control do Plan de Pensión, e posterior remisión ao Pleno da Corporación, coa fin de designar como representantes da Corporación Municipal aos concelleiros/as propostos, segundo a relación que se indica, que se achega á presente:

Grupo Municipal do Partido Popular: Titular: D. Alfonso Marnotes González; Suplente D. Jesús Marco González Castillo.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: D^a Elena Espinosa Mangana, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Carlos López Font e D. Jaime Aneiros Pereira.”

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 23 de outubro de 2019, ditaminou favorablemente dita proposta.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta transcrita na parte expositiva deste acordo.

8(188).- RATIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE A COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER. EXPTE. 9504/224. (REXISTRO PLENO 2204/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 15 de outubro de 2019, a Xefa de Igualdade co conforme da concelleira de Igualdade e Normalización Lingüística, emite o seguinte informe proposta,

“Para constituír o novo Consello Municipal da Muller consonte co previsto no art. XIII do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do día 26 de febreiro de 1993, solicitouse a todas as entidades que o compoñen o nomeamento da súa representante.

O día 14 de outubro de 2019, previa convocatoria da Presidenta, celebrouse a sesión constitutiva do Consello Municipal da Muller. Nesta sesión a Presidenta presenta á consideración das membras a composición do mesmo e o calendario de xuntanzas

anuais, segundo o previsto na disposición adicional primeira do regulamento para, posteriormente, ser sometido ó ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Normalización Lingüística, Distritos e Participación Cidadá e a súa ratificación polo Pleno da Corporación Municipal consonte co disposto no artigo XIII e disposición adicional primeira do Regulamento do Consello Municipal de Muller aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de febreiro de 1993 e publicado no Boletín Oficial de Pontevedra do día 13 de abril de 1993.

Polo devandito, proponse ao Pleno da Corporación Municipal que adopte o seguinte acordo...”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo,

A Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Normalización Lingüística, Distritos e Participación Cidadá, na súa sesión ordinaria do 23 de outubro de 2019, ditaminou favorablemente dita proposta.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente, atópanse tamén ausentes a Sra. Caride Estévez e o Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificación do acordo sobre a composición do Consello Municipal da Muller:

O Consello Municipal da Muller, consonte co previsto no art. II, III, XIII e a disposición adicional primeira do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión do día 26 de febreiro de 1993, toda vez que foron presentadas as acreditacións das representantes de cada entidade participante, a presidenta somete á consideración do Consello Municipal da Muller a proposta de constitución que se eleva ao Pleno da Corporación Municipal para a súa aprobación:

Dª Eugenia D. Blanco Iglesias, presidenta

Dª Helena Rodríguez Giraldez, GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE
SUPLENTE: Dª Matilde Lago Fontenla

Dª Patricia López Román, GRUPO MUNICIPAL DO PP

SUPLENTE: D^a Teresa Egerique Mosquera

D^a Noemí Silva Álvarez, GRUPO MUNICIPAL MIXTO
SUPLENTE: D^a Estela Miller Fernández

Representantes de asociacións de mulleres

D^a Aurea González González
ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA
SUPLENTE: D^a Rita de Melo Medraño

D^a M.^a del Carmen Fernández Crespo
ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA
SUPLENTE: D^a Nieves Fernández Bastos

D^a Luisa Ocampo Pereira
MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS
SUPLENTE: D^a Paula Fernandez Otero

D^a María Fernanda García Collazo
ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS
SUPLENTE: D^a María Montserrat Lamas González

D^a Rosa Fontaiña Pazos
ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO
SUPLENTE: D^a M^a Rosario Otero Rodríguez

D^a Isabel López Lorenzo
ESCOLA DE MULLERES SOLIDARIAS ÁREA METROPOLITANA DE VIGO
SUPLENTE: D^a Rosa Acuña Salgado

D^a Mercedes Fernández Iglesias
ASOCIACIÓN MUJERES EN IGUALDAD
SUPLENTE: D^a Inocencia de la Concepción González Fernández

D^a Carmen Rodal González
VIUDAS DEMOCRATAS DE VIGO
SUPLENTE: D^a Luz María Iglesias Herrero

D^a Úrsula Seijas López
ASOCIACIÓN EMPRESARIAS GALICIA
SUPLENTE: D^a M.^a del Mar Ferrero Cuesta

D^a Elisabet Pérez Costas
ASOCIACIÓN NÓS MESMAS
SUPLENTE: D^a Raquel Cordeiro Ferreira

Representantes das secretarías da muller dos sindicatos

D^a Rosa M^a Chantada Abollo
SECRETARÍA DA MULLER DA CIG
SUPLENTE: D^a Esther Mariño Costales

D^a Purificación Bernárdez Álvarez
SECRETARÍA DA MULLER DE CC.OO.
SUPLENTE: Yolanda Díaz Rodríguez

D^a M^a de los Ángeles Arias Miño
SECRETARÍA DA MULLER DA UGT
SUPLENTE: D^a Eva Rojas Fiestras

Convidadas (con voz pero sen voto):

D^a Águeda Gómez Suárez
UNIDADE DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO
SUPLENTE: D^a Mónica Valderrama Santomé

D^a M^a Bertila Fernández Pérez
FOANPAS
SUPLENTE: D^a Vanessa Sánchez Sampedro

Servizos municipais
CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER

e
D^a Cristina Gómez García
SECRETARIA DELEGADA
SUPLENTE: D^a Mar Soto García

Proponse como data para establecer o calendario anual de xuntanzas 2019: luns, 18 de novembro de 2019..

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

9(189).- MOCIÓN DO MEMBRO NON ADSCRITO INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR O PROCESO DE DECLARACIÓN DO HOSPITAL POVISA DE INTERESE PÚBLICO PARA TOMAR O SEU CONTROL DENDE O SERGAS PARA GARANTIR A EFECTIVA ATENCIÓN SANITARIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2214/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2019, número 2214/1101, o concelleiro Non Adscrito, Sr. Pérez Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN
A PROL DO RESCATE DO HOSPITAL POVISA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hospital Povisa presta atención sanitaria a case 140 mil persoas dos concellos de Vigo, Moaña, Cangas, Nigrán, Gondomar e Baiona, contando cun cadro persoal de aproximadamente 1.500 traballadoras e traballadores.

O concerto singular que o Sergas mantén historicamente co hospital Povisa condicionou e segue a condicionar o deseño do conxunto da área sanitaria de Vigo, segregando recursos da Sanidade Pública para financiar un centro privado que lle supón ao Sergas un desembolso de máis de 75 millóns de euros anuais (7 de cada 10 euros que ingresa Povisa proveñen dos fondos deste concerto, a razón de 504 euros por paciente e outras transferencias complementarias). Neste sentido, a política privatizadora seguida polo Partido Popular na Xunta de Galiza, con medidas como o recorte das capacidades e dotacións do Hospital Álvaro Cunqueiro ou o desmantelamento de boa parte do Hospital do Meixoeiro, provocou deliberadamente que Povisa sexa imprescindible, polo momento, para garantir a atención sanitaria no conxunto da área, sendo ademais Povisa centro de referencia para o sur de Galiza para cirurxía maxilofacial, da man e persoas queimadas. Ante a compra do hospital Povisa por parte do Grupo Ribera Salud por 24 millóns de euros, chama a atención que este grupo empresarial participado nun 90% por un fondo voitre norteamericano (Centene Corporation) asuma a xestión dun centro hospitalario que arrastra perdas millonarias, a pesares das continuas aportacións de diñeiro público e a condonación da factura farmacéutica deste centro por parte do Sergas. Ademais convén lembrar que Ribera Salud foi o grupo propietario do hospital valenciano de Alzira que, pola súa pésima xestión, tivo que ser finalmente rescatado pola Generalitat Valenciana.

Cómpre rexeitar de maneira contundente esta operación claramente especulativa que compromete un dereito irrenunciábel e un servizo público esencial como a atención sanitaria, e que non se reduce a unha operación entre sociedades privadas toda vez Povisa é un grande receptor de diñeiro público a través do concerto. En consecuencia o Sergas debe absorber de xeito directo a xestión deste centro hospitalario, garantindo tanto o mantemento dos postos de traballo do persoal deste centro sanitario como a

atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa, en base ao seu dereito a recibir unha atención sanitaria 100% pública, universal, gratuíta e de calidade.

De acordo ao exposto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- 1.** Instar a Xunta de Galiza a iniciar o proceso de declaración do Hospital Povisa de interese público como primeiro paso para tomar o seu control desde o Sergas e, deste xeito, blindalo ante calquera tentación de futuros recortes e garantir de maneira efectiva a atención sanitaria.
- 2.** Realizar por parte da Xunta de Galiza unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas.
- 3.** Reclamar á Xunta de Galiza que actúe como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa así como a velar polo mantemento dos postos de traballo do persoal deste centro hospitalario.
- 4.** Trasladar os presentes acordos á Presidencia da Xunta de Galiza e a todos os grupos parlamentares do Parlamento Galego.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Esta moción quere incidir nunha cuestión moi importante como a atención sanitaria na cidade de Vigo, en relación a unha cuestión como é o hospital Povisa, un hospital que atende a case 140.000 persoas da área sanitaria de Vigo, a cargo de máis de 75.000 millóns de euros en concepto dese concerto especial cada ano, por iso nós dicimos, dende o Bloque Nacionalista Galego, que o cambio de titularidade con esa operación especulativa onde Centene Corporation a través de Rivera Salud faise co control da maioría do accionariado de Povisa, non é apenas unha operación entre particulares como paradoxalmente ou sorprendentemente deron en coincidir tanto o Sr. Abel Caballero como o Sr. Alfonso Rueda, non estamos a falar do traspaso dunha cafetería, falamos do cambio de titularidade dunha dotación, dun centro médico, dun hospital que atende, insisto, a preto de 140.000 persoas da área sanitaria, entre elas moitos millares de viguesas/es, e por iso nós o que defendemos de maneira clara é que hai que acabar coa anomalía que é que teñamos unha atención sanitaria na área sanitaria de Vigo que é semiprivatizada. Ao modelo privatizador e recortado do hospital Álvaro Cunqueiro ao desmantelamento do Hospital Meixoeiro, o desmantelamento parcial, os recortes que aplica a Xunta do Partido Popular, agora vemos como se vai xogar e se coloca directamente como un elemento de especulación coa atención sanitaria dun número moi importante de persoas e a única maneira de garantirmos o dereito de

tódalas viguesas e de tódolos vagueses de termos unha atención sanitaria 100% pública, gratuíta, universal e de calidade é facendo que a saúde deixe de ser un negocio para intereses privados, sexa da familia Silveira ou dun grupo con sede en Kentucky, e nese sentido é polo que promovemos que se inste á Xunta de Galicia a declarar de interese público, porque o ten, o Hospital de Povisa como primeiro paso para tomar o control e absorbelo dentro da rede sanitaria do SERGAS pero tamén é que se auditen as contas de Povisa para saber a que se teñen destinado os centos de millóns que recibiu hoxe a compañía en concepto de concerto especial, ese é debate e ese o obxecto para o que pido o apoio do conxunto da Corporación.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós imos a votar a favor desta moción, en primeiro lugar cremos que urxe unha auditoría externa sobre as contas e a xestión realizada por Povisa no que respecta ao seu concerto asinado co SERGAS porque de feito o último informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do concerto advirte literalmente da falla de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación e advirte da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, información que sumadas a xa coñecida falla de transparencia nas propias contas da empresa ou atraso do depósito das mesmas en plenas negociacións resultan alarmantes canto máis se temos en conta o gasto que supón este concerto sanitario para as arcas públicas e a dependencia que ten a área sanitaria de Vigo das súas prestacións, en segundo lugar a cuestión central a compra de Povisa por parte de aseguradora estadounidense Centene, propietaria Rivera Salud, implica un salto profundo e relevante, é dicir, con consecuencias na privatización da atención hospitalaria da área sanitaria de Vigo, porque o xigante, que o é, estadounidense, pretende cambiar o noso modelo sanitario ao anunciar que aposta por un modelo sanitario onde a administración financia, controla e é dona do sistema mentres a empresa opera como unha especie de franquía que asegura unha suposta boa xestión. A isto engádese que o servizo sanitario público de Vigo quedará xa en mans dun monopolio empresarial porque a empresa Concesia, socia de Centene forma parte tamén das empresas accionistas da concesionaria do hospital Álvaro Cunqueiro porque despois de anos de chantaxear aos seus traballadores/as e ao SERGAS con ameazas de peche, Povisa declara perdas e véndese por un prezo de ganga, 24 millóns de euros, vende o hospital, vende a escola de enfermería e as consultas anexas a unha multinacional, como dicimos norteamericana que xa demostrou que emprega a fórmula de despedir persoal e

de recortar calidade na atención sanitaria para garantir as súas ganancias, porque unha multinacional non inviste nun hospital en perdas polo que é previsible que adopte medidas para manter o negocio, efectivamente reducir persoal, aplicando un ERE, recortando as súas condicións laborais e salariais, como sabemos os traballadores de Alcira tiñan peores condicións laborais que os traballadores do sistema público, menos persoal, 200 horas máis de traballo ao ano e un soldo 15% inferior, tamén é previsible que se reduza a oferta e a calidade das prestacións á poboación de referencia, o Presidente de Centene deixou recentemente claro que pretende cambiar a forma en que as persoas experimentan a atención médica para que sexa, segundo as súas propias palabras, máis simple, mellor e de menor custe, Centene é unha aseguradora especializada en xestionar servizos de atención primaria e Rivera Salud conseguiu a integración da mesma, a atención primaria, neste hospital de Alcira ao que nos referimos por iso é previsible que pretenda facerse cos centros de saúde da área para controlar o fluxo de pacientes ao seu hospital, en terceiro lugar tamén é previsible que queira continuar no modelo de obter novas e maiores axudas da administración como xa viña facendo dende sempre Povisa pola súa connivencia coa administración, en base a estes feitos efectivamente estamos de acordo, parece máis que razoable que o SERGAS non autorice esta venda á Corporación Centene e que exerza o seu dereito de compra axustándose ao interese xeral para a saúde pública de Vigo, como xa ten de feito expresado a maioría do comité de empresa de POVISA e a plataforma SOS sanidade pública, nós tamén rexeitamos esta compra por unha contía mínima e denunciámos a perda de oportunidade da Xunta de Galicia de adquirir Povisa e así garantir a xestión pública dun recurso asistencial vital para a área sanitaria de Vigo, a compra de Povisa, e remato xa, por parte da consellería de Sanidade permitiría garantir unha prestación sanitaria a toda a poboación da área sanitaria de Vigo dende o sistema público e facilitaría o seu desenvolvemento sen estar ao servizo de intereses particulares privados.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A verdade que oíndo isto parece que Povisa era un hospital que se privatizou, que estaba aí que era un hospital público e que a Xunta de Galicia o vende a un particular ou a unha empresa. Miren, Povisa sempre foi privado, que ten máis de 40 anos, e hai máis de 40 anos que ten concerto, primeiro co Sistema Nacional de Saúde e agora co SERGAS, e se renovou ese concerto moitas veces tamén polo goberno bipartito no ano 2008, tamén entón se renovou o concerto, imos a situar o debate onde hai que situalo porque o resto é facer demagogia, imos a ver, Povisa sempre foi un

hospital privado nunca foi un hospital público, sempre tivo un concerto, o concerto se renovou por sucesivos gobernos, tamén polo goberno do bipartito, e dende logo, en setembro do ano 2014 tamén por última vez, cun prazo de execución de 8 anos, a diferenza doutras renovacións, neste novo concerto agora os usuarios/as da área de Vigo podemos escoller hospital, podemos decidir se queremos ir a Povisa ou a outro, esa é a diferenza, e así vense facendo anualmente dende o ano 2014 en que a cidadanía viguesa e da súa área se lles permita optar por ter asistencia nese hospital ou ter asistencia noutra, tamén por primeira vez neste concerto do ano 2014 e logo de 40 anos se introduce tamén criterios obxectivos de calidade asistencial que son monitorizados e que son auditados por que se modificou e se fixo esta remodelación no ano 2014? Por unha situación de desequilibrio no centro e que non nos lembramos que estaba en xogo a viabilidade de Povisa? Que pasaría se o SERGAS modificase o concerto ou no o fixera? Cando Povisa presentou precurso de acredores, de que estaríamos falando aquí agora, de se se compra ou se se vende? Ou dos 2.500 postos de traballo que hai alí? Sen embargo continua Povisa coa súa actividade e o concerto garante a atención recoñecida polo propio prego, pola propia Xunta de Galicia, está recoñecida e garantida a atención sanitaria. É verdade que estamos ante unha operación empresarial privada, vale, pois a súa responsabilidade é ata o 2022 que dura con concerto, pero hai que cumprir o prego, hai que cumprir o concerto e hai que atender, cumprindo tódolos parámetros que se establecen e cumprindo todos eses indicadores hai que estar vixiantes claro que si, pero que é iso de rescatar? Porque claro unha cousa é mercar unha sociedade que a Xunta de Galicia compre unha sociedade moi ben lle paga e adquire unha sociedade privada que se converte nunha sociedade pública, pero segue sendo unha sociedade que traballa en dereito privado, iso é un rescate? É un rescate pagar dúas veces? Vou a pagar a sociedade e logo despois de ter abonado os cartos que custa vou a ter que estar pagando tamén o custe asistencial, as nóminas e todo o custe das prestacións sanitarias que se fan alí, iso é pagar dúas veces. Que é o rescate? O rescate é que se fagan persoal estatutario do SERGAS ao persoal de Povisa? Porque mire vostede, en Alcira iso non pasou, en Alcira o persoal do hospital que foi efectivamente asumido pola Generalitat, non se converteu en persoal empregado público, nin pode ser claro, e que pasou nese hospital? Pois mire, que o persoal está nunha situación de inestabilidade, de incerteza cos postos de traballo a extinguir, claro, porque houbo que crear os postos de persoal estatutario do persoal sanitario, que os datos asistenciais empeoraron, que a cidadanía

non obtivese ningún beneficio que é do que hai que falar aquí, da calidade asistencial que se presta non de se hai que rescatalo ou non, porque iso é un debate que está fora de lugar porque non se pode, esas consecuencias de xogar cos rescates, pasando por enriba da leis, deixando ao persoal nunha situación de precariedade, esa situación o que provoca é o que xa advertira daquela o órgano fiscal de Generalitat, que ía pasar o que pasou, que se perde calidade asistencial. Miren, no ano 2006 gobernando o bipartito a consellería de Sanidade acadou un acordo cos sindicatos, un acordo básico para a saúde na área sanitaria de Vigo, cando asinaron ese acordo ninguén pediu que se asumira o centro por parte do SERGAS, cando rematara o concerto que era dous anos despois no ano 2008, non se pediu e o bipartito fixo o que tiña que facer, que foi renovalo, nese acordo literalmente se dicía, “o concerto debe garantir a actividade e calidade necesaria”. Votaremos en contra.

SR. LÓPEZ FONT: Efectivamente no ano 2006 co goberno do Sr. Touriño, creo que non é necesario lembrar que era un goberno que compoñían o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, digo no ano 2006 ante a próxima construción do novo hospital de Vigo e para asegurar os postos de traballo e a calidade asistencial asinase un acordo cos sindicatos, un acordo que é a demanda dos sindicatos sobre todo con ese obxectivo de manter os postos de traballo e efectivamente aquel acordo era denominado acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo pero este acordo foi ratificado polo Consello da Xunta de Galicia, é dicir, polos conselleiros de Partido Socialista e de Bloque Nacionalista Galego e entendemos que a data de hoxe que este acordo non debe romperse, que a formación política que o queira romper é absolutamente responsable das consecuencias, por que aquel acordo era todo unha declaración, era asumir un modelo sanitario e ese modelo foi asumido por partidos políticos, tamén polo Bloque Nacionalista Galego porque cando hai que referirse ao Bloque Nacionalista Galego como formación si, neste Pleno non, porque ten o concepto de non adscrito, pero foi tamén asumido por sindicatos, empresarios e universidade e se recoñecía un modelo que necesitaba un hospital concertado e nese momento estivo todo o mundo de acordo nese concerto co SERGAS, e este modelo se mantivo da mesma forma ata hai uns días pero nada cambiou, unha empresa vendeu a outra como tantas operacións que se producen na súa plena liberdade, pero iso si, precisamente polo énfasis que hai que poñer na garantía da calidade asistencial, a nosa actuación dende a política debe de ser que o SERGAS e a nova empresa garantan ese concerto, se manteña a situación anterior ao

movemento empresarial que se produciu, polo tanto, é o que nos debe preocupar, é verdade que hai 140.000 afiliados que decidiron libremente ter a asistencia sanitaria en Povisa e son dúas cuestións fundamentais as que nos teñen que preocupar, as que o Alcalde lle transmitiu e lle garantiu ao comité de Empresa e que son a garantía da calidade asistencial e creo que aquí non vale conxeturas, non vale aventurar se vai haber EREs, determinadas políticas, non, teremos que ser nós a garantía precisamente de que se mantén a calidade asistencial e os postos de traballo. Estas deben de ser as nosas premisas e este é o compromiso que o Alcalde lle trasladou en nome da cidade aos traballadores, é máis, pediu á empresa expresamente que parte da capitalización desta empresa se destinase a mellorar as condicións dos traballadores. Polo tanto, o resto son elucubracións e nós non podemos apoiar esta moción, non podemos apoiar esta moción porque contén imprecisións certamente importantes, non se pode enganar neste totum revolutum facendo mención a Alcira cando parece que alí se rescatou ou se comprou ou se utilizou outra fórmula, non en Alcira rematouse a concesión, como se remata unha concesión en determinados servizos municipais que están concertados, polo tanto, isto non é así e o que está claro é que o que propón o Bloque Nacionalista Galego baixo esta forma de declarar a Povisa interese público como primeiro paso, é comprar unha empresa privada e isto tense que dicir, e ademais sería como comprar ou propoñerse adquirir FCC, Aqualia, ou calquera outra empresa, non estamos ante fondo buitre como se di, estamos ante unha empresa aseguradora do sistema se dicía, e me sorprende certamente a falla de información cando se di que hai que auditar as contas porque xa hai un informe de fiscalización do Consello de Contas, non que se analiza o concerto dende os seus inicios, un documento de cento e pico páxinas no que tamén se prevé o escenario do 2019, polo tanto, a nós o que nos preocupa e faremos un seguimento exhaustivo e estaremos na firmeza de que se cumpra ese modelo que no ano 2006 todos estábamos de acordo, calidade asistencial e postos de traballo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Hai debates que retractan moito porque aquí se fala dunha empresa privada da que o 80% dos seus ingresos e así ven recollido na súa cifra de negocios anuais, proveñen de fondos públicos, esa é a empresa privada da que falan, e podemos falar do concertos que é o resultado dun deseño deliberado da área sanitaria de Vigo do Partido Popular que quixo sempre permitir que dependésemos desa empresa privada para garantir a atención sanitaria, porque vostede sabe, dende logo é dun cinismo non

dicilo, que non é unha adscrición voluntaria porque neste momento a rede pública que existe na cidade de Vigo e na área sanitaria non ten capacidade para absorber esas 140.000 cartillas, non o di o Bloque Nacionalista Galego dio a xustificación deste concerto especial, entón no xoguemos a manipular e a darlle a volta, cando se fala aquí do cumprimento do prego causa rubor pero hai dúas cuestións importantes, en 2006 o que se dixo foi que en previsión de outro proxecto para o Álvaro Cunqueiro había que manter o concerto coa previsión de ir reducindo para que desaparecera e o informe de Contas ó que acaba de aludir o Sr. Font, o que di que as contas de Povisa son opacas, diga toda a verdade.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa ManganaPardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.10.2019 (Rex. Nº 2214/1101), polo concelleiro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(190).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO ÁS ADMINISTRACIÓNS NO MARCO DAS SÚAS COMPETENCIAS A TOMAR MEDIDAS

LEGAIS, ECONÓMICAS E POLÍTICAS EN APOIO DO SECTOR NAVAL. REXISTRO PLENO 2217/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2019, número 2217/1101, o voceiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-MAREA DE VIGO INSTANDO ÁS ADMINISTRACIÓNS NOS MARCO DAS SÚAS COMPETENCIAS A TOMAR MEDIDAS LEGAIS, ECONÓMICAS E POLÍTICAS EN APOIO DO SECTOR NAVAL.

O sector industrial ligado á construción naval ten sido un motor económico da cidade dende vello pero especialmente a partir do século XIX coa transformación dos estaleiros de ribeira, especializados na construción de embarcacións de madeira, en estaleiros que construían xa con motorizacións de vapor (construción de caldeiras inicialmente) e posteriormente xa con barcos construídos na súa integridade en aceiro. Estes cambios foron dotando de industrias, emprego e actividade económica florecente ás costas da cidade e na altura dos anos 30 do século pasado 16 estaleiros estaban en actividade con contínuas transformacións e evolucións ao ritmo das transformacións económicas que vivía a cidade.

Coa postguerra e coas profundas transformacións económicas internacionais que precisaron de máis e mellores barcos de todo tipo: petroleiros, ferrys, barcos de servizos, etc... os estaleiros da ría, nacionalizados moitos durante e antes do franquismo e incorporados a organismos estatales para favorecer o financiamento da actividade, comezaron a ter unha carga de traballo e uns cadros de persoal importantes que colocaron a actividade na principal aportación ao PIB da cidade xunto coa incipiente industria de automoción e a actividade portuaria e pesqueira. Todo foi truncado por unha reconversión industrial alentada pola crise internacional do 73 pero sobre todo por decisións políticas ligadas á converxencia europea que se abría despois da ditadura franquista. Un proceso tráxico para os estaleiros da nosa cidade que lastrou miles de empregos e con eles unha conflictividade laboral permanente.

A finais dos 90 un rexurdimento da construción naval cos novos modelos de buques que daban servizo a novos servizos e actividades económicas: buques off-shore, quimiqueiros, ro-ro, o sector naval vigués viviu un segundo relanzamento pero xa cos estaleiros privatizados e cunha dependencia da financiación privada (bancos principalmente) que facía temer que unha crise económica de carácter financeiro puidese afectar ao sector, feito que finalmente ocorreu. Nesta altura a fórmula de reducir persoal fixo nos estaleiros e substituíla por persoal de contratas auxiliares xa significaba que máis do 80% do personal dos estaleiros estaba en auxiliares e estes eran como “polígonos onde actuaban infinidade de pequenas e medianas empresas auxiliares”.

As dificultades para obter financiamento provocaron a entrada no accionariado dos estaleiros de axentes económicos de todo tipo: accionistas individuais, fondos de investimento, ata empresas públicas doutras latitudes como PEMEX, que pouco

interese se tiñan en manter emprego e, xa recentemente, en manter a actividade ligada á construción naval.

Hoxe os estaleiros vigueses viven unha situación dramática, dende o ano 2004 ate o 2019 os 7 estaleiros insignia de Vigo: Freire, Armón, Barreras, Metalships, Vulcano, Cardama e Nodosa, pasaron dun persoal fixo de 806 empregados a 513, con miles de empregos anexos ligados á precaridade e eventualidade do sistema de contratas auxiliares (máis de 2500 traballadores e traballadoras repartidas en 60 empresas actualmente) e cunha presenza de empresas auxiliares extranxeiras (portuguesas, lituanas, e mesmo gregas que practican dumping nos custos laborais de xeito preocupante).

Ligado a todo isto, aínda que con casuísticas dispares, neste 2019 a situación dos dous estaleiros referenciais, Vulcano e Barreras, volveuse insostible, o primeiro xa en liquidación despois de máis de 100 anos de actividade ligada a construción naval e o segundo en perigo por unha xestión nefasta dos accionistas novos e vellos con complicitade absoluta da Xunta de Galicia e en diversas etapas do goberno central aínda que con especial culpabilidade no proceso de privatización de finais da década dos 90.

Vigo non pode asistir á liquidación silenciosa dun sector que leva sendo motor económico de Galicia dende hai máis de dous séculos, e non pode facelo pola realidade de que no mundo, a construción naval é un sector en crecemento e cada vez máis tecnoloxizado. Un sector no que actúan de xeito determinante as administracións públicas polo que ese mantra neoliberal da “iniciativa privada e polo tanto autonomía do sector” non se axusta á realidade: Francia e Escocia veñen de nacionalizar preventivamente estaleiros privados argumentando o carácter extratéxico dos mesmos. E por iso que esta moción pretende que as tres administracións sobre as que pivotan as competencias urbanísticas, económicas, lexislativas e de planificación de políticas industriais asuman a defensa dun sector en perigo.

Polo exposto, o Grupo municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes:

A C O R D O S

1. Instar ao Concello de Vigo a convocar con urxencia o CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL da cidade a a liderar e organizar unha gran mobilización cidadá polo futuro do sector naval e especialmente polo futuro industrial de Vulcano e Barreras.
2. Instar ao Concello de Vigo a blindar o uso industrial dos terrenos que ocupan actualmente os estaleiros vigueses evitando usos diferentes ou mesmo especulativos no futuro Pla Xeral de Ordenación Urbana.
3. Instar á Xunta de Galicia a asumir o seu papel como instrumento dinamizador da industrial naval especialmente no papel de avalista e financiador de buques no momento no que os estaleiros van a ofertar nos concursos nacionais e internacionais e a reforzar a FP e a formación laboral relacionada co sector.
4. Instar á Xunta de Galicia a evitar os usos portuarios ou ligados ao Porto de Vigo nos terrenos que actualmente ocupa Vulcano en Teis.

5. Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo serio e riguroso para alentar unha renovación da frota pesqueira galega que actualmente supera os 30 anos e para que esta se realice nos estaleiros vigueses.

6. Instar ao goberno do estado a reformular o instrumento público-privado PYMAR e recuperar un mecanismo 100x100 público que permita financiar ao sector naval previa declaración de SECTOR ECONÓMICO ESTRATÉXICO como teñen feito outros países europeos.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Queremos facer unha moción amable, no sentido do que quere expresar esta moción e a unha situación industrial dun sector que ten sido historicamente motor desta cidade, non só na cuestión do que achegaba ao PIB eses salarios senón tamén do que ten sido un sector reserva cando fallaban outros sectores económicos da cidade.

Neste moción o que queremos é poñer en valor que hai tres administración que traballando coordinadamente dentro do marco das súas competencias poden facer unha gran mobilización por un sector que atravesa quizais, si contamos o período da reconversión naval e o que significou, lembremos aquelas taxas do trinta e pico por cento do desemprego que provocou na comarca de Vigo a desaparición ou polo menos a reconversión dos estaleiros en instrumentos moitas veces de loita permanente de intereses económicos contrapostos e o que significaba o proceso de converxencia cos criterios da Unión Europea, daquela Comunidade Económica Europea naquela altura, e o que queremos dicir con esta moción é que unha cidade non pode permanecer impasible ao que pode ser un desmantelamento definitivo e cando digo definitivo é porque creo que esta cidade asiste bastante acomodada á desaparición dun estaleiro con máis de 100 anos de actividade industrial na nosa costa como é Vulcano ou a situación, para nós ademais provocada por un proceso de privatización completamente opaco no ano 97, do que significa esa loita accionarial e de intereses contrapostos que é a que nos referíamos no estaleiro de Barreiras. Claro que a situación do sector naval, aquí hai xente que o viviu dende múltiples perspectivas, digo neste Pleno, está o concelleiro Socialista o Sr. Fernández Pérez, que foi parte activa desa loita pola defensa do sector naval, pero tamén está a concelleira a Sra. Espinosa que pertence a unha empresa da construción naval e

que coñece perfectamente o que queremos expresar aquí. O queremos dicir é que hai tres administracións que poden facer moito por que non asistamos a unha perda moi lánquida do emprego, da calidade dese emprego e que ademais perdamos o buque insignia e nunca mellor dito do sector naval que é un estaleiro, a pesares de que hoxe en día un estaleiro non ten case persoal, a pesares de que un estaleiro como dicía moi ben o outro día delegados do naval, é practicamente un polígono industrial ao que van centos de empresas e traballadores a traballar, o que queremos poñer aquí enriba da mesa é que temos que facer algo proactivamente e esta cidade por parte do que nos corresponde ao Concello de Vigo convocouse o Consello Económico Social que está convocado o 1 porque marca a obrigatoriedade da aprobación dos Orzamentos, convocouse un Consello Económico Social para dar conta ao tecido que conforma ese Consello Económico Social do proxecto orzamentario do ano que ven pero tamén se convocou un Consello Económico Social para falar da variante de Cerdedo, por que non convocamos, e proposta que nós propoñemos ao Consello Económico Social para que a cidade estea en alerta, para que o tecido asociativo saiba que estamos perdendo dunha maneira evidente un sector que ten achegado moito e que era o sector ademais que nos daba o valor diferencial e permitía que a comarca de Vigo fora a primeira comarca en achega ao produto interior bruto do conxunto das comarcas galegas, xa non é así, xa estamos en poucos anos por detrás da comarca de A Coruña e ademais a comarca de A Coruña por unha actividade industrial case monopolista como é o feito de Inditex e a achega que fai ao PIB da comarca, pois nós o que queremos é que se convoque ese Consello Económico Social e que cando menos alerte e escoite ás organizacións sindicais e escoite tamén con tódalas as discrepancias de podemos ter incluso a patronal do sector como é a SIME, que escoite a todo o mundo e que ese Consello Económico Social e o Alcalde ao fronte lidere unha mobilizacións por manter o emprego no naval nun momento ademais onde estamos nos niveis de emprego máis baixos posiblemente dos últimos vinte anos, hoxe en día sumando a auxiliares e sumando cadro de persoal propia dos estaleiros apenas rozamos os dous milleiros de traballadores nos momentos máis optimistas, isto é un problema serio que ten que abordar a cidade pero tamén lle dicimos á Xunta de Galicia que por suposto ten que ser motor económico, tamén lle dicimos ao goberno central aquí estamos de acordo coas emendas que nos propón o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, estamos de acordo coas cuestións que teñen que ver coas melloras que pode propoñer a Xunta de Galicia, claro que estamos de acordo con fórmulas de recuperar, aquí si que falamos de recuperar os estaleiros públicos que foron

privatizados dunha maneira terrible no ano 97, lembremos o proceso de privatización de Barreiras que por desgracia os axentes que participaron nesa desfeita agora piden tamén pois que no caso de que haxa un proceso xudicial non se lle aplique a eles vendendo paquetes accionariais como se foran cromos e o que estamos a falar é do futuro industrial da cidade. Pero tamén queremos que a Xunta de Galicia alente, que sexa motor económico, que se poña as pilas no que ten que ver co financiamento mentres non somos capaces de reverter esa situación privada que por exemplo e remato, Francia xa asumiu nacionalizar os estaleiros estratéxicos forma parte da súa política económica prioritaria.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Comezar por lamentar máis unha vez que neste Pleno se censure a voz dos movementos sociais, negándolle á Confederación Intersindical Galega que é o sindicato maioritario nesta cidade a posibilidade de intervir tal e como pediu para abordar a grave crise industrial que se padece e entrando xa na cuestión obxecto, a moción que promove o grupo municipal da Marea, o Bloque Nacionalista Galego concordamos con esa moción dende unha idea clara, non podemos resignarnos, como cidade diante do risco real do esmorecemento ou mesmo da desaparición dunha actividade estratéxica para Vigo, para a comarca e para Galicia como é a construción naval, un sector que chegou a representar 10.000 postos de traballo que hoxe apenas representa 2.000, cun estaleiro centenario como é Vulcano parece abocado a súa inminente desaparición máis tamén cun estaleiro tan importante como Barreiras nunha situación crítica e cunha industria auxiliar absolutamente afogada, derivada dese modelo de estaleiros de síntese e que transfiren a situación crítica das matrices.

Dende o Bloque Nacionalista Galego propoñemos unha emenda de engádegas con dous novos acordos á moción, no sentido en primeiro lugar de demandarmos unha tarefa eléctrica industrial galega como o que o goberno español do Partido Socialista autorizou a Euskadi precisamente para que a industria auxiliar se poida beneficiar e a industria naval no seu conxunto dos custos enerxéticos máis baixo nun país como Galicia que é produtor neto de enerxía, e o segundo e o máis importante, demandamos de maneira desacomplexada a intervención pública directa, temos un Alcalde que presume de keynesiano, non hai nada máis keynesiano como apuntalar sectores estratéxicos na economía produtiva como a construción naval, intervención pública que se materializa na toma de control da maioría do accionariado de Vulcano e Barreras para asegurar a

actividade destes dous estaleiros, para asegurar o emprego máis tamén para poñer en marcha o tantas veces demandado centro de reparacións navais da ría de Vigo, por que Vigo non pode ter un estaleiro público ou semipúblico como o que existe noutras rías galegas ou noutras partes do estado? É unha cuestión de vontade política e nós reclamamos ese compromiso para asegurar o futuro do naval.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr. Pérez Correa, vostede quere facer unha moción amable pero nós cremos que é profundamente inxusta e algo incongruente por tódolos puntos que vostede presenta aquí, inxusta porque entre ese compromiso que piden das administracións e hai feitos e saben vostedes que a Xunta de Galicia sempre cumpriu, mentres que a cidade en moitas ocasións non digo sempre, o goberno municipal permaneceu impasible como dixo vostede, eu creo que sigue así e ademais estamos a ollar criticando permanentemente os pasos que se daban cando se buscaba un inversor para Barreras porque eu a verdade é que vexo a hemeroteca, vexo os feitos como pasan os acontecementos e Vulcano busca insistentemente un inversor con 200 millóns de débeda que é moi complicado atopalo, entón todos piden inversor para Vulcano pero mentres se estaba conseguindo e se garantizou durante seis, sete anos, un inversor para Barreras a verdade é que non lle valía ningún, era algo do que se mofaban aquí permanentemente polo tanto, nós cremos que nese sentido e nese momento a Xunta de Galicia estivo sempre ao carón do sector naval e tamén o saben os traballadores. O exemplo da Sra. Espinosa eu creo que non é o máis axeitado hoxe, cando temos enriba da mesa unha onda de que hai un afer por aí por Panamá, parece si Panamá vale e non vale México, o Alcalde é keynesiano cando lle convén, váleslle Panamá para inversor e non lles vale México, iso é o que están a contestar.

As mobilizacións son lexítimas eu creo que ademais en moitas ocasións son necesarias, Vigo é unha cidade que se mobilizou sempre reivindicando os seus dereitos pero coas mobilizacións só non se resolven os problemas, entón imos a poñer enriba de mesa as mobilizacións e o traballo e xa o dixo vostede ao final, Sr. Pérez Correa, o fondo desta moción é nacionalizar os estaleiros privados como tamén vostedes noutra moción previa tamén querían a intervención 100% do hospital de Povisa, por iso non podemos apoiar esta moción. O Alcalde si é verdade que é keynesiano cando lle convén e socialista cando lle convén, deixa os intereses e as ideas socialistas a un lado tamén cando lle convén, quero dicir, iso sabe el manexalo moi ben, nós estivemos sempre no mesmo sitio, estaremos sempre no mesmo sitio, os traballadores de Vulcano saben dos compromisos

do Partido Popular e da Xunta de Galicia e mire, imos a falar de Vulcano porque en 2012 a Xunta de Galicia colaborou para contribuír á continuidade do estaleiro, nós temos o sentimento dese estaleiro e do barrio de Teis como poden ter calquera vigués que estamos sentados hoxe neste Pleno, dóenos profundamente pero tamén temos as ferramentas e queremos que se apoiem as ferramentas para contribuír que iso saía adiante, a Xunta de Galicia garantiu a construción dun ferri cando estaba tamén a punto de esmorecer, e que pasa agora con esa débeda incluso os propios traballadores nunha reportaxe nun medio de comunicación falaban da dificultades que tiveron coa xestión algunhas persoas que estiveron ao carón dese estaleiro, con igualdade de oportunidades as veces non se xestionan as cousas igual. Vostede pídelle á Xunta de Galicia que asuma o seu papel, como administración, nós estamos convencidos de que o fixo sempre, e polo tanto, ademais a postura non variou o conselleiro recibiu aos traballadores e está en permanente contacto con eles e para busca intensa dun inversor e saben ademais que o compromiso é total, vaia para adiante ou non vaia para adiante ese estaleiro.

Fala vostede tamén do uso industrial dos terreos, do solo, debatemos tamén este tema no Parlamento de Galicia, aí entran o goberno do Estado e o Concello de Vigo por suposto, que terán que saber que fan cando esa concesión remate o non, o Porto de Vigo tamén está en contacto permanente co estaleiro e os traballadores, polo tanto, nós sabemos perfectamente que o Partido Popular e a Xunta de Galicia está a facer sempre o seu traballo. Non quero falar ademais aquí deste Pleno que por unanimidade nomeamos unha persoa non grata a un comisario socialista o Sr. Almunia, que foi o que máis dano lle fixo ao naval en Vigo, creando e impoñendo o tax-lease, favorecendo os estaleiros de Holanda e prexudicando aos estaleiros galegos, os propios compañeiros de partido votaron aquí a favor de nomealo persoa non grata, iso foi ademais algo do que eu estou moi orgullosa de ser concelleira de Vigo porque a verdade si que nos fixo moito dano.

Polo tanto, nós cremos Sr. Pérez Correa, entendemos a súa amabilidade, entendemos ademais a sensibilidade pero cremos que todos estes puntos tal e como se está a desenvolver esta actividade e ademais como se estiveron desenvolvendo os feitos en referencia do vínculo da Xunta de Galicia con Vulcano e do vínculo do goberno central nunha ocasión, noutra o Concello de Vigo cremos que son de diferentes incongruencias e polo tanto, non imos apoiar esta moción.

SR. LÓPEZ FONT: O que non é un run-run, Sra. Egerique é a cárcere do Sr. Bárcenas, a cárcere do Sr. Rato, a sentenza do Sr. Gürtel que permitiu que un goberno como o do Sr. Rajoy caera porque gañaron vostedes as eleccións dopados, iso si que non é un run-run, iso si que son sentencias e polo tanto, de verdade máis conta lles tería estar calados.

Sr. Pérez Correa, evidentemente estamos nun Pleno e preocupados polo tema de Barreras e a proba está en que hai dúas mocións e a verdade que dúas mocións radicalmente diferentes, pero tenme que permitir que esta moción con tódolos respectos paréceme moi teórica, unha moción afastada da realidade e dunha realidade que debe resolverse, que é urxente porque non o dicimos nós dino os actores que están implicados e que realmente esta situación estase levando por diante centos de empregos e digo centos de empregos, polo tanto, cando fala dunha moción amable creo que non están os tempos para ser amables e creo que hai unha contradición importante na súa moción, porque está moi ben avaliar a situación do sector naval no seu conxunto, está moi ben preocuparse pola futura inclusión no plan xeral dos estaleiros, poderíamos estar de acordo nalgunhas das cuestións que vostedes propoñen, todo isto está moi ben pero a situación de Barreras se debe resolver hoxe, a crise é de hoxe, a que afecta ás empresas auxiliares e o que está claro é que todo o que vostedes propoñen se quedará absolutamente en nada se como din este estaleiro fose pechado. Polo tanto, a nosa moción é radicalmente diferente a súa, e na moción que logo trataremos demandamos unha solución singular a Barreras e lla reclamamos a quen ten competencias, home me sorprende que fale de que ten que liderar o Alcalde, xa lle digo, oxalá puidera liderar o Alcalde a solución a esta crise, porque estaría empeñado día e noite en buscarlle a solución, que pasa? Que lle corresponde a quen ten as competencias e quen ten as competencias e debe asumir o posto que ocupa como dicimos na nosa moción, é o Presidente da Xunta de Galicia porque llo di o Estatuto de Autonomía porque llo di a Lei de industria de Galicia e polo tanto, ten esa responsabilidade con Vigo e co emprego, e esa demanda é a que debe de dirixirse ao Presidente da Xunta de Galicia por iso as nosas mocións son tan radicalmente diferentes porque queremos ir a onde debe de estar a solución e vaime permitir tamén que lle diga, non queremos nin desvirtuar o debate nin desviar o debate, hoxe o que se necesita porque é sorprende escoitar á Sra. Egerique dicir do apoio da Xunta de Galicia e demais, mire Sra. Egerique, quen trouxo PEMEs a Galicia foi o Sr. Feijóo e o fracaso evidentemente é completo, polo tanto, nós propoñemos un acordo para non desviar a atención e tamén para non facerlles o xogo a aqueles que lles corresponde e é aquí onde lle imos pedir pechar o filas, queremos lograr aquí entre

as dúas mocións un acordo concreto e pedimos que retiren esta moción, pedimos e entendemos que a moción que se debe aprobar aquí é o texto que nós propuxemos e ademais o texto que nos propuxemos por todo o que vostede dixo, todo o que significa de grave crise no sector naval e en concreto na situación de Barreiras e aprobando os dous esta moción que nós propoñemos defenderemos e buscaremos unha solución, o Partido Popular se quedará solo como sempre en contra desta cidade, en contra da defensa dos postos de traballo, e unha vez que solucionemos Barreras que é o que nos compete, que é o que temos que facer hoxe, debateremos todo, pensaremos no futuro, programaremos PXOM e veremos que competencias e papel pode ter o Porto de Vigo, pero hoxe e vostedes o saben, o grito na cidade é solución a Barreras, o grito na cidade é solución a centos de postos de traballo e iso require que o Sr. Feijóo deixe de falar do norte de Galicia para atallar a situación de crise máis importante na industria que ten Galicia.

SR. PÉREZ CORREA: Claro que é unha moción que relata, porque explicar 100 anos de construción naval na ría pois requiren cando menos que poñamos a afarosidade do que foi ese proceso, pero imos a ser un pouco rigorosos, está moi ben que fagamos brindes ao sol nunha moción que como é a que propón o Partido Socialista pero nós o que queremos é poñer claramente cales son as responsabilidades e competencias de cada administración, porque vou a contar un relato que é absolutamente real, no momento que os concellos que tiñan estaleiros no seu termo municipal comezaron a planificar o seu urbanismo contando con eses terreos, pois a partires dese momento desapareceron varios estaleiros neste país, quero lembrarlles que mentres o Partido Socialista e Esquerda Unida en Xixón mantiveron ferreamente que non se recualificaban os terreos de Juliana, os terreos de Juliana non se venderon, cando cambiou ese criterio chegou Vulcano comprou Juliana e explica gran parte do problema, polo tanto, non me diga que non ten nada que ver un concello e nós o que estamos a pedir entre outras cousas nesta moción é que blinden o uso industrial deses terreos, porque sobre os terreos de Vulcano xa voou no urbanismo desta cidade moito cambio de cromos, segue voando, porque no túnel de Julian Estévez e outras actuacións que se propoñen para os terreos de Vulcano, terá que dicir algo o Concello de Vigo ou o Concello de Vigo non vai a recorrer o Plan Especial do Porto se o Porto decide que eses terreos poden ser utilizados para unha activade que non sexa a construción naval, espero que si, porque senón o compromiso

coa construción naval deste Concello é cero como é dos alcaldes de Sevilla ou o Alcalde de Xixón que permitiron que desapareceran dous estaleiros e claro que é unha moción amable nalgunhas cuestións, porque eu non quero discutir aquí o que significa ter estalerios públicos porque por desgracia neste país ter estaleiros públicos significa ligalos á construción militar cousa que eu non estou de acordo, e tampouco quero ler unha moción en canto tempo nos leva nacionalizar, pois vouno dicir dunha maneira soviética, nacionalizar os estaleiros privatizados porque sabemos que a Francia levoulle varios lustros e de feito están nacionalizados preventivamente a falla de sentencias xudiciais, claro que non quero, estou de acordo, esa é a miña cultura política, pero aquí quero discutamos sobre as cousas que podemos facer no inmediato e ao Partido Popular quero lembrarlle que o Sr. Emilio Lozolla, co que o Sr. Feijóo faise a foto e organizan a venda de PEMEs non é que a discuta eu, é que a discuta o presidente da república de México e este home está prófugo da xustiza mexicana dende o 8 de setembro do 2019, é dicir, o que se fai a foto co Sr. Feijóo, o que organiza todo o chiringuito de PEMEs está prófugo da xustiza mexicana e é o propio presidente mexicano o que di que foi unha venda fraudulenta, é o debate que hai no Parlamento de México non me veñan vostedes con que a venda de PEMEs, claro, posiblemente houbo cousas peores, dicíamos antes aquí comentando, “están de lado”, si, de lado de Costas por que non falamos abertamente da privatización do 97, que pintaba con tódolos meus respectos ese home levando parte do pastel e nós queremos que esta moción no momento real a cada administración se lle poñan as pilas sobre o que ten que facer.

PRESIDENCIA: Hai presentada.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos de acordo con incluír eses dous puntos que propón o Bloque Nacionalista Galego.

PRESIDENCIA: Entón entendo que o texto da moción máis a emenda de engádeda.

No transcurso do debate, o membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, presenta a seguinte emenda de engádeda

7.- Demandar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a creación dunha tarifa eléctrica industrial galega que permita, como sa sucede en Euskadi desde 2018, reducir os custos

enerxéticos do noso tecido produtivo facendo valer o feito de sermos Galicia produtores netos de enerxía.

8.- Demandar á Xunta de Galicia que promova, a través de todos os medios legais ao seu dispor, a intervención pública directa que permita facerse co control da maioría do accionariado dos estaleiros Barreras e Vulcano, para conformaren un estaleiro público ou semipúblico que garanta a continuidade da actividade e do emprego e a posta en marcha do Centro de Reparacións Navais da Ría de Vigo.

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda polo relator da moción, Sr. Pérez Correa, procédese á incorporación da mesma no texto da moción.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.10.2019 (Rex. Nº 2217/1101), polo voceiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(191).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR NOS ORZAMENTOS 2020 UNHA PARTIDA DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA A CUBRICIÓN DE 15 PATIOS ESCOLARES EN VIGO ASUMINDO A SEU FINANCIAMENTO. REXISTRO PLENO 2222/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2019, número 2222/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1970 e 1980, entre estas dúas datas foron construídos a maior parte dos centros públicos de Infantil e Primaria da nosa cidade. Falamos dunhas instalacións educativas de entre 40 e 50 anos.

A antigüidade dos centros dificulta a súa adaptación os novos usos e necesidades da comunidade educativa e se requiren inversións significativas para a súa adecuación.

A escola, hoxe en día, ten que ser un espazo educativo integral, un espazo que socializa e educa en virtude da súa propia configuración.

Todos os seus espazos, teñen que poder ser utilizados como espazos de traballo pedagóxico, iso inclúe os espazos exteriores e deportivos.

A sociedade actual, demanda, cada vez máis, actividades como aulas matinais, comedores ou actividades extraescolares. Pero moitas veces, os espazos nos centros educativos condicionan os programas e actividades ofertadas.

Os patios cubertos son fundamentais para o desenvolvemento de actividades deportivas, diferentes celebracións como o Entroido e tamén como espazos de disfrute e socialización dos nenos e nenas no seu tempo de recreo.

Os patios cubertos permiten que os nenos e nenas poidan facer deporte, e o deporte é sinónimo de vida saudable, aumento da autoestima, fomento do traballo en equipo e aumento da sociabilidade do alumnado.

Son imprescindibles unhas instalacións adecuadas, que permitan completar e diversificar a oferta formativa dos centros escolares.

A Administración educativa competente, correspóndelle garantir que os nenos e nenas poidan formarse nas mellores condicións.

Na actualidade son numerosos os centros que se dirixen ao Concello de Vigo solicitando a cubrición dos patios escolares, sabendo que este Concello, co seu Alcalde a cabeza, é a única Administración que está a atender as súas demandas.

O goberno de Vigo comprometeuse máis alá das súas competencias, con algo tan importante como é a Educación. Adicáronse moitos recursos e esforzos para mellorar as instalacións educativas públicas da nosa cidade, pero ese compromiso ten que verse tamén na Administración Autonómica, na Xunta de Galicia. Un compromiso coa educación, un compromiso con Vigo.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a introducir nos presupostos do ano 2020 unha partida de 5 millóns de euros para a cubrición de 15 patios escolares na Cidade de Vigo, asumindo íntegramente a súa financiación, para cubrir a forte demanda actual que soamente se está a atender dende o Concello de Vigo.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAS: Son moitos os centros educativos que se dirixen á Xunta de Galicia reclamando inversións e melloras nos centros públicos da cidade, un deses investimentos que a comunidade educativa da cidade de Vigo lle ven reclamando á Xunta de Galicia de forma reiterada é a cubrición de patios escolares, cubrición de patios que por certo é da súa competencia, neste artigo de La Voz de Galicia do 2 de febreiro do 2019, e leo textualmente “12 colegios de Vigo obrigados a improvisar las actividades al carecer de patios cubiertos”, a cubrición dos patios escolares é fundamental para o desenvolvemento de actividades deportivas e como espazos de sociabilidade dos nosos cativos, a cubrición de patios é necesaria porque moitos centros escolares carecen de espazos cubertos nos que poder realizar as diferentes actividades, cal é a resposta da Xunta de Galicia á demanda de patios cubertos na cidade Vigo? A de sempre, ignorar as peticións do centros educativos da nosa cidade, os centros educativos da cidade de Vigo cansados do pasotismo e da incompetencia da Xunta de Galicia acoden ao Concello de Vigo para que sexa o Alcalde o que atenda as súas demandas, o Alcalde a pesares de non ser unha competencia municipal, e só pensando no benestar dos nenos/as viguesas acada un compromiso coa comunidade educativa para a cubrición dos patios escolares, incluíndo nos orzamentos tódolos anos unha partida destinada a estes efectos, sabe cantos patios cubriu a Xunta de Galicia na cidade de Vigo? Cero, patios cubertos pola

Xunta de Galicia, 1,5 millóns de euros investidos polo Concello de Vigo en cubrición de patios escolares a pesares de non ser a súa competencia, a Xunta de Galicia cero, este goberno co seu Alcalde á cabeza xa asumiu a cubrición de 5 patios escolares, o Alfonso Rodríguez Castelao, Rocío, Carballal, García Barbón e Canicouva, neste momento xa contamos cunha lista de agarda de 15 patios escolares, 15 centros que reclaman a cubrición dos seus patios, reflicte a alta demanda da comunidade educativa e reflicte por suposto, a incompetencia da Xunta de Galicia pero o que é realmente indignante é que a Xunta de Galicia maltrate e discrimine os centros públicos da cidade e si, digo maltratar e discriminar e xustifico o que digo, leo un recorte de prensa do Faro de Vigo de 29 de agosto do 19, edición Ourense, a Xunta de Galicia adxudica a cubrición da pista deportiva do CEIP plurilingüe Irmáns Villar por 358.000 euros, a Xunta de Galicia négase a cubrir patios escolares na cidade de Vigo e os cubre noutras cidades como a de Ourense. Son os nenos de Vigo diferentes, unha pregunta que nos temos que facer, pero que ademais de non cubrir patios escolares que son da súa competencia neste ano 2019, Vigo volve a ser a cidade de Galicia das principais cidade de Galicia a que se lle destina menos recursos en obras e reformas aos centros educativos, repito, si somos a cidade de Galicia á que Xunta de Galicia adica menos recursos para obras e reformas nos centros públicos da cidade. E eu volvo a preguntar, son os nenos/as vigueses diferentes aos nenos/as de A Coruña, de Santiago de Compostela, de Ourense, son diferentes? Parécelles normal que a cidade máis importante de Galicia, a cidade con maior poboación, a cidade con máis centros escolares, a cidade con máis alumnos, sexa a cidade na que a Xunta de Galicia adique menos investimentos para obras nos centros educativos? Pero imos con datos, investimento da Xunta de Galicia para obras nos colexios para o ano 2019, A Coruña, 6,6 millóns de euros; Santiago de Compostela, 3,5 millóns de euros; Ourense, 2,5 millóns de euros; Vigo 1,6 millóns de euros, cal é motivo para que a cidade de A Coruña se lle adiquen 5 millóns máis que a cidade de Vigo, cal é motivo para que a cidade de Santiago de Compostela se lle adiquen dous millóns máis que á cidade de Vigo e cal é motivo para que a Xunta de Galicia lle adique un millón máis á cidade de Ourense, cal é motivo? E sígome preguntando porque a Xunta de Galicia cubre patios noutras cidades de Galicia que non o cubre na cidade de Vigo, unha pregunta que débense propoñer.

E por todo isto que instamos á Xunta de Galicia a introducir nos orzamentos do 2020 unha partida de 5 millóns de euros para cubrición de 15 patios escolares, e lles lembro señores do Partido Popular que a cubrición dos patios é unha competencia da administración autonómica, e por certo, non pedimos que se nos dea máis que o resto,

non pedimos nada máis que o resto, repetímolo, non só en educación noutros moitos aspectos que non estamos sendo tratados como se merece, esta cidade non está sendo tratada como se merece por parte do Partido Popular e concretamente da Xunta de Galicia. Pedimos que se nos trate como merece a cidade máis importante de Galicia, pedimos que se sexa xusto cos vigueses/as e pedimos que a Xunta de Galicia deixe de maltratar a esta cidade, por suposto que se os señores do Partido Popular votan en contra volverán unha vez máis e o fan por pasiva e por activa a votar en contra da cidade de Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego coincidimos co grupo municipal Socialista na denuncia da total desatención da Xunta de Galicia das súas obrigas e das súas competencias na cidade de Vigo e neste caso en materia de infraestruturas educativa e polo tanto, coincidimos e apoiamos a petición de que a Xunta de Galicia consigne unha partida de 5 millóns de euros para asumir efectivamente o seu cometido, a súa responsabilidade, a súa obriga que é a cubrición dos patios, aínda que o concelleiro de Facenda antes acusou sabe a sabendas de que non era verdade, de que o Bloque Nacionalista Galego defendemos á Xunta de Galicia, dende logo, dende o Bloque Nacionalista Galego temos que dicir que diante da política de total abandono que practica a Xunta de Galicia do Partido Popular en contra da principal cidade de Galicia, van ter ser enfronte ao Bloque Nacionalista Galego e por iso nós imos apoiar esta moción, formulámoslle unha emenda e eu quero clarexalo, como unha subxestión en positivo e non será óbice que non sexa admitida para nós manter igualmente o noso apoio a moción orixinal, na nosa emenda o que demandamos é que se inicie tamén o goberno local a que se aumente nos orzamentos do Concello para o vindeiro exercicio as partidas destinadas ao mantemento dos centros escolares públicos que si é unha competencia municipal, recollendo ben a preocupación que existe pola limitación ás veces da que se dispón dos recursos para facer algunha actuacións en edificios que como ben se relata na moción do grupo socialista pois teñen unha importante antigüidade e que require polo tanto, un maior investimento en mantemento ao longo dos próximos exercicios, insisto é unha proposta de suxestións, de engádega en positivo sexa admitido ou non, dende logo, o Bloque Nacionalista Galego vai apoiar a moción para esixir que a Xunta de Galicia exerza nesta cuestión como noutras moitas as súas competencias e transfira, destine os seus recursos que a cidade necesita e a cidade merece.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Estamos de acordo con esta moción, tamén coa engádegas que propón o Bloque Nacionalista Galego, de feito esta moción lembremos a que trouxemos a este Pleno o día 31 de xullo, co obxectivo de instar á Xunta de Galicia a solventar as graves eivas dotacionais e dos recursos dos centros educativos públicos de Vigo porque efectivamente, ningún proxecto de lei, nin decisión orzamentaria pode xustificar mingua de recursos e de consensos na comunidade educativa, tres meses despois co curso xa comezado na demarcación educativa de Vigo a consellería segue sen abrir un diálogo franco e participativo sobre a necesaria por exemplo, nova zonificación escolar, é dicir, segue sen atender as demandas urxentes que lle foron trasladadas por parte da Federación Olívica de asociacións de nais e pais do alumnado de Vigo, de sindicatos tamén, de colectivos, da comunidade educativa e tamén certamente da Marea de Vigo por iso, nos vemos na obriga de lembrar aquí o que se demandou en meses pasados, é necesaria como dicimos unha zonificación que permita dunha vez por todas considerar o transporte escolar como un servizo público e que sexan os centros escolares as súas necesidades quen determinen as necesidades do transporte e non ao revés, non obstante as relacionadas co transporte non son as únicas restricións que afectan aos centros públicos, tamén nos atopamos con que en ningún centro público da nosa cidade se ofrece un proxecto educativo continuo, iso a continuación de primaria, en numerosos centros da cidade non se restableceron neste curso as liñas retiradas en primaria ao curso pasado ó que se engade unha escaseza de docentes que se cronifica curso a curso, ademais moitos centros públicos de infantil e primaria non poden garantir unha praza de comedor a tódalas familias solicitantes mentres os centros públicos de secundaria directamente non contan con servizo de comedor, agora ben se o goberno local quere ser bandeira da educación pública tamén debería tomar nota dalgunhas cuestións, as axudas municipais escolares en material escolar e o comedor levan sendo as mesmas dende as dúas lexislaturas a pesares de que os datos da renda familiar das persoas en situación de vulnerabilidade son cada vez máis dramáticos, así mesmo, observamos na última liquidación que nos foi presentada que de 1.205.000 euros por agora só se executaron 600.000 euros das axudas a comedor cando o curso xa comezou, do mesmo xeito non comprendemos por que cando se presenta esta moción para a cubrición de patios escolares, sobre unha partida de 400.000 euros para cubrición de patios escolares, unha partida do Concello, opera unha modificación que retira 280.000 euros e neste momento co curso xa comezado só se executaron 40.000 euros, ademais algunhas das

modificacións que se puxeron no prego aumentan subvencións orientadas a educación concertada e non a pública como por exemplo, a subvención ao uniforme escolar da escola como dicimos concertada, ben, dende a Marea de Vigo nos seguimos a considerar como prioritario, aumentar os importes das bolsas e ampliar os supostos subvencionables na educación pública como os importes das actividades extraescolares ou excursións que se fagan no centro, e por certo, educación tamén é a escola municipal de Artes e Oficios, o goberno local segue deixando sen cubrir as prazas vacantes de profesores en situación de previsibilidade de baixas prolongadas como as de maternidade e as de xubilación, situación pola cal a cidadanía matriculada na Emao vese privada dos seus dereitos, mantendo longos períodos de tempo, mesmo cursos enteiros sen formación, unha situación que levou á comunidade educativa da Emao a estar denunciando durante meses, e segundo declara o alumnado e o profesorado publicamente, sen ningún tipo de respostas, só din que se lle repite que se lle envía o mesmo correo electrónico como resposta con cero contido, só anos, tristemente. O Goberno local polo tanto dende o noso punto de vista actúa con frivolidade e con irresponsabilidade deixando caer unha institución centenaria e fundamental de Vigo e ademais negando como digo ós dereitos á comunidade educativa da Emao, dito isto, mentres nesta cidade temos unha matriculación maiorna privada e concertada que nos centros públicos, este grupo votará sempre a favor da necesaria investimento e o compromiso tanto da Xunta de Galicia como do Concello incorporando pola nosa parte como xa dixen a emenda de engádega do Bloque Nacionalista Galego para a mellora das infraestruturas e recursos dos centros educativos públicos de Vigo.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Trala lectura da súa exposición, permítame que lle diga que me chama a atención todo o seu desenvolvemento, xa que nesta se deixa entrever que este goberno se comprometeu máis alá das súas competencias, é dicir, para vostedes este goberno está comprometido en facer actuacións que non lle corresponden pero eu lle pregunto, cales son as competencias do Concello de Vigo? Isto non é cuestión de estar comprometido, é unha cuestión de facelo, o 18 de outubro podemos ler un titular de La Voz de Galicia que di “O Concello desvía fondos dun colexio para pagar ascensores”. O Concello xustifica os cambios e sinala que tódalas obras son importantes con isto, podo concluír a importancia que se presta aos colexios deste Concello xa que hai obras máis importantes ou máis visibles. Vostedes manifestan nesa noticia que os investimentos nos

colexios pertencen á Xunta de Galicia pero que tradicionalmente o Concello de Vigo asumiu moitas delas ante a demanda da comunidade, pero que tradicionalmente? Corría o ano 2008, para ser máis exactos, o 9 de xaneiro de 2008, creo que non necesita que lle diga quen gobernaba. Naquel entón, na Xunta de Galicia se asinaba un acordo marco entre Consellería de Educación e a Federación de Municipios das provincias para o desenvolvemento dun pacto local en materia de educación, en relación cos centros públicos integrados, na súa terceira cláusula explica que as obras de reparación, conservación e mantemento son responsabilidade de cada concello, como podemos dicir entón que tradicionalmente se fixo, é competencia realizar este tipo de reparacións, unha noticia do 23 de outubro, o goberno provincial presentaba o Orzamento da Deputación para o próximo ano 2020, unha parte de dito Orzamento estaba destinado ao cofinanciamento de proxectos para infraestruturas educativas e deportivas, entre eles a cuberta de patios de diversos centros públicos, entón eu me pregunto, se vostedes lle están pedindo á Xunta de Galicia que introduza nos orzamentos do ano 2020 unha partida de 5 millóns de euros para a cuberta de 15 patios que por certo, non especificou a que centros educativos se refire e por outra banda a Deputación destinará, pero xa que teñen tantas reunións, podería explicar a que colexios se refire, nada máis, só é un apunte. Eu lle pregunto, se por un lado lle están a pedir cartos á Xunta de Galicia pero por favor diga cales son nada máis, xa sei que os teño pero dígaos. Se por un lado estalle a pedir cartos á Xunta de Galicia e por outra banda a Deputación está a dicir que vai a investir nestes patios, que aporta o Concello de Vigo? Nada, tódolos centros educativos da cidade de Vigo como pasa no resto das cidades galegas, cumpren cos requisitos que lle corresponde ao goberno autonómico en canto a superficie de instalacións, establecidos no Real Decreto 132/2010, onde se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparta as ensinanzas de segundo ciclo infantil, primaria e secundaria, por certo este Real Decreto foi aprobado por un goberno socialista, o Concello de Vigo debe atender esta demanda porque así está establecido, como pasa en todos os concellos de Galicia, en ningún caso sería un caso extraordinario, polo tanto, nin é unha anomalía nin o Concello de Vigo sería unha excepción nin nada extraordinario no caso de que se aceptase levar a cabo isto, todo o que vostedes consideran oportuno é competencia da Xunta de Galicia, non se cansarán de dicir que a Xunta de Galicia non inviste en Vigo, para vostedes non fai nada, a súa política se centra constantemente en criticar a xestión feita pola Xunta de Galicia, incluso se chegou a falar da pésima xestión do Sr. Feijóo, pero eu lle volvo a preguntar, cales son as súas competencias? Lle informo que non verán do

2019, fíxose o maior volume de obra en execución en centros educativos nos últimos 20 anos, no Plan de dotacións de infraestruturas, acábaseme o tempo, nos imos a abster nesta moción.

SR. GÓMEZ DÍAS: Vou comezar polo final, Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalizacións e sustentabilidade do goberno local, a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e educación especial de Vigo é competencia e propia e responsabilidade do Concello, conservación mantemento e vixilancia, os patios son competencia da Xunta de Galicia, fala a Sra. Román do investimento da Xunta de Galicia, récord de obras nesta cidade no ano 2019, récord de obras, atentos, ollo ao dato, Faro de Vigo edición de Ourense, a Xunta de Galicia fai un investimento de 2,5 millóns de euros en grandes obras entre elas a cubrición dun patio escolar, 2019, 2,5 millóns de euros, sigamos, investimentos millonario da Xunta de Galicia en varios centros de ensinanza, Correo Gallego, Santiago, 3,5 millóns ascende o investimento da administración autonómica dos centros educativos en Santiago de Compostela, sigamos, A Coruña, 2019 a Xunta de Galicia destina 6,6 millóns de euros en obras a centros públicos da cidade de A Coruña, sigamos e agora ollo e agárranse a Sra. Porro, delegada da Xunta de Galicia parece de A Coruña, non de Vigo, "Porro destaca que a Xunta de Galicia adica 1,6 millóns" ollo "en cuxos centros investira nos seus centros en obras e reformas cando acabe o ano 2019 1,6 millóns" que veñan aquí a dicir que a Xunta de Galicia aposta pola educación na cidade, deberíalles dar vergoña, 1,6 millóns de euros, a Sra. Porro presumindo, destaca que inviste 1,6 millóns de euros no ano 2019, pero non lle da vergoña? Por favor, debería de ter un pouco de decoro.

A Sra. Méndez nin lle vou a contestar, se quere falar da EMAO ou se quere falar doutra cousa, do seu libro, porque veu aquí a falar doutra cousas, non falou de patios cubertos e invítolle a que presente unha moción no próximo Pleno e falemos da EMAO e falemos doutra cousa pero aquí viñemos a falar de patios de cubertos e a moción é claro.

En canto a emenda de engádegas do Bloque Nacionalista Galego pois evidentemente non a imos aceptar, pero non a imos aceptar por un simple motivo, datos do Concello, anuais, 7 millóns de euros de investimento en mantemento, conservación e vixilancia dos centros educativos, como ben dicía na súa intervención, os centros educativos na cidade de Vigo teñen máis de 40 e 50 anos e os edificios como debería saber, teñen unha vida útil e aí

perde xa o sentido que pida vostede que metamos máis cartos para mantemento, o que ten que pedir é que a Xunta de Galicia invista os 5 millóns de euros de máis que lle da á cidade de A Coruña en lugar da cidade de Vigo, co cal evidentemente non aceptaremos esa emenda.

PRESIDENCIA: Entendo que a emenda non é aceptada.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2019 (Rex. Nº 2222/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(192).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A POÑERSE AO FRONTE DA CRISE DE BARREIRAS ASUMINDO AS COMPETENCIAS EN POLÍTICA INDUSTRIAL PARA RESOLVER A SITUACIÓN. REXISTRO PLENO 2223/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2019, número 2223/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Coñecida a situación de crise do estaleiro Hijos de J. Barreiras que se atopa en precurso de acredores, a preocupación dos traballadores, empresas do sector e de toda a cidadanía foi crecendo polas graves consecuencias que, para o emprego e a economía da cidade, pode ter a non resolución da devandita crise.

Nesta grave situación, o silencio do Presidente da Xunta de Galicia contribúe a incrementar a inquietude. Foi Núñez Feijoo quen trouxo aos executivos de Pemex, anunciando un futuro prometedor para o sector naval en Vigo e con gran despregamento mediático de comparecencias e fotos.

Hoxe, o Presidente da Xunta de Galicia escóndese, non atende ás súas competencias e ante o maior problema industrial que hoxe ten Galicia, non se lle escoita, non actúa e só fala de industrias do norte de Galicia.

Núñez Feijoo debe asumir as súas competencias como Presidente e abordar esta crise co conxunto do sector coa mesma dedicación que tivo coa chegada de Pemex que el propiciou.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a poñerse á fronte da crise de Barreiras, asumindo as súas competencias en política industrial para resolver a situación na que se atopa o estaleiro Hijos de J. Barreiras. O Concello de Vigo ofrece toda a súa cooperación.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Sirva esta moción como explicación de voto á anterior moción que votamos porque non se trata dun brindis ao sol senón que queremos que o acordo e agora o xustificaremos deste Pleno, sexa moi concreto en canto ao que se quere facer con respecto a Barreiras e con respecto a situación que se vive, é certo, que unha inmensa preocupación invade esta cidade en todo a contorna empresarial, sindical e para os traballadores e polo tanto, non só é o estaleiro e as empresas auxiliares senón que é o sector no seu conxunto, o sector naval quen está sendo afectado, esta crise supón un duro golpe para a economía da cidade e para o seu prestixio, un prestixio que custa tanto

gañalo e que se pode perder en pouco tempo, cando dicimos que é a hora de asumir responsabilidades dicimos que é a hora de exercer, de poñerse mans á obra, e quen a de tomar as rendas é o Presidente da Xunta de Galicia máis alá de que outras administracións poidamos colaborar. O Sr. Feijóo trouxo PEMEs a Galicia, consumouno cunha sinatura de contratos que se corresponde con esta foto en setembro de 2012, inclusive dopándose ilegalmente para as eleccións autonómicas que o 21 de outubro de 2012 se celebrarían, situémonos, esta foto é de setembro de 2012, as eleccións autonómicas de Galicia foron o 21 de outubro de 2012, con todo o boato que ten esta foto se asinan os contratos de PEMEs, o Sr. Feijóo recibe aos directivos de PEMEs, móntase un espectáculo mediático absolutamente impresionante, lles invita ao balcón de Raxoi a ensinalles entendo, a praza do Obradoiro, é un dos momentos que para el supón maior gloria, como anécdota se chega a interromper a programación da televisión de Galicia para dar conta disto como cando hai unha gran catástrofe, cando hai un gran acontecemento mundial. Isto merecía a pena interromper a programación da TV de Galicia, o Sr. Feijóo fala de contratos para o naval, ten a solución para Vigo e son un número incontable de contratos, pero é que tamén fala de que ten a solución para Ferrol, dao todo por resolto pero a Xunta Electoral o que lle di é que a súa aparición nesa sinatura de contratos onde se colou nese acto vulnera o artigo 50 de Lei electoral, e lle di que ao seu candidato desista da descarada utilización dos recursos do goberno galego como medio de propaganda electoral, non sei que houbera pasado co resultado das autonómicas se o Sr. Feijóo non houbera actuado dentro da ilegalidade que marca a Lei electoral, polo tanto o Sr. Feijóo trouxo PEMEs a Galicia Sra. Egerique, é o responsable pero é que ademais non só estas fotos o demostran senón que no colmo da súa frivolidade chega a asinar, "son o director comercial de Galicia", Sr. Feijóo, eu espero que estarán de acordo conmigo en que dada a situación na que nos atopamos actualmente hoxe a calquera director comercial lle houberan cesado non? En calquera empresa algún que recolle este fracaso tan clamoroso lle houberan cesado pero tamén se o director comercial houbera tido un pouco de decencia se habería marchado. Na situación na que estamos, que fai esta magnífico director comercial de Galicia? Escondese, non exercer as responsabilidades que ten polo estatuto de autonomía e pola Lei de industria de Galicia e nós dicimos na moción que quen trouxo PEMEs a Galicia se veña a Vigo, convoque á empresa, ás empresas auxiliares, convoque a todo o sector empresarial e tamén ao Concello no que estamos dispostos a asumir e así o fixo público o Alcalde na parte que nos corresponde, saben cal é a diferenza entre o Sr. Feijóo e o Alcalde? Que o Sr. Feijóo

se preocupa do norte de Galicia e non ven aquí e o Alcalde de Vigo estaría a traballar día e noite por solucionar esta situación.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego coincidimos plenamente coa crítica pormenorizada que acaba de facer o voceiro do grupo Socialista en relación ao grande fiasco PEMEs, absolutamente, palabra por palabra, dito isto, dende logo nós imos a apoiar a moción do grupo Socialista porque é un reproche baleiro, porque o demostraron efectivamente, tiñan que xustificar o voto diante da moción da Marea de Vigo emendada polo Bloque Nacionalista Galego porque a súa moción non di absolutamente nada, simplemente é un reproche claramente en ton partidista, electoral para dicirlle que o Presidente da Xunta de Galicia se poña en fronte da crise, para facer o que? Exercer as súas competencias? En que sentido? Que queren que faga a Xunta de Galicia? O Bloque Nacionalista Galego temos claro o que hai que facer para asegurar o futuro dun sector estratéxico como é a construción naval, declaralo sector estratéxico como se está a facer noutros estados de Europa, reactivar de verdade a mesa de contratación do sector naval, cumprir a Lei galega do sector naval que está absolutamente nun caixón, que se poña en marcha unha tarifa industrial galega que permita que o noso tecido produtivo poida competir en menos custos enerxéticos e non a costa nin de maior precariedade nin de máis despidos nin de baixos salarios, pero tamén algo moi importante, nós dicímolo insisto, desacomplexadamente, nós demandamos intervención pública directa, que se garanta o futuro, a continuidade da actividade do sector naval, dos estaleiros Barreiras e Vulcano que nós dende logo non nos esquecemos de Vulcano pero tamén que se garanta o emprego e a única maneira hoxe, xa comprobado, e a intervención pública directa porque que propoñen dende o Partido Socialista, que sigamos hinchando Barreiras ou Vulcano a cargo de fondos públicos para que os seus magníficos xestores nos volvan a colocar máis dunha vez en tres, catro, cinco anos nesta situación límite, nós dicimos que Vigo ten dereito a ter un estaleiro público ou semipúblico que garanta que volvamos a ser potencia na construción naval como fomos durante moitos anos, iso é que hai que pedir o demais é un reproche baleiro, oco e dende logo o Bloque Nacionalista Galego non imos ser comparsa desa operación aparental.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Pois si nós tamén estamos de acordo con que o Presidente da Xunta de Galicia debe pórse fronte da crise de Barreiras, agora efectivamente a fronte como? As nosas deputadas/os do grupo Común da esquerda xa defenderon no Parlamento galego instar á Xunta de Galicia algunhas cuestións fundamentais, comprometerse coa continuidade do estaleiro Barreiras, así como os seus postos de traballo e condicións laborais, vincular as axudas públicas a condicións fixadas de mantemento de postos de traballo, condicións laborais e continuidade empresarial, ou constituír tamén de forma urxente a mesa sectorial do naval cos estaleiros, industria auxiliar e sindicatos para abordar unha política conxunta para o sector porque certamente hoxe os estaleiros vigueses viven unha situación dramática, xa o dixo o voceiro da Marea de Vigo, o Sr Pérez Correa neste Pleno, semella que vostedes tiñan a sensación de ter que responder a esta moción dicindo algo pero en realidade non demandando nada, dende o ano 2004 ata o 2019 os sete estaleiros insignia de Vigo, Freire, Armón, Barreiras, Metal Ship, Vulcano, Cardama, Enodosa pasaron dun persoal fixo de 806 empregados a 513, con miles de empregos anexos ligados á precariedade e á eventualidade do sistema de contratas auxiliares e cunha presenza de empresas auxiliares estranxeiras, portuguesas, lituanas e mesmo xa gregas que practican dun PIN nos custos laborais de xeito preocupante.

Efectivamente ligado a todo isto, aínda que con casuísticas dispares neste 2019 e situación dos dous estaleiros referenciais Vulcano e Barreiras volveuse xa insostible, o primeiro está xa en liquidación despois de máis de 100 anos de actividade ligada á construción naval e o segundo en perigo por unha xestión nefasta dos accionistas novos e vellos con complicidade absoluta da Xunta de Galicia en diversas etapas tamén do goberno central, tanto do PSOE como do PP, e con especial culpabilidade no proceso de privatización de finais da década dos 90. Efectivamente Vigo non pode asistir á liquidación silenciosa dun sector que leva sendo o motor económico de Galicia dende hai máis de dous séculos e polo tanto, efectivamente compre a intervención directa porque ese mantra neoliberal no que o Partido Socialista di non crer e logo para que si cumpre, si cumpre, en fin, da iniciativa privada e polo tanto da autonomía do sector non se axusta á realidade, Francia e Escocia veñen de nacionalizar preventivamente estaleiros privados argumento o carácter estratéxico dos mesmos, non é unha cuestión de Cuba eh! Falamos de Francia ou de Escocia, por iso nós defendemos que as tres administracións fixémoslo na nosa moción, á que vostedes se viron obrigados a responder, que as tres administracións sobre as que pivotan as competencias urbanísticas, económicas,

lexislativas, de planificación, de políticas industriais, asuman a defensa dun sector en perigo, hai que instar ao goberno do Estado a reformular o instrumento público privado PIMAR e recuperar un mecanismo 100% público que permita financiar o sector naval previa declaración do sector económico estratéxico ,como xa dixen que teñen feito outros países, tamén a Xunta de Galicia no seu papel como instrumento dinamizador da industria naval, especialmente no seu papel de avalista financiador de buques nun momento no que os estaleiros va a ofertar nos concursos nacionais e internacionais e instar tamén como dixemos ao Concello de Vigo a convocar con urxencia un consello Económico e Social da cidade e a liderar e organizar unha grande mobilización cidadá polo futuro do sector naval e especialmente polo futuro industrial de Barreras e tamén de Vulcano, esa é a grande mobilización que pide Vigo, esa é grande mobilización que piden e que necesitan as familias, vostedes sábeno e por iso presentan esta moción, baleira, pero saben que esa é a grande mobilización que piden as familias de Vigo.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade que é certo, o grupo Mixto, o Bloque Nacionalista Galego e Marea de Vigo van de fronte e din claramente o que queren pero o Partido Socialista como sempre, sibilino, ondeando, non sabe moi ben é atacar ao Sr. Feijóo e cando hai que render contas do Concello como pasou na moción anterior, un non é un non, disto non falo, nin da EMAO nin do listado dos colexios nos quedamos en nada, entón todo é o Sr. Feijóo malo, malísimo, e mire eu lamento Sr. Font, que o Sr. Losada que tanto falou na comisión deste tema, tanto coñecemento ten do naval non poida defender esta moción, pero claro creo que ao Sr. Losada cústalle máis facer ese papel tan teatral que fai vostede, facer esas acusacións tan demagogas porque o Sr. Losada si que sabe a realidade, ademais o Sr. Losada sabe moito de offshore porque mire que non nomeou ao Sr. Losada no Parlamento o Sr. Soria aí como un martelo pilón, pin-pan-pun, todo o día co offshore e nós temos hoxe unha concelleira que presuntamente tamén está cun offshore en Panamá, polo tanto eu sei que Sr. Font a vostede facer este papel se lle da de luxo, vostedes instan ao Presidente da Xunta de Galicia a poñerse a fronte da crise de Barreiras asumindo as súas competencias en política industrial para resolver a situación no que se atopa o estaleiro Hijos de J. Barreras o Concello de Vigo ofrece toda a súa cooperación, engaden esa frase por se acaso, miren, pois se ofrecen toda a súa cooperación demóstrano porque xa houbo ata tres veces reunións entre a Xunta de Galicia, PIMAR, a OTRI e RITZ CARLTON que son as catro figuras e piares fundamentais e

polo tanto, este compromiso xa está totalmente asumido, eu non neguei o que vostede está a dicir, en 2009 todos os estaleiros dos que se falou tamén a Sra. Méndez estaban sen carga de traballo, agora teñen carga de traballo, vostede so falou dende o 2012 do Sr. Feijóo e de PEMEs pero non falou dende o 2012, de tódalas familias e tódalas persoas que puideron volver a traballar no naval, e polo menos estiveron durante seis ou sete anos traballando con postos de traballo e algo que temos que loitar para que manteña. Entón aquí pon, “o Concello de Vigo ofrece toda a a súa cooperación”, encantados de recibila, nós somos grupo municipal do Partido Popular, eu xa dixen que me sentín orgullosa de nomear persoa non grata ao Sr. Almuina porque o tax-lease nos fixo moito dano, quero tamén sentirme orgullosa de que o Concello de Vigo colabore coa administración autonómica no apoio ao sector naval, privado e público, porque estes dous grupos Marea de Vigo e BNG, van de fronte e ofrecen unhas alternativas, vostedes só critican, critican, critican, van a permitirme a expresión que non me gusta nada, emerdan, pero é que é verdade vostede o que quere facer é falar sempre mal do Sr. Feijóo e esquecerse de todo o que se fixo, miren eu voulle dicir, eu non vou negar nin as sentenzas nin o que dixo vostede, nin que esas persoas estean na cárcere, non o vou negar para nada porque é verdade e que queden alí porque as sentencias é o que hai, pero vostede tamén, o que digo eu, teñen que ver que política industrial defenden vostedes, porque o Sr. Sánchez neste momento ten unha política industrial que está a facerlle moito dano a Galicia, é di aquí “as súas competencias en política industrial para resolver a situación na que se atopa o estaleiro”, pois tamén hai moitas resolucións que pode facer o goberno central socialista, por exemplo co sector industrial de Citroën, coa subestación que debe a esta cidade que xa estaba acordada no anterior goberno. Polo tanto, aquí hai moitas maneiras de instar e de solicitar a diferentes partidos ou administracións as súas competencias. Eu insisto en que Barreiras a igual que Vulcano é unha situación complicada e a Xunta de Galicia quere e forma parte desa solución, quere formar parte desa solución como quere formar parte da solución de Vulcano, polo tanto digo houbo xa tres encontros coas partes afectadas, polo tanto, non diga vostede que o Presidente da Xunta de Galicia se poña ao fronte porque xa está ao fronte e non ten nada que ocultar.

Nós non queremos solucións parciais, nin peticións ao aire e votacións e titulares baleiros de contido se o Concello realmente está comprometido, que o demostre.

Nós estamos absolutamente comprometidos co sector naval só vou dar un dato, quero que saiban que a Xunta de Galicia destina máis de 50 millóns de euros a consolidar o

naval galego, prestando esa especial atención á formación e ás axudas directas aos estaleiros polo tanto, non hai nada que ocultar e non hai nada aquí Sr. Font do que esconderse, vostede quere facer demagogia eu entendo que o Sr. Losada non é capaz de ser tan sumamente demagogo como vostede pero si que ten coñecemento absoluto, que pode contarllo do que pasou exactamente co sector naval porque el falou moito disto na comisión sesta no Parlamento de Galicia.

SR. LÓPEZ FONT: Si Sra. Egerique, foi o Sr. Losada o que me contou como se recorreu á Xunta Electoral pola actuación que tivo o Sr. Feijóo, foi o meu compañeiro o Sr. Losada. E o que está claro que se recoñece que se fago ben o papel é que está a recoñecer que é un inútil o Sr. Feijóo, para resolver a crise na que nos atopamos, miren eu non tiña que dar ningunha explicación de voto en relación coa anterior moción, simplemente era unha aclaración para que se entendera o noso papel, pero o que si se ben obrigados algúns é para xustificar por que van a votar en contra desta moción. Polo tanto, aquí o importante é que estamos nunha crise como consecuencia desta foto, aquí hai un presidente da Xunta de Galicia que asinou uns contratos con PEMEs, o incumprimento destes contratos e a situación a que está a levar a crise de Barreiras expulsa concelleiros do Partido Popular a mil traballadores dos seus postos de traballo, por iso, a todos vostedes que interviron e que din que esta moción é baleira, baleira non, porque o que está claro é que lle corresponde ao Presidente da Xunta de Galicia, home se vostedes dinme a min que isto é baleiro e que non significa absolutamente nada, sobre todo a vostedes, lle direi que podemos prescindir do Presidente da Xunta de Galicia, se as competencias que ten non as exerce e non as leva adiante é evidente que non necesitamos ao Presidente da Xunta de Galicia. Miren, preocupación polo conxunto do sector naval, toda, preocupación polo máis inmediato e en política as prioridades son fundamentais, é que hoxe hai que solucionar o tema de Barreiras e o que é evidente é que nós ofrecemos a colaboración e así o dixo o Alcalde, pero a solucións deben de vir de quen ten a competencia, de quen ten que estar ao mando disto e da mesma forma que se fixo esta magnífica fotografía eu lles contesto a vostedes, el terá que saber cales é a solución, el terá que saber por onde pasa a solución para unha crise tan grave como é a do sector industrial no sur de Galicia, miren, hai pouco tempo estas bancadas as ocupaban os concelleiros do Partido Popular, hoxe son vostede 4, e son precisamente 4 como consecuencia de abandonos como este e de traizóns á cidade de Vigo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2019 (Rex. Nº 2223/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(193).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZACIÓN DUN PLAN DE HUMANIZACIÓNS DAS BEIRARRÚAS DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA EN VIGO POR UN IMPORTE MÍNIMO DE 600.000 EUROS A INCLUÍR NOS ORZAMENTOS DO 2020. REXISTRO PLENO 2224/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2019, número 2224/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Concello de Vigo ven realizando nos últimos anos unha transformación histórica humanizando centos de rúas da cidade.

En contraposición a esta actuación de mellora das vías de titularidade municipal, dende a chegada de Núñez Feijoo á Xunta de Galicia non se ten humanizado unha sola vía de titularidade autonómica (PO-325, PO-330, PO-552, etc), acumulándose unha débeda histórica coa cidade tamén nesta materia.

Á vista do exposto e co obxecto de poñer fin a este agravio á cidade de Vigo propónse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte,

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar da Xunta de Galicia a realización dun Plan de Humanizacións das beirarrúas das estradas de titularidade autonómica no Concello de Vigo por un importe mínimo de 6.000.000 euros a incluír nos orzamentos do ano 2020.”

DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Quero dicirles que na orde do día que se entregou figuran 600.000 euros pero hai un erro, no texto da moción xa figuran 6 millóns entón clarexarlle ese erro que se produciu.

O Concello de Vigo ten a necesidade de afrontar en materia de estradas a demanda crecente dunha mellora na seguridade vial como grande cidade que é unha mellora na seguridade vial e da infraestruturas viaria no seu ámbito xeográfico.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione aos usuarios da rede unhas condicións de vida de conducións cómodas e seguras mellorando o déficit na seguridade vial e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura dun desenvolvemento harmónico. Neste contexto é a Xunta de Galicia quen ten que tratar de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas coa finalidade dun desenvolvemento económico social que achegue unha maior calidade de vida aos cidadáns neste caso concretamente aos cidadáns de Vigo, da cidade de Vigo. Este goberno o goberno de Sr. Caballero, ven desenvolvendo nos últimos doce anos proxectos de humanización e obras na cidade que melloraron máis de 700 rúas, e máis de 250 quilómetros de viais de titularidade municipal. A Xunta de Galicia simplemente é titular de nove viais, eses nove viais teñen

unha lonxitude de 42 quilómetros é o certo é que con só nove viais e 42 quilómetros brilla pola súa ausencia, non hai unha soa mellora, nin un só investimento da Xunta de Galicia nos seus viais.

Mentres o Concello de Vigo levou a cabo estas melloras no servizo nos viais da cidade que eran da súa titularidade, beneficiaron de maneira directa unha parte moi importante da poboación, a Xunta de Galicia non amosou o mesmo nivel de compromiso que é o compromiso que normalmente amosan con Vigo, cero, e coas veciñas/os de Vigo,...

O Presidente está defendendo unha moción, pódeme deixar contestar, teño a mala costume de ser respectuoso cando falan os demais, só pido o mesmo, eu estou defendendo unha moción, se quere lle pregunta vostede cal é o texto, mo dita e logo despois o leo no Pleno.

A Xunta de Galicia, viña dicindo que non demostrou e non amosou o mesmo nivel de compromiso coas veciñas/os de Vigo e non ten posto en marcha ningún proxecto para a mellora dos viais da súa titularidade, nove viais, 42 quilómetros esa é titularidade da Xunta de Galicia. A humanización de rúas ten demostrado sobradamente un impacto moi positivo, non só na socialización dos barrios onde se acometen, senón tamén na mellora da economía, dos negocios, das empresas alí situadas, dos veciños/as que viven nesas rúas ademais de ser un importante xerador de postos de traballo, estas son as políticas keynesianas as que inviste a administración, esta é a realidade. Unha vez máis a Xunta de Galicia manifesta o seu nulo compromiso coa cidade de Vigo e coa súa veciñanza e por iso que propoñemos ao Pleno da Corporación instar á Xunta de Galicia á realización dun plan de humanización das beirarrúas de estradas de titularidade autonómica no Concello de Vigo por un importe mínimo de 6 millóns de euros a incluír nos orzamentos do ano 2020.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego, compartimos, coincidimos co obxecto, a motivación da moción do grupo Socialista non entanto propoñemos unha emenda de substitución nun sentido que é para nós o razoable que é ir corrixindo de maneira progresiva pois a anomalía de vías que teñen un claro encaixe urbano e que forma parte do tecido e da trama urbana da cidade pois sexan de titularidade dunha administración diferente que a municipal e por iso nós o que propoñemos é que se inste á Xunta de Galicia a conveniar co Concello o traspaso de titularidade dos tramos urbanos das estradas de titularidade autonómica transferindo a cargo dos orzamentos do ano 2020 os recursos económicos necesarios para a súa humanización, a mellora e a mellora

de servizos e da súa integración urbana. Hai un exemplo claro desta cuestión, miren, o tramo da PO-330 en Pereiró, nas proximidades do barrio onde nacín é un exemplo clamoroso de que esta é a vía, falamos dun treito absolutamente urbano onde operan os servizos de limpeza municipais, onde efectivamente está integrado completamente na súa contorna e non ten ningún sentido que sexa un vial de titularidade autonómica, nós demandamos polo tanto que a Xunta de Galicia transfira esa titularidade, pero iso si que transfira a titularidade cos recursos para poñer ese vial a punto e para que as veciñas/os desa contorna, por exemplo, por citar ese exemplo pois teñan unha adecuada iluminación, as beirarrúas garantan a accesibilidade e a seguridade e dende logo teña un mellor encaixe na contorna.

Non o incorporamos na emenda máis en todo caso si que non podo evitar tamén facer esta alusión, é un criterio que nos defendemos en relación aos viais do que é titular a Xunta de Galicia máis tamén dos que son titulares outras administracións, incluída a Deputación de Pontevedra, eu creo que hai que avanzar nese proceso de que aquilo de que xa son vías urbanas pasen a ser plenamente de titularidade do Concello pero iso si que as administracións das que son titulares ata o momento lle adique á cidade, lle transfiran á cidade os recursos necesarios para actuar como se está a facer ou vaise facer noutros ámbitos dos cidade.

Non entanto o Bloque Nacionalista Galego vai apoiar a moción proposta polo Partido Socialista.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo, as contías como sempre en tódalas mocións, que se producen, como dicimos nós no ámbito da moción como din preelectoral poden ser 6, poden ser 12 ou o que vostede consideren porque esta moción xa viu aquí a Pleno, é dicir, esta moción xa a discutimos coa salvidade de que na outra moción ademais de instar ao que son viais e as rúas de titularidade autonómica incluían as do estado, agora desaparecen as do estado porque automaticamente ou a Deputación van desaparecendo tamén dependendo de quen é o que ten nese momento a administración e polo tanto xogamos a un xogo de comodíns para redactar mocións tipo que se poden presentar durante 20 anos que debe ser o tempo que estas vías pois non teñen actuacións, 20 anos e por 20 anos nalgún caso efectivamente máis pero por 20 anos pasou por esas tres administracións pois creo que salvo nós todos os que estamos aquí sentados. Este é o mapa de vías, estradas supramunicipais do termo municipal de Vigo actualizado a maio

de 2017, hai 8 viais de competencia do Estado, hai 8 competencia autonómica, hai 6 viais competencia de Deputación de Pontevedra e hai un vial curiosamente competencia da Autoridade Portuaria que é a rúa Cánovas do Castillo, pois con isto, pois non é moi serio poñer e quitar dependendo da administración que interactua, aquí tería que haber algún tipo de compromiso primeiro para a cesión, porque a maior parte ou unha parte substancial deles non só sae que vaian por tramo urbano, senón como dicía o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego é que actúan os servizos municipais sobre elas e que temos actuacións públicas que explicitan que iso tería que estar cando menos cedido á administración local e en vez de afrontar este debate de que estradas podemos asumir, que non ten ser necesariamente a titularidade, hai administracións que fan un plan director de estradas e se poñen de acordo porque é certo que a cesión das estradas autonómicas ou do estado teñen unha serie de dificultades, non así como as estradas da Deputación que é bastante habitual a cesión da Deputación aos municipios desta infraestruturas, fagamos dalgunha vez pois unha especie de criterio non, porque cando gobernaba o Partido Popular ben que pedíamos competencias que teñen que ver por exemplo, co enlace a Puxeiros, ben que pedíamos os soterramento da VG-20, ben que poñíamos enriba da mesa o que ten que ver coa nacional 552, 555, 556 agora xa non o poñemos na moción, en cambio dentro dun ano si hai unha posibilidade de que o Partido Popular non governe a Xunta de Galicia pois esta moción non volverá nunca máis ao Pleno ata que haxa unha correlación de forzas diferentes. Nós estamos de acordo pero cremos que non é só unha cuestión de humanizar, cremos que é unha cuestión de saber que tipo de viais e estradas temos e polo tanto, cales son as necesidades desa, porque en moitos casos non é a humanización en si que a humanización sería o acceso humano e non o tráfico rodado desa vía e noutros casos a prioridade sería mellorar o acceso rodado de vehículos para evitar por exemplo a alta siniestrabilidade que teñen algúns tramos, iso non é humanizar iso é poñerllo máis fácil aos coches pero si que é en cambio traballar en seguridade que é unha das cuestión que nos preocupa, hai tramos como a nacional, a autovía que ven de Madrid por Porriño que cara a entrada de Vigo é un auténtico conflito permanente de siniestrabilidade, polo tanto, non é só o concepto de humanizar senón queremos que deberíamos abordar algunhas cuestións importantes sobre seguridade viaria. Ims a votar a favor, 6 millóns de euros pois poderían ser incluso 600.000 euros ou 12 millóns de euros ou 30 millóns de euros, pero estas mocións e creo que haberá un chorreo delas de aquí ao final deste Pleno, está ben que teñamos memoria histórica e como as presentandos e como vai variando a presentación dependendo de

quen goberna en que, creo que é certo pero creo en materia de seguridade vial e en materia de infraestruturas aínda hai unha eivas máis importantes da Xunta de Galicia con respecto a esta cidade que teñen que ver coa AP-9 que creo que debería estar recollida pero estamos a favor no conxunto e imos a votar favorablemente.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Diso quería falar, vostede quere que a Xunta de Galicia invista 6 millóns de euros e por que non 20, 30 ou 40 millóns, postos a pedir, pidan, fano para crear debate e así non falar do seu fracaso, un fracaso, lin recentemente que parece que despois de 12 anos atoparon solo industrial, esta seguro que o atoparon en Valadares? Ou se está a referir á cidade do frío ou só se dan conta que hai solo industrial se ven que hai empresas? Incrible o cegos que están, son un exemplo de deslealdade institucional porque dende as primeiras humanizacións que se fixeron en Vigo, que as fixo a Xunta de Galicia na Florida e en Castrelos, o acordo era que o Concello se quedaba coa titularidade dos tramos previstos no convenio e logo vostedes puxeron tódalas dificultades do mundo, ata que a xustiza lles obrigou a aceptar a titularidade, isto non axuda a crear un clima de colaboración entre administracións, pregunto, por que non humaniza Clara Campoamor onde se atopa o hospital público máis grande de Galicia, sabendo que se estaba a construír dende hai 10 anos, vostede se adicou a enganar aos vigueses dicíndolles que é privado só para non investir un euro en humanizar Clara Campoamor.

Coñecen a estrada vella a Madrid? Existe un convenio no que o Concello adquire o compromiso de asumir a conservación e a explotación, hai vallas que levan sinalizando os buratos e o mal estado do firme anos, constitúe un grave perigo para os usuarios.

Mire, pode humanizar a Gran Vía dende Praza América a Praza de España, marxe dereito ascendente xa que está deixado da man de Deus, pero como non hai edificios polo tanto, non hai xente e non lle dan votos non o humanizan, e iso que está no centro da cidade, que é humanizar para vostede? E gastar e gastar cartos onde lle dan votos ou humanizar é poñer ao alcance de tódolos vigueses incluído os que non viven no centro os mesmos medios materias para unha cidade máis humana? Deixe de tirar e mirar para outro carón que ten o rural abandonado, so fai humanizacións no centro de Vigo para que os voten e non por un Vigo mellor, as persoas que ven o rural non entendo porque teñen que camiñar pola propia calzada, porque non teñen beirarrúas novas, nin vellas, nin beiravía e nalgúns casos nin cuneta, exemplos, rúa Combro, estrada a Venda en Beade, estrada de Casas en San Andrés, José Rivas, Fragoselo, onde está o colexio Tintureira, Carrasqueira,

Cesáreo Vázquez, Sampaio, Freixeiro, etc., etc, en Sampaio de Navia pola Avenida de Europa, por si non o coñecen, pasando o Colexio Amor de Dios á esquerda, para ir a Sampaio antigo e a dereita que está a rúa Freixeiro e rúa Cruceiro non hai beirarrúas e as persoas teñen que ir pola calzada con risco de ser atropelados e é próximo a colexios, fagan algo.

Que pasa coas beirarrúas da Avenida Cesáreo Vázquez, mal chamada Avenida que está como o deixaron os romanos, os veciños cederon por escrito o seu terreo a cambio de que? De que o Alcalde fixera as beirarrúas e reconstruíse os muros, en agosto de 2016 un veciño faleceu a causa dun atropelo por un motorista e o accidente tivo lugar cando o veciño saíu da súa casa a tirar o lixo. Por que non melloran os accesos ao hospital Meixoeiro que son terceiro mundistas pola súa estreited, os viais están en estado abandono e non se garantiza a seguridade de vehículos e peóns, melloren os accesos ao IFEVI concretamente a estrada da Vía que tampouco ten beirarrúas, e esixa a Fomento mellorar os accesos do IFEVI dende AP-9, que non o fixeron, están a esixir o que vostedes non fan, o Alcalde é un crack manipulando para ocultar que en Vigo cada día hai menos xente traballando, quere facer unha cidade para xubilados que non crece e que está minguando, ven a pedir que fai moi ben pedindo, pero sexan congruentes ou quere que tamén a Xunta de Galicia limpe as rúas, as praias e lle poden as árbores.

Saben canto se investiron nas vías que mencionei dende de 2010? Máis de 19 millóns de euros, prepárense para as melloras que haberá moi pronto, outra mostra máis de que a Xunta de Galicia é a administración que máis inviste en Vigo. Mire, os vigueses se merecen que se traballe para facer cousas e non para boicotear e frear o desenvolvemento desta cidade, aquí están as probas por se non me cren, máis de 20 millóns de euros.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: A verdade que é unha sorte que vostede defenda esta moción, debe que ser que lle escriben apoiando ás mocións do Partido Socialista.

Pero mire, señor do Bloque Nacionalista Galego, agradecemos o apoio á moción, non imos a aceptar a engádegas pero entendemos que ten que investir independentemente de que logo queiran facer un convenio, queiran traspasar a titularidade cos fondos correspondentes, iso non habería problema.

Señores de Marea de Vigo, estamos moi ben é lóxico que se repita, sabe por que? Porque levamos 12 gobernando e o investimento segue sendo cero, e cando hai investimento como hai agora do Ministerio de Fomento, como hai da Deputación de Pontevedra porque

Ile lembro que a Deputación ten convenios con este Concello por importe de 4, 5 ou 6 millóns por ano, non só con rúas, con humanizacións, tamén con pavillóns, con espazos deportivos, entón por iso non reclamamos, sabe o que pasa? Que cambiou no ano 2015, esa é a diferenza, antes do 2015 se pedía e despois non porque se cambio, o Ministerio de Fomento, Ile lembro, está a facer un gran investimento na VG-20, o Ministerio de Fomento ten asinado un convenio poñendo a gran maioría dos cartos co Concello de Vigo pola avenida de Madrid, esa é realidade, por iso é lóxico que se repitan.

Mire, vostedes, Sr. González, falaban, como me queda pouco tempo non quero excederme senón o Sr. Marnotes peta na mesa, o que si Ile vou a dicir é, mire, antes de estar vostedes aí había outras persoas do Partido Popular que logo desapareceron entón Ile dicían "isto non son humanizacións, son losetas" logo o Sr. Marnotes hoxe pola mañá fala e Ile di ao Concelleiro de Facenda "a ver si executas máis do 70% do investimento", se non facemos mal, se facemos... a Xunta de Galicia que non invista, niso si que estamos sempre na mesma postura, que pague Vigo que a Xunta de Galicia non invista e que pague Vigo. Mire, para facer humanizacións como as que fixeron na VG-20, na parte de abaixo, por Ricardo Mella isto son camiños, isto non é humanización, os ciclistas compartindo cos peóns, esta é a realidade, isto son camiños. Isto non son nin humanizacións, son beirarrúas para cubrir expediente, igual que en Navia levan dous anos de atraso e nin sequera acabaron, na VG-20, na estrada de Camposancos agora teñen parada a obra da rotonda que ían facer, esta é a realidade, para Vigo se merecen outras calidades, esta é unha gran cidade, esta non é un pequeno pobo, é un grande cidade, pidan e defendan un pouco á cidade, póñanse de lado dos cidadáns, digan que invistan, esa é realidade, fagan que a Xunta de Galicia invista, que gasten os cartos en Vigo, ese é o único que lles pedimos, defenda por unha vez a cidade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2019 (Rex. Nº 2224/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

14(194).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR O SEU COMPROMISO COA AMPLIACIÓN DO IFEVI CONSIGNANDO NOS ORZAMENTOS DO 2020 A CANTIDADE DE 5 MILLÓNS DE EUROS NA PARTIDA ONDE FIGURA SÓ 100.000 EUROS. REXISTRO PLENO 2225/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2019, número 2225/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 10 de Outubro, o Padroado do IFEVI acordou a ampliación do Recinto Feiral a pedimento do Comité Executivo de CONXEMAR.

O acordo foi adoptado por unanimidade das Administracións e Entidades representadas no Padroado.

Antes da adopción do acordo, o representante do Concello de Vigo requiriu da Presidenta a garantía de que a partida necesaria de 5 millóns estivese contemplada en Orzamentos da Xunta.

A contestación foi afirmativa, aludindo ao compromiso que públicamente manifestara o Presidente da Xunta.

En base ao acordo adoptado procedeuse, por IFEVI, á convocatoria de Concurso Público para a redacción de proxecto básico.

A maiúscula sorpresa foi que na proposta de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2.020 figura unha partida específica de tan só 100.000 euros

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso coa ampliación do IFEVI, consignando nos Orzamentos da Xunta para o ano 2.020 a cantidade de 5.000.000 de euros na partida concreta na que neste momento só figuran 100.000 euros.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Tócame volve a falar do Sr. Feijóo non sei por que será, para satisfacción dos que me queiran escoitar e dos que me din que o fago tan ben.

O que está pasando coa ampliación do IFEVI demostra as claras da política do Sr. Feijóo con esta cidade, para os que aínda eran escépticos con esa política contraria da Xunta de Galicia a esta cidade, o que está a pasar co IFEVI despexa tódalas dúbidas. Conxemar é o mellor escaparate feiral da cidade de Vigo, eu diría que de toda Galicia. Todo son declaracións de apoio cando chega o momento pero á hora de concretar xa é outro cantar, a petición expresa de Conxemar o IFEVI ampliouse, confirmouse a necesidade desta ampliación e o éxito da última edición evidentemente así o confirma, pera as circunstancias moi negativas que sofre Conxemar co ataque que pretende levarse a Sifur a Barcelona, reclama a atención, e o Comité Executivo de Conxemar que coñece mellor que ninguén a realidade, propuxo unha nova ampliación, é unha realidade, o Alcalde dende o primeiro momento estivo a favor da mesma e puxo todo o empeño por parte do Concello, pero a última reunión do Padroado á que asistimos, onde se recibía ao presidente do Comité Executivo foi un claro exemplo do que facemos cada un fronte ao que dicimos, nesa reunión do Padroado o Concello estivo posicionado dende o primeiro momento a favor da ampliación. A postura da Xunta de Galicia en boca da súa presidenta en principio foi tibia, aducía a cuestión de legalidade e de tempos e a verdade é que naquela reunión se produciu un importante desanimo por parte dos membros do comité executivo de Conxemar pero nesa reunión o Padroado adoptou o acordo de ampliación,

debo de dicir a risco dos comentarios que poidan facer que se adoptou esa decisión pola firmeza dn posición do Concello, de quen antes presidía este Pleno, do seu tenente Alcalde como representante do Concello, a posición foi inequivocamente concluínte de que a ampliación debería de estar no ano 2020 e dicíamos que tiña que estar no ano 2020 como así necesita Conxemar porque hai un precedente próximo a anterior se fixo en seis meses e para a próxima edición de Conxemar tendo en conta que acaba de rematar a anterior, tiñamos tempo suficiente, pero claro cada un debe de cumprir cos seus compromisos, os compromisos que os representantes do Concello alí manifestaron pola posición que o Alcalde trasladaba, están completamente garantidos pero aquí a Xunta de Galicia debe dispoñer dunha partida de 5 millóns, no padroado onde se tomou esa decisión o representante do Concello de Vigo preguntoulle expresamente á presidenta se había esa partida, a contestación foi que si, que era un compromiso do Presidente da Xunta de Galicia, pero era mentira porque cando chegaron os orzamentos da Xunta de Galicia que é onde realmente hai que facer figurar as cousas, só figuran 100.000 euros, a partir de aí se puxo en marcha unha operación de escusarse, de xustificación coa delegada da Xunta de Galicia en Vigo falando de non sei que historia de partida xeralista que non se cree absolutamente ninguén pero sabe cal é problema? Que ninguén se cre a partida xeralista pero os primeiros que non a creen son os representantes de Conxemar, son os que nos requirían alí que a partida debería de estar concreta para poder facer esta actuación.

Polo tanto, demandamos o que esta partida se concrete nos orzamentos da Xunta de Galicia pero o peor de todo produciuse hai dous días, o Alcalde volveu a mostrar a súa posición inequívoca de que tiña que estar no 2020 e sae o Presidente da Xunta de Galicia dicindo que si, que está a favor da ampliación do IFEVI e que quere que estea en tres anos, pero como en tres anos? Se se necesita para o 2020, onte os executivos de Conxemar pedían que o Alcalde e o Presidente da Xunta de Galicia comparecesen e explicasen, o Alcalde dixo que si, a ver que fai o Sr. Feijóo.

SR. PEREZ IGLESIAS: Para o Bloque Nacionalista Galego a ampliación do Instituto Feiral de Vigo é fundamental máis tamén efectivamente, urxente, para garantir non só a permanencia de Conxemar que é unha feira internacional que non só pola súa sona senón sobre todo polo impacto no tecido produtivo endógeno de Vigo, da súa área, do conxunto de Galicia no sector, para nós estratéxico como son as actividades pesqueiras ten manifestado o seu interese, a súa vocación de permanencia na nosa cidade e nese

sentido nós concordamos coa proposta de moción que trae o grupo Socialista, urxindo efectivamente que se garanta ese investimento, que tal e como ven elaborado o proxecto do Orzamentos da Xunta de Galicia non está asegurado. Non entanto temos que volver a lamentar que unha cuestión que entendemos que é de cidade e que era suscitar o maior consenso, sexa máis un elemento permanente nese pin-pan-pun que obviamente se agudiza en tempos preelectorais pero tamén nós parece absolutamente estéril a efectos de beneficiar á cidade. Dito isto, tamén queremos demandar do goberno municipal un maior esforzo por desenvolver as enormes potencialidades que ten Vigo no que ten que ver no turismo de Congresos e Feiras, unha modalidade de turismo que xera moito maior valor engadido que outras fórmulas e nese sentido é clamorosa é evidente a necesidade de revitalizar a Fundación Vigo Convention Bureau que está nunha situación de absolutos mínimos, o Concello de Vigo apenas destina 200.000 euros por ano a esta cuestión, cando é efectivamente en opinión do Bloque Nacionalista Galego, un asunto tamén estratéxico para a promoción da cidade pero tamén para a promoción dun turismo sostible, que xera valor engadido, que tamén teña elementos de estabilidade e que tamén teña unha repercusión positiva no que ten que ver co noso tecido produtivo, coa nosa actividade económica e co potencial comercial produtivo industrial da nosa cidade. Votaremos a prol máis insistindo na necesidade de que se tome tamén a seriedade por parte do goberno municipal esta cuestión.

SR. PÉREZ CORREA: Nos obviamente estamos de acordo e permitídemos unha reflexión porque sempre que chegan acordos ás administracións sempre hai acordos que se transmutan cando se propoñen a realidade dos orzamentos, ao mellor temos que aprender do sector do tratado de gando que é cando se chega acordo se cuspe na man e iso vai a misa e polo tanto, o mellor na próxima ocasión que se reúna o padroado pois que o Sr. Feijóo se é membro e o Sr. Caballero se é membro pois que se cuspan na man, pechan o acordo porque parece ser que cando o sector tratante de gando pecha un acordo a única maneira de violado é con navallas, creo que é a enésima vez que se nos traslado un acordo en determinados sitios onde interactúan estes dous persoeiros e sistematicamente se incumpre ao día seguinte, falamos de Zona Franca, falamos de tal, polo tanto, a cuspir na man e que os acordos vaian a misa, nós se hai un acordo de 5 millóns, pois que sexa de 5 millóns, non imos a perder moito tempo nesta moción pero si que é certo que se hai un acordo o que non é de recibo que nos orzamentos do Concello

de Vigo, investimento no recinto feiral de Vigo IFEVI 100.000 euros, si isto é a redacción do proxecto, que pode ser, que se poña así, que nos orzamentos se poña que só imos facer a redacción do proxecto, si iso non é así non ten sentido poñer a partida como investimento porque non é investimento en si e si que debería clarificarse, é bastante sangrante que dos 72 millón de euros que aparecen no que son os importes territorializados para os orzamentos do 2020, home de 72 millóns que 39 sexan para o novo hospital de Vigo pois practicamente case o 50% da inversión desta cidade para soste un hospital privado e logo temos toda a sorte de inversións que finalmente non se executan. Estamos de acordo e polo tanto, que se cumpran as actas, os acordos e que se cumpran, sobre todo porque non estamos a falar dunha cuestión menor, nun momento de recesión económica pois ser sendo referente nalgunhas cuestións como é Conxemar pois é necesario o IFEVI, ademais creo que non só é unha cuestión da extensión do IFEVI creo que tamén é unha cuestión dos accesos, xa hai moita xente que propón que non volve a Conxemar polas colapsos brutais que se producen unha e outra vez e aquí si que volvemos ás mocións anteriores e aquí hai accesos e viais de tódalas administracións implicadas que non é só a extensión como digo, o aparcamento e as cuestións que teñen que ver co edificio en si senón tamén unha política de mobilidade que nos falla unha e outra vez en cada edición de Conxemar, estamos de acordo e a que Xunta de Galicia cumpra co seu compromiso.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Con este temos imos a ter que ser rigosos todos/as, a ampliación do IFEVI non é a primeira vez que se fai, xa houbo unha reivindicación da cidade que foi atendida, incluso sen instrumento urbanístico axeitado, hai que lembrar aquí que para poder executar a ampliación do IFEVI houbo que facer unha lei, a Lei de Vigo e aplicala porque non había Plan Xeral, que mudou agora para dubidar do compromiso da Xunta de Galicia con respecto do IFEVI, pois mire unha cousa voulle dicir o que mudou, o que non mudou é que seguimos sen Plan Xeral, haberá que seguir acolléndose á Lei Vigo porque neste tempo aínda non deron un paso, segundo, que mudou, que non estábamos as portas dunhas eleccións autonómicas e terceiro tampouco se presentaba a elas o señor sobriño do Sr. Caballero, iso é o que mudou aquí, o goberno da Xunta de Galicia é o mesmo, o instrumento urbanístico é o mesmo, aquí o que cambiou son as gañas de sobreactuar e as gañas de enredar. Mire, a Xunta de Galicia claro que financiará integramente a obra, pero se está en licitación o proxecto, onde están os terreos, partidas xenéricas tamén as ten o Concello, proxecto do Orzamento do

ano 2020, canto hai consignado para expropiar os terreos do IFEVI? Non, pois hai unha partida xenérica, aplicación 1.510, proxecto 2.000.15.000 compra de expropiacións de chans dos orzamentos da Xerencia, nós non dubidamos que se vai utilizar esa partida para facer as expropiacións que sexan necesarias, non dubidamos diso, é unha partida xenérica, queren que falemos de como se fan as obras tamén tendo en conta os orzamentos? Aquí se anunciou unha obra que nós cremos que é magnífica, que é efectivamente reformar as vivendas que están diante da concatedral, onde están os importes das vivendas? Onde están no investimento do ano 2000? pois están nunha partida xenérica, que fixeron? Pois consignar o proxecto de reforma no orzamento e a Xunta de Galicia fai exactamente o mesmo, no caso do IFEVI xa se está licitando o proxecto e probablemente xa estea o proxecto este ano rematando, seguramente, e xa veremos o que se ten que gastar no IFEVI, catro, cinco, seis millóns o que faga falla porque a Xunta de Galicia está en trámite de aprobación de orzamentos, haberá ampliación do IFEVI porque a Xunta de Galicia ten un goberno estable e porque ten orzamentos anuais e porque do compromiso do Presidente da Xunta de Galicia ninguén dubida, se dubida agora que presentamos ao sobriño nas eleccións, a ver se toca, pero imos a falar doutra cousa, de que dubidamos aquí, os accesos, todas nesta sala e fora dela sabemos que igual que se fixo unha ampliación do IFEVI se fará outra pero os accesos seguirán sendo os mesmos e as empresas que veñen, moitas delas estranxeiras moi importantes van a ter que atascarse aí porque non se esperan orzamentos xerais do Estado nin os houbo no 2019 nin no 20, e o Alcalde está calado e vostedes tamén porque é unha cortina de fume, falan vostedes dos orzamentos da Xunta de Galicia para ampliar o IFEVI pero non falan dos accesos é unha cortina de fume, claro que hai un compromiso e claro que se vai a cumprir, mentres tanto seguimos sen saber que vai a pasar cos investimentos do estado en Vigo? Os que veñen de Redondela van a ter que seguir pagando para ir ao IFEVI porque da AP-9 non imos a falar, porque non se lle pide, se cala, pero ademais para que? Se non hai goberno, se leva 15 meses sen gobernar, se non hai orzamentos, non dubiden do compromiso da Xunta de Galicia, dubiden dos compromisos do goberno central.

SR. LÓPEZ FONT: O outro día a propósito dos días festivos lle dixen a vostede que era un triste, hoxe lle teño que dicir que é vostede un irresponsable, se chegan a escoitar os directivos de Conxemar a intervención que acaba de facer vostede, saen correndo, pero

correndo porque na reunión do Padroado que debería estar informado, se ten o risco de que Conxemar se vaia e o que se nos pide a todos é responsabilidade e compromisos, e escoitalle a vostede é tremendo, pero de que partida xeralista fala se foi a propia presidenta do Padroado a que dixo que ía haber unha partida concreta, pero por que non se refire á palabra do Presidente da Xunta de Galicia que acaba de dicir que a ampliación vai a estar en tres anos? Pero que irresponsabilidade é esta, pero que irresponsabilidade é, que palabras ocas de falar e de apoiar a Conxemar cando é absolutamente mentira, se lle chega a oír a vostede o Sr. Freire, espero que non oia na súa totalidade a intervención que acaba de facer vostede. Mire, nós non estamos no pin-pan-pun, nos vemos obrigados ao pin-pan-pun porque hai incumplimentos, porque hai falla de compromisos e porque non se concreta o que se di, e a acta do Padroado do 10 de outubro, é moi concreta e aló os que estabamos apostamos pola ampliación e o Presidente da Xunta de Galicia creou a incertidume, creou a preocupación total porque fala de tres anos e isto é o que vale e as reunións onde teñan que estar o Alcalde e o presidente da Xunta de Galicia xa o dixo onte o Alcalde, non é oín ao Presidente da Xunta de Galicia porque cando se propón un tema como o de Conxemar o Alcalde de Vigo responde e o Presidente da Xunta de Galicia non respondeu polo tanto, quen ten que contestar a Conxemar é o Presidente da Xunta de Galicia, e ademais confunde, porque fala dunhas actuacións municipais que como nós temos patrimonio, solo municipal é totalmente diferente ao que vostede propón, xa falaremos dos investimentos do Estado cando toque a moción do IMSERSO que meteu de tapadilla para falar do Goberno do Sr. Sánchez.

Polo tanto, mire, só hai unha petición e é que o que se dixo no Padroado se cumpra pero se cumpra para o ano 2020, non para dentro de tres anos, pero de onde cree vostede que ven toda esta polémica, de que alguén que dixo que ía estar no 2020 di que vai estar dentro de tres anos, pero como non vai ser para dubidar do Presidente da Xunta de Galicia, claro que dubidamos, polas súas propias palabras.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada

Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2019 (Rex. Nº 2225/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

15(195).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A INCLUIR PARTIDAS NO ORZAMENTO DO 2020 PARA CUBRIR TÓDALAS NECESIDADES DA CIDADE DE VIGO ATA UN IMPORTE DE 140 MILLÓNS DE EUROS QUE LLE CORRESPONDE Á CIDADE POR POBOACIÓN. REXISTRO PLENO 2226/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de outubro de 2019, número 2226/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno da Xunta de Galicia vén desatendendo de forma sistemática as necesidades da cidade de Vigo. Orzamento tras Orzamento, néganselle a esta cidade os investimentos e os servizos que a cidade máis importante e poboada de Galicia necesita.

Sendo Vigo o 11,5% da poboación galega, no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2.020 só recibe o 2,1% da investimentos.

Como queira que esta tónica vén repetindo nos últimos anos, a débeda do Goberno de Núñez Feijoo con esta cidade estímase en 1.738 millóns de euros.

Neste Orzamento do 2.020 da Xunta de Galicia débese atender as demandas desta cidade como lle corresponde pola súa poboación e influencia na economía de Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a incluír partidas no Orzamento para o ano 2.020 para cubrir todas as necesidades da cidade de Vigo que foron constantemente reiteradas ata un importe máximo de 140 millóns que lle corresponde a esta cidade por poboación.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Outra vez intentando calmar un pouco a indignación que provocan as palabras anteriores do Sr. Marnotes, imos a falar da realidade desta cidade, imos a falar de alí onde cada un se significa nos orzamentos e a verdade é que un Alcalde/esa sempre debe antepoñer a súa cidade a todo, inclusive ao seu propio partido, é fácil oír esta afirmación pero só o Sr. Caballero a leva a cabo en defensa de Vigo e foron os vigueses os que confirmaron o 26 de maio o 68% que esta defensa da cidade é nesa liña. Defender a Vigo significa dicir o que nos corresponde e esta cidade tivo un cambio histórico, é certo, nestes 12 anos, pero o cambio sería dobre ou tripe se a administración autonómica houbera cumprido co que nos corresponde a esta cidade, e cando chegan esta datas e cando se presenta o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia aí é onde comprobamos o trato que o goberno de Galicia da a este asunto, aí é onde debe materializarse. Os 10 anos de goberno do Sr. Feijóo coincidiron con 10 anos de Sr. Caballero como Alcalde desta cidade e a análise por análise e me preguntaban antes polo Sr. Losada, testemuña do que significou os orzamentos da Xunta de Galicia para Vigo, non se correspondeu co que realmente esta cidade merece pola súas cifras e por todo, porque se hai un goberno solidario cos territorios é o goberno do Sr. Caballero, a insistencia en que haxa Área Metropolitana así o demostra, tampouco é ningunha casualidade o que sexa a Xunta de Galicia quen non haxa querido a Área Metropolitana. Falemos do real, do que nos corresponde, esta cidade é máis do 11% da poboación de toda Galicia, posiblemente din os expertos, que en impostos achegamos o 15% de toda Galicia, collamos os orzamentos da Xunta de Galicia e vexamos que só hai un investimento do 2%, polo tanto, hai un trato inxusto, pero hai un trato inxusto multiplicado por dez anos e eu xa sei que seguro que algún fai chistes sobre o tema da cantidade que reivindicamos pero si, onde

hai un número determinado de millóns para esta cidade moi escaso polo que nos corresponde como poboación e por importancia son 140 millóns, porque nesta cidade estamos pendentes de actuacións por parte de Xunta de Galicia, reiteradamente propostas polo Alcalde desta cidade ao Presidente e cando dicimos que se adeuda 1.700 millóns de euros a esta cidade é simplemente un cálculo absolutamente numérico que de haberse cumprido ano tras ano teríamos hospital público e non privado, teríamos centros de saúde e os veciños de Bouzas iran ao seu centro de saúde, estaría solucionado o problema da auga e tivo que chegar o Sr. Sánchez para solucionalo, teríamos un colexios dignos pero se asinou o convenio a súa conselleira Sra. Egerique, de que se pode rir se o problema da auga solucionouno o Sr. Sánchez e logo llo explico, pero tamén se se cumprira con esta cidade teríamos solo industrial, teríamos rematado o Estadio de Balaídos, os viais de titularidade autonómica que aquí reivindicamos estarían en condicións e humanizadas as súas beirarrúas, polo tanto, se todo iso ano tras ano se houbera cumprido este Vigo sería moi diferente e sería aínda mellor do que nós o fixemos pero é que tamén se tería avanzado aínda máis en política social e esta cidade tería porque lle corresponde á Xunta de Galicia en cuestións como CEDRO, centros de día, plazas de residencias de maiores e darían unha maior calidade de vida e que dicir de plans de emprego, vostede sábeno moi ben que sacan a medida doutras localidade e as que nunca pode acceder Vigo, e que dicir de infraestruturas como os túneles de Julian Estévez e Beiramar polo tanto, a quen lle sorprendese a cantidade da nosa reivindicación de 140 millóns de euros, que comece a sumar o que dixen e o que me falla e xa verán como chegan a esa cantidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Esta moción, na nosa opinión, debera permitir facer un pequeno exercicio de pedagogía, dende o Bloque Nacionalista Galego estamos radicalmente en contra desa proposta orzamentaria da Xunta de Galicia que entre outras cuestións volve a insistir no total abandono de Vigo, da principal cidade de Galicia e así volveremos a substanciar, a través de emendas no Parlamento Galego, como tamén teñen formulado outros grupos e tamén con representación neste Concello, dito iso dende logo si que nós non podemos apoiar esta moción por unha sinxela razón porque é a moción permanente e porque efectivamente incorre tamén nunha deriva algo demagóxica e que resulta moi pouco críbel por parte do mesmo grupo socialista que aplaudiu coas orellas o proxecto dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 que non foi aprobado que dende logo

non garantía, non o digo eu, dio o Subdelegado de Goberno en Pontevedra, a chegada do AVE ata o 2030, nada de garantía respecto da saída Sur, non destinaba nin un só euro a completar a rexeneración da Ría de Vigo, non investía nin un só euro do Estado para acometer o necesario investimento na separación de augas pluviais que é un mandato da Directiva marco europea de augas e dende logo, sería moito máis crible se cando reclamamos en defensa da cidade non o facemos en función da sigla que goberna nunha ou noutra administración. E nos imos votar en contra non porque non esteamos de acordo en que a Xunta de Galicia ten que investir o que lle corresponde na cidade senón para acabar por romper esa dinámica do pin-pan-pun demagóxico, electoralista, onde se utilizan ademais mesmo parámetros, de verdade, en que administración se opera unicamente co parámetro poboacional? Dígamolo sinceramente, na Deputación de Pontevedra non, e é razoable, entón con isto nós imos escusar nunca o abandono do Partido Popular cara Vigo pero non vale todo eh! E dende logo non se pode estar permanentemente xogando coa defensa de Vigo como se fora un ben apenas electoral.

SR. PÉREZ CORREA: Eu quixera saber se o grupo parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia esta de acordo co criterio exclusivamente de poboación, porque iso se presenta aquí pero eu quero saber se o Partido Socialista no Parlamento de Galicia vai a dicir que o reparto orzamentario da Xunta de Galicia se faga só polo criterio exclusivo de poboación, porque a partir de aquí abrimos un debate creo que profundo pero creo que estaba solventado pola esquerda política do que supón a desigualdade territorial, do que supón a desigualdade baseada por exemplo en pirámides sociolóxicas da poboación e o que supón sobre todo o privilexio da Galicia atlántica con respecto á Galicia de interior e abrir un debate que se solventou sempre dun forma progresista de que os Orzamentos teñen que servir para corraxir as desigualdades territoriais e polo tanto, o criterio non pode ser só de poboación porque entón estaríamos a xustificar o que moitas veces di a Xunta de Andalucía ou o goberno da Generalitat que o AVE a Galicia, non porque total son 3 millóns de galegos, iso propúxose así porque en Andalucía son 8 e en Cataluña son máis, e polo tanto ese criterio exclusivamente de territorialidade non o defende o Partido Socialista en ningún parlamento, quizais o criterio sexa diferente no caso Valenciano onde estaban dispostos a cambio de que os orzamentos de Valencia foran para alí a calquera tipo de sacrificio territorial en Galicia, Extremadura noutras comunidades autónomas e nacionalidades que necesitan ademais ese criterio territorial, non é o mesmo ter unha unidade oncolóxica en Vigo que tela na provincia de Ourense ou na

provincia de Lugo e polo tanto, eu como persoa solidaria, persoa de esquerdas, discrepo profundamente do único e exclusivo criterio de territorialidade, de número de poboación porque hai cuestións que se queremos construír pais eu creo que o Partido Socialista a pesares de que a palabra federalismo aparece e desaparece, se queremos construír algo minimamente cohesionado pois defendamos polo menos o que vimos defendendo historicamente que ven ademais a colación dunha coherencia coas nosas siglas eu non estou de acordo co criterio de poboación, non estou de acordo, porque entón ata podíamos meternos en problemas importantes de nomenclatura e os cálculos da débeda histórica son curiosos pero se vostedes din 1.738 pois poden dar ese dato ou poden dar máis porque non só as débedas non é só nos exercicios orzamentarios, eu discrepo profundamente de que os orzamentos sexan o inicio, eu quero ver os orzamentos ao final, por iso a min me gustaría que se tramitaran os orzamentos do estado, para saber cal era o resultado final porque o debate único que había naquela altura eran as emendas á totalidade e aínda había un período de emendas parciais e nos evitaríamos unhas eleccións que creo que lle van a dar un mordisco importante á extrema dereita e polo tanto me preocupa a irresponsabilidade da xente que non votou aos orzamentos do Estado sabendo que efectivamente eran uns orzamentos completamente inxustos para Galicia porque iso vai a significar que temos un proceso electoral no que entre outras cousas VOX meteu case 1.700 nun mitin e como me preocupa e como persoa progresista e sei que os orzamentos non é cando se inician senón cando se rematan ata lle vou a dar unha certa confianza ao Partido Popular de que modifique a súa proposta orzamentaria co Concello de Vigo e co sur de Galicia nomeadamente, é dicir, é certo que o Partido Socialista era máis fácil condicionalo porque non tiña maioría e ao Partido Popular vai a ser máis difícil aquí porque ten maioría absoluta e ademais nos últimos catro anos practicamente non lle fixo caso a ningunha das emendas da oposición.

Estamos de acordo en que o exercicio orzamentario que propón o Partido Popular para Vigo é electoralista, hai unha serie de partidas que sabemos que non se va executar e que polo tanto ademais debería de terse en conta algunhas cuestións máis que se foron propoñendo neste Pleno, posiblemente si pero ímosnos abster porque efectivamente isto é unha moción cansina, é unha moción que esta gardada nos caixóns e que se activa ou desactiva dependendo do proceso electoral e porque ademais estou convencido de que vai en contra do que expresa o Partido Socialista nos parlamentos autonómicos que é o criterio exclusivamente territorial para dirimir os orzamentos públicos que creo lembrar

que saen dos petos de tódolos veciños/as e que ademais significaría incluso, aplicando ese criterio, de que o centro de Vigo tería que estar privilexiado con respecto ás periferias porque no que é o centro urbano están practicamente 200.000 habitantes contra os 90.000 e pico que viven nas parroquias rurais e creo que ese criterio cando introducimos é bastante perigoso e ademais creo que como digo, nos vota contra o temos defendido historicamente a esquerda política neste país.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Xustifican efectivamente, teñen gañado as eleccións, iso é así, iso é certo pero a Xunta de Galicia non o debe facer tan mal nestes anos, sabe por que? Porque nas tres eleccións nas que concurreu o Sr. Feijóo, as tres veces gañou en Vigo, é verdade que o Partido Socialista gañou aquí dúas veces, dúas, porque as outras dúas non gañou eh!, tres, dous, entón se a eficacia dos investimentos se mide polo número de eleccións gañadas, tres, dous, non o fará tan mal a Xunta de Galicia en Vigo cando os cidadáns de Vigo, a cidadanía viguesa confía maioritariamente no Sr. Feijóo como Presidente da Xunta Galicia.

Dito isto, pero tan certo é unha cousa como a outra, estaremos de acordo niso, os resultados electorais son os que son, non o fará tan mal. Miren, isto é evidente, isto é unha moción electoral, claro que é unha moción electoral, din vostedes “non, está por enriba de todo a cidade”, non home non, a cidade non está por enriba de todo, para vostede non, para vostedes o que está por encima de todo é o electoralismo puro e duro, facer dano e enredar, iso si que é unha irresponsabilidade, é unha irresponsabilidade poñer en xaque os investimentos da Xunta de Galicia, poñer paus nas rodas unha e outra vez, poñendo dificultades, enfrontando á cidade co goberno, iso non pode ser e as mocións como esta non contribúen a iso e ademais teñen moi pouco éxito electoral como puideron comprobar ininterrompidamente dende o ano 2009 ata agora cada vez que houbo unha eleccións á Xunta de Galicia, agora queren colocar ao sobriño, a min paréceme moi ben, cada un fai o que quere, a ver que éxito te, ata agora os que foron por diante non tiveron ningún. A Xunta de Galicia investiu en Vigo máis de 1.000 millóns de euros en 10 anos, máis de 1.000 millóns de euros en 10 anos, non hai ningunha soa aspiración da cidade que non haxa contado co alento, impulso ou co financiamento da Xunta de Galicia, non hai ningunha, en 12 anos e en 10 anos, é máis, este goberno sobreviviu, a xestión deste goberno polos flotadores que pon a Xunta de Galicia, entre eles a Lei Vigo coa cal se fixo o IFEVI, e se fará unha segunda ampliación, si, o Instrumento de Ordenación Provisional que permite efectivamente que as familias poidan

seguir tendo licencias, claro que si, eses son flotadores para un goberno que non xestiona pero que critica, que pon paus nas rodas e iso é unha irresponsabilidade o que están a facer co IFEVI, é unha responsabilidade que fixeron co hospital público Álvaro Cunqueiro e é unha irresponsabilidade facer con estas mocións que xa lle digo que teñen moi pouco éxito porque a xente coñece a verdade, a xente sabe que se está a facer a Cidade da Xustiza, a xente sabe que se fixo a depuradora, a xente sabe que hai un hospital, que hai centros de saúde e mais que haberá, a xente sabe que se investiu na estación depuradora do Lagares, a xente sabe que se inviste no Consorcio do Casco Vello e a Xunta seguirá facéndoo e presentaremos mocións e presentarán mocións e lles parecerá que nunca é suficiente, pois mire, ao mellor tampouco é suficiente pero si lle podo dicir unha cousa, o Orzamento da Xunta de Galicia recolle moitas emendas, un goberno con maioría absoluta, recolleu moitas emendas pactadas co goberno da oposición, aquí ningunha, porque vostedes aquí non veñen a gobernar, vostedes aquí veñen a criticar, a confrontar, a poñer paus nas rodas e a que veña outro a quitarlle os problemas, as castañas do lume, iso é o que pasa e iso seguirá pasando mentres non reflexionen, din vostedes que hai investimentos que non se fixeron na cidade porque na Xunta de Galicia non investiu mais, habería que todos os obstáculos que puxeron para que se fagan investimentos como a do hospital Álvaro Cunqueiro, tódolos obstáculos posibles, non teñen nin rematados os accesos, expropiacións que non se fan, solo que non se pon a disposición. Ímonos abster porque non estamos en contra de que invista en Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Marnotes comprendo que o Pleno está sendo largo pero leva un día nefasto, lévao moi mal, primeiro lle pido un favor, cando se refira a D. Gonzálo Caballero, secretario xeral do Partido Socialista se refira co seu nome o co cargo que ocupa como eu tamén son absolutamente respectuoso, isto dos flotadores non o escoitara nunca e certamente me sorprende, é o que facía fotos co Sr. Marcial Dorado. Miren, non imos a renegar do que lle corresponde a esta cidade, esta cidade está por enriba de todo evidentemente a así o demostramos durante 12 anos, cando tivemos que criticar a gobernos da nosa cor política o fixemos, votamos sobre o tema do Sr. Almunia ao que se refería a Sra. Egerique, polo tanto, aquí o que reclamamos non é un pin-pan-pun, hai que atender ao que reclamamos, nós non dicimos dirixido a Marea de Vigo e ao non adscrito, no reclamamos unicamente o criterio electoral, reclamamos o que esta cidade ten pendente e teño que lembrar que esta cidade foi a última que tivo auditorio, teño que

lembrar que o Partido Popular gracias ao Sr. Fraga e a Sra. Porro non temos AVE porque hoxe cando o Sr. Feijóo se refire ao AVE de Galicia non se refire dende logo a nós. Polo tanto, é absolutamente mentira que o goberno da Xunta de Galicia haxa investindo neste cidade e claro eu comprendo que veña aquí coa chuleta e solta mantras, pero como pode falar da depuradora vostede se a depuradora é gracias á Sra. Espinosa, que era ministra de Medio Ambiente que a Xunta de Galicia non puxo absolutamente nada e que estamos pagando o canon de seis millóns ao ano, se hai depuradora é gracias a miña compañeira de goberno Sr. Marnotes, si a leo e sei quen asinou o convenio, e é vostede quen ten que ver na prensa e na hemeroteca quen asinou o convenio e falaba, teño pouco tempo, voulle a concluír cun tema, se non hai accesos ao IFEVI é culpa da Sra. Pastor que como Ministra de Fomento llo prometeu ao IFEVI e dixo que faría os accesos, nos reafirmamos na nosa moción pero o tivo que facer no seu momento e non o fixo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2019 (Rex. Nº 2226/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

16(196).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 667/1102 (REXISTRO PLENO 2218/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 667/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

17(197).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 668/1102 (REXISTRO PLENO 2219/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 668/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

18(198).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A QUE FACILITE AUTOBUSES DIRECTAMENTE A ALVEDRO E LAVACOLLA MENTRES NON O FAGA O IMSERSO RECLAMÁNDOLLE POSTERIORMENTE OS CUSTE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2216/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2019, número 2216/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Temos denunciado en multitude de ocasións que Vigo ten pendente a realización de moitas infraestruturas vitais para o futuro da cidade paralizadas polo goberno central de Pedro Sánchez que leva 16 meses de inactividade. Mentres tanto, pasará todo o ano 19 e boa parte do ano 20 sen orzamentos xerais do Estado, que son esenciais para os investimentos de Vigo.

Exemplos clamorosos son as demoras inxustificadas nas obras do AVE tanto na conexión da Meseta no que o goberno xa non dá prazo de finalización, como por Cerdedo, que temos que esperar tres anos máis para saber o que todo o mundo sabe, menos o goberno central, que Galicia é a terra da auga e do granito. Xa dixo Ábalos que tres anos de espera e logo xa se verá.

Mentres tanto, a estación de Urzáiz é unha magnífica realidade impulsada e posta en marcha por un goberno popular, que tamén adxudicou o centro de Vialia e constrúe a estación intermodal a carón da ferroviaria. Estación ésta que se fixo subterránea e pasante para facer a saída sur por ferrocarril da cidade da que nada sabemos nos últimos 16 meses.

Demoras acumula tamén o Convenio co Ministerio de Fomento para a Avenida de Madrid, que se asinou no 2016 e que volve de novo a asinarse para que na foto saia o PSOE. Pouca presa se deron: tardaron 15 meses en asinalo, a última semana de setembro coincidindo coa convocatoria de eleccións.

A situación de completa parálise do investimento do estado na cidade é xa coñecida pola cidadanía e tamén son sobradamente coñecidos o silencio e ocultación do goberno local dos castigos a Vigo do goberno central, dos que son bos exemplos o rexeitamento da conexión da industria viguesa á moi alta tensión que causa constantes caídas de tensión nas fábricas e perdas na produción logo de tela prometido o Alcalde antes das eleccións.

No ámbito industrial o goberno central é unha praga. Non só pola negativa a conexión eléctrica da que xa falamos e que evitaría as continuas interrupcións e cortes ás fábricas, se non tamén polo empeño do Ministerio de Transición ecolóxica en ir contra a industria do automóbil con iniciativas como o imposto ao diésel que é absurdo tratándose España do segundo fabricante de automóviles de Europa logo de Alemaña, que por suposto non ten intención algunha de implantar semellante medida. Haberá que recordar que sendo España o segundo fabricante de Europa, a planta que máis automóviles produce de España está en Vigo.

Abandono tamén medioambiental. Mil veces se anunciou antes da campaña e despois dela a inmediata construción, implantación, do paseo litoral de Samil a Bouzas. Agora sabemos que non hai nin proxecto para a concesión. Os veciños e Veciñas de Bouzas seguen mirando o valado da vergoña.

Porén, se nos venden como éxitos cousas de tal calibre como a rampla da Praia da Mourisca (que mide apenas 10 metros e está como estaba) a Conexión do Paseo de Alfonso XIII (que está en Cartagena) o nomeamento do Delegado do Estado na Zona Franca (que xa tiña Delegada, o posto non estaba vacante nin a Zona Franca inactiva, non como agora) ou o do propio Alcalde como Presidente da FEMP (que xa o era cando gobernaba o PP en Madrid) .

Tamén destaca o goberno a reparación da muralla do Castro, obra de enorme dificultade técnica e contía tan elevada que precisa da intervención decidida do Estado, e sen dúbida tan necesaria como o propio mantemento dos xardíns do parque ou das vías que o atravesan, nos que xa hai importantes problemas para encontrar praza de aparcamento, que é no que o Concello ten convertido o Castro: de ser o pulmón da cidade a estar abandonado e terse convertido e no aparcamento ao aire libre e gratuíto máis grande de Galicia e do Norte de Portugal: se quitan prazas das rúas e se meten no castro.

Canto máis intenso é o desprezo do goberno central a Vigo, máis se esforza o goberno local en ocultalo. Hai que recordar que as medidas que Vigo precisa non son estudos, proxectos nin anuncios. Precisa de investimentos e precisamente pola irresponsabilidade dunha convocatoria electoral non os houbo no 2019 e non os haberá ata ben entrado o 2020.

Outro incumprimento clamoroso do goberno con Vigo é o dos viaxes do IMSERSO. É preciso denunciar unha vez mais o éxodo diario e multitudinario dos xubilados e xubiladas viguesas que terán que desprazarse a Pontevedra para coller o bus que o IMSERSO lle nega despois de negarlle vós a Peinador, que xa é o aeroporto que máis viaxeiros perde de toda España e Vigo a cidade galega con aeroporto con menos estadias con noite durante todo o verán incluíndo setembro pese a ser o único aeródromo do Sur de Galicia

A peitción do Partido Popular as licitacións do IMSERSO permiten que cando existan máis de dez usuarios de vigo para un voo fóra da cidade, deberá poñerse a disposición deles un autobús directo ao aeroporto. Pero agora mesmo as persoas usuarias de viaxes do Imsero da provincia de Pontevedra non teñen a opción de solicitar autobús dende Vigo para desprazarse a outros aeroportos.

Polo que propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao Instituto de Maiores e de Servizos Sociais (IMSERSO) a:

- Que permita ás persoas usuarias da provincia con voos fóra dela a opción de traslado dende Vigo e non só dende Pontevedra e que contrate autobuses de Vigo directos a Lavacolla e Alvedro para que as persoas usuarias que se teñan que desprazar a outros aeroportos o fagan tamén directamente dende a nosa cidade.

Instar ao Goberno Local:

- A que en tanto o IMSERSO non o faga, facilite autobuses directamente a Alvedro e Lavacolla reclamándolle posteriormente o custo ao IMSERSO.

- A deixar de enganar ás veciñas e veciños de Vigo facendo pasar por investimentos do goberno central o que non son máis que anuncios, proxectos, incumprimentos ou realidades impulsadas e adxudicadas polo goberno de Mariano Rajoy.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Reclamamos efectivamente que se poñan eses autobuses, o Alcalde xa o anuncia hoxe, fainos caso, entendo que van a votar a favor da moción porque efectivamente no prego actual do IMSERSO xa figura que efectivamente teñen que poñer a disposición dos usuarios que saian de Vigo, iso xa figura o que pasa que o IMSERSO no o cumpría porque resulta que cando un usuario/a, unha persoa quere facer unha viaxe a opción que se lle da é saír dende Pontevedra e nós o que lle pedimos é que a opción que se lle dea non só aos veciños/as de Vigo senón aos de toda a provincia porque ao mellor os veciños do sur da provincia quere saír tamén dende Vigo en autobús e non queren saír dende Pontevedra, queremos que se lle dea efectivamente esa facilidade que ata agora non se fai e estaba no prego, e sabe porque estaba no prego? Porque o pediu o goberno do Partido Popular e se fixo o prego así, foi un goberno socialista o que non cumpriu o prego, o que está permitindo que os usuarios/as cando acoden a unha axencia de viaxes só teñan como opción por defecto Pontevedra, pero por que? Así nunca van a conseguir as 10 persoas por viaxe, se non se lles da opción, hai que activalo, nese sentido estou seguro que o goberno me vai apoiar porque o Alcalde xa dixo e o IMSERSO tamén o dixo porque eu efectivamente nunha rolda de prensa e anúncienlo en redes sociais e ao IMSERSO lle gusta, entón estou seguro que o IMSERSO vaino facer, non o dubido pero é o que fará o goberno porque do demais, do goberno non se espera nada, levamos 16 meses de goberno en Madrid sen inactividade e como xa dixen aquí sen orzamentos, estamos toda a sesión falando dos orzamentos do Concello, da Xunta de Galicia, das partidas xenéricas, si, si, si, pero dos orzamentos do Estado non falamos porque non hai nin haberá, e cando houbo neste goberno do Sr. Sánchez un orzamento enriba da mesa, metíalle un taxado a Galicia de 700 millóns de euros, que si rápido, menos mal que non se aprobou, é mellor ter o outro prorrogado aínda que non se prorrogue os investimentos e iso é un exemplo clamoroso do que significa para unha cidade deste tamaño a máis importe de Galicia que o Estado non faga investimentos aquí, fai anuncios, efectivamente, cal é o AVE a Vigo? O AVE a Vigo é o AVE por Cerdedo, ese é o AVE a Vigo si, pois mire o que lle digo, conexión de Galicia coa meseta nin está

nin se lle espera porque xa dixo o Sr. Ábalos que vai con atraso, para o 2022, a ver se para entón está rematado o estudo hidroxcolóxico, este que publicaron no BOE, ademais moi pudorosamente puxeron 36 meses, que pudoroso, meses, son tres anos, pero mire unha cousa, o Sr. Ábalos dixo “y cuando este ese estudo ya se verá” claro xa se verá, co cal non o garantiu, situación de completa parálise, ademais alégrome que estea vostede aquí, porque tiña vostede asinado un convenio coa Ministra a Sra. Pastor no ano 2016, e nos decatamos que pouco antes da convocatoria electoral asina outro co novo ministro, en plena precampaña, onde está? Pero xa podería estar adxudicada a Avenida de Madrid, Sr. Alcalde e podería modificar o crédito e ampliála, esperou ata que un ministro socialista lla asinase porque non quería firma, podería ter executado outro e logo ampliar o crédito como fixemos hoxe aquí coas ampliacións de crédito, non quixo pero porque o compromiso do goberno non vale, verdade, porque se o goberno lle di que vai a investir non lle vale ao goberno de Madrid, estou a falar do Ministerio de Madrid, o acaba de dicir vostede, asinou un convenio co Ministerio por 10 millóns de euros porque non se fiaba, iso é o que dixo que o escoitamos todos, non se fiaba e fai moi ben en non fiarse porque é un tras outro incumprimento, subestación de Balaídos, conexión a moi alta tensión, Sr. Alcalde denegada, a que foi vostede a Madrid? Vostede foi a Madrid en febreiro do 2019, dixo que falara co Ministra de Transición Ecolóxica, secretaria de Estado de Enerxía e que lle dixo?

PRESIDENCIA: O seu tempo xa pasou.

SR. MARNOTES GÓNZALEZ: Igual o que pasou foi o tempo de vostede.

PRESIDENCIA: Non o meu tempo con 20 concelleiros e 70% dos votos, mal non vai.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Comezar por agradecer a inmensa xenerosidade do Alcalde de permitirnos gozar coa súa presenza na sesión plenaria e que polo tanto estea a disposición de escoitar.

PRESIDENCIA: Agradézollo moito, porque eu traballo moito.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Todos e todas.

PRESIDENCIA: Algúns máis e outros menos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En todo caso entrando xa na cuestión, dende logo falábamnos antes do pin-pan-pun permanente eu podo entender dentro da estratexia electoral do partido Socialista que sabe que o seu principal activo electoral en Vigo non é o Sr. Caballero, é o Sr. Feijóo que insista nesa dinámica, o que é incomprendible efectivamente é a posición que mantén o Partido Popular que parece máis instalado nun permanente haraquiri de autosuicidio que dicía aquel que noutra cuestión. A moción que nos trae o Partido Popular, con todo o respecto, raia no psicodélico e máis unha moción omnibus e dende logo hai punto aí, o terceiro acordo, que efectivamente non só pola súa redacción senón polo obxecto pois retrata. Nós dende o Bloque Nacionalista Galego propoñemos unha emenda á moción do Partido Popular para entrar no asunto que realmente é importante que é que se demande no IMSERSO que nas próximas convocatorias de viaxes a licitación inclúa un maior número de voos dende o Aeroporto de Peinador que atenda como mínimo á demanda das persoas beneficiarias que viaxa dende a cidade de Vigo e a súa área, nós non nos conformamos que se poña autobuses, nós queremos que viaxen tamén, que voen dende o Aeroporto da cidade que é o Aeroporto de Peinador esa é nosa posición, do demais dende logo, lamentar que nunha cuestión que efectivamente debera motivar un maior sentido da responsabilidade, un maior rigor que aquí efectivamente en vez de demandar o que é substancial pois acabemos propoñendo pouco menos, propoñendo que o Concello de Vigo pague o que non lle corresponde e que frete autobuses como se isto fora unha axencia de viaxes, o que hai que reclamar é que o IMSERSO deixe de ignorar ao Aeroporto de Peinador e que dende logo se poida voar dende aquí.

SR. PÉREZ CORREA: Eu declárome fan desta moción, moi fan desta moción porque incluso debería estar visible nalgũa web do concello porque comeza falando da inactividade do Sr. Sánchez, do AVE á meseta, da Estación Intermodal, da Avenida de Madrid, da liña de alta tensión, das axudas á industria do automóbil, do paseo de Samil e Bouzas, do acceso á praia da Mourisca, da muralla do Castro e unha moción sobre o IMSERSO, o cal cando menos, está ben sobre todo cando estamos limitados por un regulamento restritivo que utilicemos as mocións como testamento vital ou incluso para se queremos como unha epístola amorosa, pero está ben que as mocións xustifiquen o que logo son os acordos porque senon vai a ser moi difícil saber que se quere dicir, e o

que se quere dicir pois é basicamente o que historicamente é o IMSERSO, está moi ben, podemos dicir que é un instrumento para que a xente maior, os pensionistas teñan ocio pero instrumento de demagogia política permanente utilizase moitas veces como instrumento limitante do que debería ser verdadeiramente que é o ocio dos maiores e as persoas maiores sobre todo do que ten que ver, porque non só é Torremolinos, non é só esas cuestións que se ven senón que os programas análogos que teñen outras administracións, incluso noutros países funciona perfectamente como instrumentos de valorizar o que é a vida dos nosos xubilados unha vez que alcanzan esa desexada xubilación e polo tanto merecen un pouco de respecto cando se xoga con eles, estamos a falar de persoas maiores, estamos a falar de mobilidade, moitas veces dunha cousa que para unha persoa maior é bastante dificultosa como e coller un avión e nós aínda por enriba xogamos co tema dos autobuses, con demagogia pensando que podemos movelos como masas inxentes, estamos a falar de persoas que requiren un pouco de tratamento rigoroso e ademais me parece increíble que o Partido Popular propoña unha moción ao tema da mobilidade interurbana, cando é unha competencia exclusivamente autonómica, o Concello de Vigo non ten competencias en mover persoas fora do seu termo municipal e en todo caso se houbera un transporte metropolitano e aquí as culpabilidades son varias ou incluso se puidera convenir entre administracións pois sería moito máis fácil e está claro, a min gustaríame saber os estudos de mobilidade que tanto o goberno do Estado ou a Xunta de Galicia cando estamos falando de persoas maiores, dos tempos, do que supón un traslado en autobús para unha persoa maior, do que supón falar alegremente do Aeroporto de Lavacolla, do aeroporto de Vigo cando é bastante ridículo tendo un aeroporto en Vigo non empregalo para que precisamente eses viaxes se garanten e sobre todo por unha cousa que a min me fastidia especialmente porque hai persoas con recursos moi limitados que para eles o único momento de ocio do ano van a ser esas viaxes e hai problemas de xestión non IMSERSO moito máis graves como é a batalla permanente entre as empresas que licitan para levar adiante os temas dos viaxes, hai moita xente maior que o único momento de ocio que teñen é este porque se encargan dos nosos fillos porque son os nosos avós e creo que debería de ser un pouco máis serio o tratamento que se fai desta cuestión. Non estamos de acordo con isto, con se inste ao goberno local, como que instar ao goberno local nunha cuestión como se o goberno local fora un apéndice do goberno do Estado, non é así, entre o goberno do Estado e o goberno do Concello de Vigo hai unha cousa que se chama Xunta de Galicia

que ten responsabilidade na mobilidade interurbana, se fora dentro do termo municipal de Vigo eu diría que o Concello de Vigo a través das súas competencias en materia de transporte público, axudar a que a xente maior puidera ir a Peinador sen necesidade de coller un taxi sen ir cargado con maletas, buscaríamos un mecanismo pero aquí se está poñendo enriba da mesa salvo que se queira falar do resto que son as oito ou nove cousas que se poñen na exposición de motivos e que logo non se pon no acordo. Como é a mobilidade no conxunto doutros territorios, como é a mobilidade en Barcelona? Pois teñen un transporte interurbano, teñen unha área metropolitana que seguramente pode convenir viaxes para que a xente pois chegue ao aeroporto do Prat segundo nin tipo de problemas, porque nós temos algún tipo de gen que nos impide chegar a acordos en materia de mobilidade e transporte máis alá do termo municipal de Vigo e iso é o que hai que poñer enriba da mesa, é a cuestión dos voos por suposto, temos un aeroporto que pode ser que declare eses voos como un obrigado servizo público, xa o dixemos moitas veces por que non? Sabemolo ademais que forma parte do ocio de moita xente maior que vai a ser o seu único momento de ocio e a súa oportunidade, e incluso algún deles que estiveron moitos anos traballando e que nunca viaxaron e que a primeira vez que viaxan é a través destes programas, polo tanto, dignifiquemos un pouco tamén aos nosos maiores de deixemos de utilizalos como moeda de cambio electoral.

SR. LÓPEZ FONT: Curioso formato o desta moción, é verdade falando do IMSERSO para acabar falando do Sr. Rajoy, por medio falar só do goberno central, non é o seu día Sr. Marnotes, porque fíxese senón é o seu día que lle agradezo esta moción, agradézolla ademais dunha forma moi sincera porque fíxese vaime permitir falar de todo o que desbloqueou o Sr. Sánchez para esta cidade en moi poucos meses e claro tendo en conta o tempo no que estamos que eu teña a oportunidade, que nós teñamos a oportunidade de poñer en valor o que fixo o Sr. Sánchez pois é certamente de agradecer que haxa presentado esta moción, antes falaba de electoralismo e non se debeu de mirar vostede ao espello. Mire, o Sr. Sánchez é o presidente que máis fixo por Vigo na democracia e isto que pode parecer fácil dicilo a continuación nesta larga lista de 26 temas que teño que só me deu tempo de chegar ata o 26, voullo explicar con detalle, AVE por Cerdedo desbloqueado e desbloqueado por este documento do estudo hidroxoloxico este documento é de febreiro deste ano, a Ministra a Sra. Pastor foi Ministra de Fomento dende o 2011 ata 2016, imaxínese que no 2011 encargara este estudo hidroxoloxico, estariamos en obras no tramo Vigo-Madrid por Cerdedo, esta é primeira vez que figura o

tramo Ourense-Cerdedo, sigo, estación do AVE tamén desbloqueada, acceso á autoestrada, Paseo Alfonso XIII, auga, solución ao abastecemento de auga nesta cidade, preguntaban antes por papeis e facían moita festa con esta historia, aquí teñen o convenio asinado que se titula “para a mellora da garantía do abastecemento da zona sur de Pontevedra”, isto polo goberno do Sr. Rajoy foi negado sistematicamente, e esta é a solución ao principal problema que ten esta cidade; biblioteca de Teis non se acorda que o Goberno do Sr. Rajoy lle dixo ao Alcalde que non, que en todo caso habería que pagar, Biblioteca do Estado, non se acorda que foi o Sr. Rajoy a Madrid a intentar boicotear o edificio e a ubicación, non se lembra? Vostede que presumía da hemeroteca. Avenida de Madrid, tanto que fala da Avenida de Madrid, claro que hai un convenio, outro documento Sr. Marnotes, por suposto que se fixo unha adenda e que se asinou outro convenio porque hai catro millóns máis e porque a Avenida de Madrid vai a estar moito mellor que co anterior convenio e polo tanto merecía á pena. Muralla do Castro, que oín algún comentario antes un pouco intentando ridiculizar a situación, outro Boletín Oficial do Estado pero outro Boletín Oficial do Estado titulado “para a recuperación e posta e valor da Muralla do Castro en Vigo”, non están de acordo con isto? Non lles parece que é unha actuación absolutamente inmellorable por parte do goberno do Sr. Sánchez para esta cidade? Autovía en túnel a Porriño, outra cuestión que podería ter feito a Sra. Pastor como Ministra; Avenida de Buenos Aires conexión autoestrada co centro de Teis, vía verde tren, non lembran que cando nós chegamos ao goberno o tren ía a entrar pola cidade e que se conseguiu algo que permite que hoxe haxa unha vía verde por onde pasa o tren; Porto de Vigo, logro tamén do Sr. Sánchez con esta cidade, nunca o Porto de Vigo recibiu 13 millóns do goberno central e enriba parece que non ten importancia pois claro que ten importancia e este é un dos compromisos do Sr. Sánchez con esta cidade; paseo marítimo de Bouzas a Samil, espigón praia da Punta, logo me sorprenden cousas como que rampla praia da Mourisca, Museo do Mar isto estivo paralizado porque Costas pediu que se fixera un instituto arqueolóxico e está a obra dende o luns pasado; permiso para cubrir pista de tenis de Samil, xulgado do Social, se acordan vostedes da revolución esta que montaron co tema de ISFAS que si abandonábamos a 4.000 persoas desta cidade? Solucionado, podería chegar así, ten loxicamente importancia o nomeamento de Zona Franca, a colaboración da Deputación de Pontevedra e todo o que fixo o goberno do Sr. Sánchez polo tanto, o presidente que máis fixo por Vigo en democracia e o que máis

entendeu a esta cidade, eu sei que o Alcalde explica moi ben as cousas, pero dende logo o Sr. Sánchez as entendeu como ninguén, esperemos que siga sendo Presidente.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Tan mala non será a moción se o Sr. Alcalde permanece na sesión, ao contrario do que é habitual, eu llo agradezo, non será tan mala cando ademais efectivamente se nos da a oportunidade, se volven a falar outra vez do Paseo de Alfonso XIII, Sr. Font, xa lle dixen que Paseo de Alfonso XIII está en Cartagena, e o investimento do Ministerio de Fomento no paseo de Alfonso XIII é para a conexión dese paseo con unha autovía en Murcia, lle pasaron mal a chuleta, en Vigo hai o Paseo de Alfonso e a rúa de Alfonso XIII, xa llo dixen, falemos de cousas serias e non da cubrir a pista de tenis de Samil ou a rampla da praia da Mourisca, non falaron do corredor Atlántico, pero efectivamente claro que hai unha estación subterránea pasante, efectivamente claro que hai, para que? Para facer a saída sur do ferrocarril, onde está? Hai que facer un estudo hidroxeolóxico tamén aí, pois vaian licitando entón porque é obrigatorio parece ser, en cambio no túnel da autovía de Porriño aí non é obrigatorio, aí se fai xa, aí non hai nada, e está licitado? Mire, ningún dos investimentos importantes que necesita a cidade están comprometidos porque non hai orzamentos para elas, non hai nada máis que proxectos e anuncios e convenios e llo volvo a repetir, o convenio da Avenida de Madrid podería telo executado no 2016 e podería ampliar o crédito agora e non o fixo porque non se fía, se é que non se fía, como se vai a fiar se non ten orzamento o goberno de Madrid? Non se vai fiar, Vía Verde, orzamento prorrogado Sr. Alcalde, no ano 2019 o goberno do Sr. Sánchez non aprobou os orzamentos e no ano 2020, pero imos a ver, como os imos a votar se había un rexonazo para Galicia de millóns e millóns de euros Sr. Caballero, non o imos a votar. O ISFAS non pechou, non pechou porque se denunciou tamén haberá que darlle as gracias porque non peche tamén o INSS ou Tesourería, hai que darlle as gracias ao Sr. Sánchez porque non se pechen as oficinas de Vigo do goberno central, isto que é de broma, isto é unha broma e logo resulta que o triste son eu, Sr. Font, o dixo vostede, que hai que agradecer ao Sr. Sánchez que non peche o IFAS e que non peche o INSS tamén, manter abertas as institucións do Estado na cidade é unha obriga para os veciños/as da cidade, e hai que reivindicalo, non hai que ocultalo, e dito isto, hai unha moción enriba da mesa e hai dous acordos, nun se di que deixe de facer publicidade enganosa e no outro que se poñan os autobuses dende Vigo e que pague o IMSERSO como paga aos de Pontevedra, que aquí non estamos a falar do transporte metropolitano eh, que os de Pontevedra os paga. Imos a ver, vai haber ou non vai haber autobuses dende Vigo.

PRESIDENCIA: Eu ía facer unha intervención con este tema pero despois da súa intervención, vouna facer igual, miren, si é certo que o IMSERSO fixo unha asignación de vacacións inasumible dende esta cidade, absolutamente inasumible, si había feito o Partido Popular gobernando aínda máis inasumible e eu lle recriminei ao goberno de España cando estaba o Partido Popular que houbera feito esa asignación de VOX e para IMSERSO, terceira idade na cidade de Vigo, fixen o mesmo agora, volver a dicir que era inasumible pero fixen algo máis, entrei en contacto co Director Xeral que acaba de ser nomeado hai pouco tempo e falamos de todo isto e o Director Xeral me fixo unha dobre proposta, primeiro, en prazo inmediato todos aqueles grupos que saían de Vigo terán un autobús para saír de Vigo para os aeroportos que teñan que ir, segunda cuestión, proposta de forma inmediata, Barcelona ten unha demanda moi baixa, practicamente ninguén quere ir a Cataluña, quixen dicir Cataluña en conxunto, case ninguén quere ir e polo tanto, as prazas de Cataluña vanse a reasignar, o que significa reasignación dende aquí, van a intentar que os voos saían dende Vigo, terceira cuestión que falamos, non é de recibo, non debería facerse que ningún voo de IMSERSO para xente de Vigo saía dende A Coruña, porque hai 160 quilómetros, unha larga distancia e non é asumible, polo tanto, en medio prazo na seguinte licitación xa non aparecerá a posibilidade de que ninguén de Vigo teña que ir a coller o seu voo a A Coruña e segundo compromiso do Director Xeral para a seguinte licitación que para Vigo saian polo menos o mesmo número de prazas que solicitan dende a cidade, polo tanto, hai unha decisión en prazo inmediato que parte conseguida, parte que se vaia a seguir trazando e para a seguinte licitación, terá en contra e eu me encargarei de que teña ademais, porque confío que sega este goberno facendo e ocupando o espazo, facendo por tanto unha licitación de características distintas, que significa incluso visto dende o IMSERSO un maior aforro que está sucedendo? Que algúns dos voos Charter que saen están saíndo dende Santiago de Compostela e dende A Coruña e eu lle reclamo polo menos o mesmo número de voos de Charter feitos dende Vigo para a xente de Vigo, creo que iso está razoablemente enfocado minorando o dano feito neste ano tratando de resolvelo para o ano que ven. Feito este debate sometemos á votación, hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galega que non sei se aceptan. Sometemos a votación a moción do grupo Popular.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e vinteun votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.10.2019 (Rex. Nº 2216/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

19(199).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE ÁS REIVINDICACIÓNS DO ALUMNADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Que se atendan as reivindicacións do alumnado da Escola Municipal de Artes e Oficios que demandan máxima axilidade nas convocatorias, evitar a suspensión de clases, recuperar as horas lectivas perdidas e listas de contratación permanente para a substitución do profesorado.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

20(200).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á REUNIÓN SOLICITADA POLA PLATAFORMA DE AFECTADO POR IMPAGOS DO SECTOR NAVAL CO ALCALDE.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se reciba a plataforma de afectados por impagos do sector do Naval, unha plataforma de empresas afectadas polos impagos no sector que levan moito tempo solicitando unha reunión co Alcalde de Vigo.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

21(201).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE AO REQUIRIMENTO QUE SE FIXO POR PARTE DE COSTAS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta é, atendeu o goberno municipal o requirimento que se lle realizou por parte do servizo provincial de Costas á data de 8 febreiro de 2019, para poder continuar coa tramitación, agora paralizado o expediente, para a cesión do Paseo de Bouzas?

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

22(202).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE AOS CRITERIOS DE ACCESO AO ALBERGUE.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Queremos preguntar cando se nos vai remitir cal é o criterio de acceso ao albergue para aquelas persoas que si teñen algún tipo de ingresos.

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito e en detalle.

23(203).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE AOS CARGOS EN EMPRESAS ESTRANXEIRAS DA SRA. ESPINOSA.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós queremos preguntar se o goberno vai facer algunha comprobación sobre a existencia de cargos en empresas estranxeiras da Tenente de Alcalde, a Sra. Espinosa, contradicindo o que está no seu rexistro de intereses.

PRESIDENCIA: O Partido Popular tivo algúns casos notables non sei se hai forza moral para facer esa intervención.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.